

foz

O novo contrato da auga permitirá renovar infraestruturas e mellorar o servizo. **Páx. 6**

viveiro

O conflito educativo en Covas centra o debate sobre profesorado. **Páx. 8**

cervo

O Concello impulsa modernización e eficiencia enerxética en distintas parroquias. **Páx. 11**

a pontenova

Desbloquean a residencia da Pontenova coa ampliación do convenio. **Páx. 21**

trabada

O Concello traballa na recuperación de instalacións deportivas e sociais. **Páx. 26**

Mascaradas e música

Rúas e prazas encheranse de festa e diversión durante os días de Entroido con desfiles, comparsas e actividades para todos os públicos



Relevo histórico no Arco da Vella

Un novo relevo para 45 anos de historia cultural en Barreiros cun futuro prometedor. **Páx. 19**

Nova presidenta da Deputación

O primeiro pleno da presidenta Carmela López tratou tres mocións sobre Mercosur. **Páx. 27**

Os da Xunqueira



A nova asociación veciñal nace para dinamizar o barrio máis alá das festas. **Páx. 10**

AC Osorio Gutiérrez



A cultura e o folclore manteñen vivo o espírito de Lourenzá. **Páx. 22**

Club de Tiro San Roque



O presidente repasa a historia do club que se consolida como referente galego. **Páx. 29**

A pesca de baixura en alerta

Máximo Díaz, da Confraría de Celeiro, reclama cambios de fondo para protexer a frota. **Páx. 30**

FINCA CASA BARBEIRO

CATAS GUIADAS DE NUESTROS QUESOS Y MARIDAJE

Descubre el sabor desde el origen.

Plazas limitadas.

Reserva tu fecha y ven a conocernos en Finca Casa Barbeiro.

TLF: 669 96 10 89 @fincacasabarbeiro

A FONDO

O Entroido toma as rúas da Mariña

As vilas da comarca convértense durante varios días nun escenario de festa, sátira e participación veciñal



Diferentes momentos do Entroido de Foz, Lourenzá e Trabada do ano pasado

O Entroido volverá ser no inverno de 2026 un dos grandes motores sociais e festivos da Mariña. Ata case finais de febreiro os concellos despregan unha programación ampla, diversa e pensada para todas as idades, na que se mesturan tradición, participación veciñal e unha aposta decidida pola rúa como espazo de encontro. A suma de actos, desfiles, concursos e propostas gastronómicas confirma que o Entroido segue a ser unha das celebracións máis vivas do calendario local, capaz de implicar a colectivos, asociacións e administracións nun proxecto común.

En **Foz**, a programación esténdese ata o 20 de febreiro e volve situar ao municipio como un dos referentes da comarca. O xoves de comadres, o 12 de febreiro, As Farangullas converteranse no fío condutor da xornada cunha exposición no CENIMA e a posterior cea de comadres na Sala Bahía, mentres que ao día seguinte serán tamén as encargadas de dar o pregón. O 14 de febreiro está chamado a ser o día máis intenso, con comezo ás 10.00 horas, animación continua e o gran desfile da tarde, no que se repartirán máis de 8.000 euros en premios. Pola noite, a festa trasládase novamente á carpa coa actuación de D’Cano e La Bamba, mentres que a entrega de premios se realizará xa de madrugada. As entradas terán un prezo de sete euros. O domingo 15 será o día dos máis pequenos, cun baile infantil, xogos e a actuación de La Guagua, antes de pechar a xornada co Touporroutou no colexio Martínez Otero. O Entroido focense despedirase coa comitiva fúnebre e a tradicional queima.

En **Burela**, o Entroido 2026 desenvolverase entre os días 13 e 18 de febreiro cun programa que aposta

claramente pola participación e polo uso do espazo público. O eixo central será o desfile do domingo 15, que partirá da rúa do Ril e rematará na Praza da Mariña, cunha chocolatada e música DJ como peche da xornada. A dotación en premios e vales de ACIA Burela ascende a 4.000 euros, repartidos en oito categorías diferentes. A programación complétase con actividades infantís, obradoiros, pintacaras e o tradicional enterro da sardiña, que poñerá o broche final ás celebracións.

Cervo aposta por un modelo descentralizado, con tres grandes desfiles repartidos entre Cervo, San Cibrao e San Román de Vilaestrofe. O domingo 15 de febreiro, Cervo abrirá o calendario cun desfile que partirá do colexio e rematará na carpa da Praza do Souto. A Charanga Os Macanudos e DJ Conxuro encargaranse da animación, mentres que os premios consistirán en pezas de cerámica de Sargadelos e cestas con produtos.

O martes 17, San Cibrao tomará o relevo cun desfile que repartirá 2.280 euros en premios. Ademais da música e do ambiente festivo, a cita terá un marcado carácter gastronómico grazas á participación da Comisión de Festas de Lieiro, que ofrecerá chocolate e produtos típicos. O En-

troido cervense pecharase o sábado 21 en San Román de Vilaestrofe cun Entroido nocturno organizado pola Asociación Mulleres Rurais As Espalladoras.

Xove concentra a súa programación entre o venres 13 e o sábado 14 de febreiro, cunha clara aposta polo público familiar. O baile infantil do venres no Pavillón Municipal marca o inicio dun programa que culmina co gran desfile do sábado, animado pola Charanga Europa. A entrega de premios e a sesión da Disco Móbil Conxuro completan unha xornada na que se recoñecerán disfraces en múltiples categorías, así como premios especiais á orixinalidade ou á participación interxeracional.

Paralelamente, a Biblioteca Municipal promove unha nova edición do Concurso de Caretas do Entroido, dirixido á rapazada en idade escolar.

En **Ourol**, a parroquia de Bravos celebra o Entroido o domingo 15 de febreiro cunha proposta que combina festa e gastronomía. A Asociación de Veciños Irmáns Vilar Ponte organiza unha xornada que inclúe sesión vermú, xantar popular con cocido e baile da tarde. Desde a organización explican que “o Entroido tamén é sentarse á mesa e compartir”, subliñando o valor social deste tipo de

encontros.

O **Valadouro** volverá ser outro dos puntos destacados do mapa festivo o domingo 15, cun desfile que percorrerá as rúas da localidade ata o Pavillón Municipal. O Concello repartirá premios en categorías infantís e adultas, cunha dotación que vai desde os 50 euros ata os 300, ademais dun premio específico á mellor coreografía. O martes 17, o Entroido Infantil ocupará o pavillón con xogos, inchables e actividades pensadas para a rapazada.

O Entroido chega a **Mondoñedo** cun amplo programa de actividades para todos. A celebración arrinca o sábado 7 de febreiro co IV Cocido e baile “O Pasatempo” na Finca San Antonio, amenizado polo Dúo Epo-K e o Trío Merengue. O venres 13 terá lugar a tradicional Cea de Comadres no Círculo Recreativo Casino, mentres que o martes 17 será a quenda dos máis pequenos cos bailes infantís tamén no Círculo. O punto culminante das festas será o sábado 21, coa saída do gran desfile de Entroido ás 17.30 horas desde o Campo dos Paxariños ata a praza da Catedral. Na praza do Concello celebrarase un baile de disfraces e a entrega de premios, e posteriormente terá lugar o Baile de Piñata no Círculo Recreativo

Casino. Como en anos anteriores, os participantes poderán gañar ata 5.000 euros en premios, mantendo a tradición e a emoción que caracterizan o Entroido mindoniense.

O Entroido chega tamén aos máis pequenos de **A Pontenova**. O día 15 de febreiro, ás 17.00 horas, o pavillón Tito Margaride converterase nun espazo de diversión con xogos, música e baile para toda a infancia. A cita está organizada pola CIT A Pontenova, coa colaboración do Concello, que busca ofrecer unha actividade lúdica e participativa para os nenos e nenas da vila. Durante a tarde, os participantes poderán gozar de diferentes xogos e animacións musicais, nun ambiente festivo que se enmarca nas celebracións de Entroido.

En **Alfoz**, o Entroido celebrarase o luns 16 de febreiro no Pavillón Municipal, cun desfile nocturno e un concurso con categorías para todas as idades. O Concello subliña que os premios, que chegan ata os 300 euros, buscan “recoñecer a creatividade e o esforzo colectivo”, cun xurado que valorará a posta en escena e a orixinalidade.

Lourenzá pechará o seu Entroido o 22 de febreiro co tradicional Domingo de Piñata. O desfile, que sairá ás 16:30 horas, repartirá máis de 5.000 euros en premios e contará coa animación de Puzzle Animación. Desde a organización destacan que se trata dunha cita “imprescindible no calendario comarcal”, cun alto nivel de participación.

En **Riotorto** celebrarase o seu Desfile de Entroido o sábado 7 de febreiro ás 17.30 horas desde a Casa da Cultura. O Concello repartirá contías económicas en practicamente todas as modalidades, cun concurso estruturado para público infantil e

HORARIO DOS DESFILES NA MARIÑA

- Sábado 7 ás 17.30 horas - Riotorto
- Venres 13 ás 21.00 horas - Vegadeo
- Sábado 14 ás 16.30 horas - Foz
- Sábado 14 ás 16.30 horas - Xove
- Domingo 15 ás 17.00 horas - Burela
- Domingo 15 ás 18.00 horas - Cervo
- Domingo 15 ás 14.00 horas - Bravos, Ourol
- Domingo 15 ás 17.30 horas - O Valadouro
- Domingo 15 ás 17.00 horas - A Pontenova
- Luns 16 ás 21.00 horas - Alfoz
- Martes 17 ás 18.00 horas - San Cibrao
- Martes 17 ás 17.30 horas - Ribadeo
- Martes 17 - Viveiro
- Venres 20 - Barreiros
- Sábado 21 ás 22.00 horas - Vilaestrofe, Cervo
- Sábado 21 ás 17.30 horas - Mondoñedo
- Domingo 22 ás 16.30 horas - Lourenzá
- Sábado 28 ás 18.00 horas - Trabada

adulto, en categorías individuais, por parellas e en grupo, diferenciando tamén entre formacións medias e grandes. No apartado infantil, os premios alcanzan ata os 250 euros nos grupos, mentres que en adultos as agrupacións máis numerosas poderán optar a galardóns de ata 350 euros. A organización reserva tamén unha dotación específica para carrozas, charangas e comparsas, con premios que chegan aos 600 euros, recoñecendo o traballo colectivo, a posta en escena e a complexidade das propostas.

Ribadeo prepárase para vivir un Entroido espectacular con actividades para todas as idades. A celebración arrinca o martes 14 coa tradicional gala, un acto que dará o pistoletazo de saída ás festas e que reunirá aos veciños nun ambiente festivo. O martes 17 terá lugar o momento máis esperado: o Gran Desfile de Entroido, que encherá as rúas de cor, música e animación desde as 17.30 horas. Miles de participantes disfrazados percorreren o centro da vila, ofrecendo un espectáculo pensado para o disfrute de grandes e pequenos. A programación rematará o venres 21 coa Queima do Entroido ás 21.00 horas, un acto simbólico que pon o broche final ás festas e permite á cidadanía despedir a época de Entroido cun gran ambiente festivo. Ribadeo convértese así durante estas datas nun escenario de tradición, alegría e diversión para toda a comarca.

Viveiro celebrará o martes de Entroido o Concurso de Disfraces do tradicional Desfile de Entroido. O certame contará con categorías de adultos e infantil, nas que poderán participar persoas particulares, asociacións e grupos a través de modalidades como carrozas, comparsas, grupos, parellas e disfraces individuais. As inscricións estarán abertas ata o 13 de febreiro e o xurado valorará aspectos como a orixinalidade, a posta en escena e a simpatía das propostas, nun concurso que repartirá premios en metálico de ata 700

euros, ademais de axudas específicas para as carrozas.

Trabada prepara unha nova edición do seu tradicional Entroido, o derradeiro na Mariña, e que terá lugar o vindeiro 28 de febreiro ás 18.00 horas co esperado desfile polas rúas do municipio. As persoas interesadas en participar poden formalizar a súa inscrición online ata o 26 de febreiro. A programación inclúe premios para carrozas, parellas, infantís, individuais, grupos, comparsas e charangas, sumando un total de 4.115 euros en galardóns que buscan recoñecer a creatividade e o entusiasmo de todos os participantes.

O Entroido en **Barreiros** arrincará o mércores 18 coa tradicional festa infantil que terá lugar pola mañá no colexio de San Cosme, onde os máis pequenos poderán disfrutar de xogos, disfraces e animación. Xa o venres 20, a celebración continuará con intensidade co desfile de Entroido, que dará comezo ás 21.00 horas. Desde o mediodía, a Praza do Concello acollerá polbería e tardeo acompañado de DJs, creando un ambiente festivo que se prolongará despois do desfile con máis música e a entrega de premios que suman un total de 1.000 euros.

Vegadeo celebrará o seu Carnaval 2026 o venres 13 de febreiro cun completo programa festivo que inclúe un gran desfile polas rúas da vila a partir das 21.00 horas, con premios en distintas categorías como infantil, individual, parellas, grupos, carrozas e charangas, ademais dun galardón especial ao mellor disface local. As inscricións poderán realizarse online ata o día anterior ou de maneira presencial o propio venres na Piscina Municipal. A festa continuará desde as 23.00 horas no recinto feiral coa tradicional cea de Carnaval e, xa de madrugada, coa música en directo do Grupo JB Son e do DJ Alejandro Martínez, cunha celebración aberta e gratuita para todo o público.

DEREK PÉREZ - REI DO ENTROIDO DE FOZ 2026

“Sen Ruxe Ruxe, non entendería o verdadeiro espírito do Entroido”

A Sala Bahía de Foz foi testemuña da emoción do Entroido 2026 coa coroación de Derek Pérez como rei da festa. O mozo de Vilaronte, de 24 anos, logrou conquistar ao público grazas ao seu carisma, ao apoio da comparsa Ruxe Ruxe e a un traxe cheo de sentimento feito pola súa avoa.

Que sentiches ao ser proclamado rei do Entroido 2026?

Sentín moita felicidade, porque era un momento que levaba esperando desde hai anos, e tamén moitos nervios, sobre todo ao ver tanta xente mirando e apoiando. Foi unha mestura de emoción e responsabilidade que me fixo sentir moi orgulloso.

Que che deu forzas para presentarte por terceiro ano consecutivo?

O que máis me animou foi o desexo de cumprir o meu maior soño. Non me quería arrepentir ningún ano de non participar, porque cada edición é única e ofrece experiencias que non se poden repetir. Ademais, sentín que cada vez estaba máis preparado para asumir o reto.

Que importancia tivo para ti o traxe feito pola túa avoa Maruja?

O traxe ten un valor sentimental enorme. A miña avoa levábame axudando cos disfraces toda a vida, e que ela, xunto coa súa mellor amiga, se implicase desta maneira fíxome sentir especial. Non é só un traxe, é un símbolo de todo o cariño e apoio que recibo da miña familia.

Seguirá a túa avoa ligada ao deseño do vestiario do Entroido?

De momento non a carguei co tema do reinado, pero seguirá axudándome cos traxes da comparsa para os desfiles nos que non vaia na ca-



roza. Para min é fundamental ter a súa experiencia e complicidade, porque cada detalle do vestiario reflicte moito afecto e tradición familiar.

Será un traxe pensado para sorprender ou para emocionar?

Sobre todo para sorprender, porque quero que a xente goce e se quede con bo recordo, pero tamén será emocionante. Cada elemento do traxe foi pensado co corazón e coa ilusión de transmitir a maxia do Entroido.

Hai algún elemento imprescindible que non poida faltar no vestiario?

Sen dúbida, moito brillo e a ilusión coa que traballamos. Cada detalle, cada adorno, cada cor reflicte a alegría e o entusiasmo que sentimos ao participar neste evento tan importante para a nosa vila.

Que significa Ruxe Ruxe?

Ruxe Ruxe é a miña familia do entroido. Son as persoas coas que crecí e coas que levo anos disfrutando desta festa. Representan a tradición, a amizade e todo o que fai que o Entroido sexa unha experiencia única. Sen eles, nada disto

tería sentido.

Que queres achegar como rei do Entroido de Foz?

Quero transmitir moita enerxía e alegría, que a xente se divirta e se sinta parte do Entroido. Espero poder contaxiar entusiasmo e facer que todos os que participen sintan a emoción e a maxia da festa como se fose propia.

Como valoras o apoio do público durante a gala?

Foi fundamental. O apoio da veciñanza fíxome sentir respaldado e querido. Moita xente sacou tempo do seu traballo ou das súas ocupacións para vir votar ou animar, e iso marcou a diferenza. Sen eles, cumprir este soño non sería posible, polo que lles estou enormemente agradecido.

Que representa para ti o Entroido a nivel persoal?

É moito máis que unha festa: é unha forma de vida. É a miña desconexión, o meu momento de ilusión e creatividade, e unha auténtica terapia para min. Cada desfile, cada sorriso e cada aplauso fai que este espírito siga vivo ano tras ano.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

A MARIÑA

O atraso na autovía provoca choque de versións entre PP e PSOE no Senado

O atraso na construción da auto-vía da Mariña, a A-74, xerou un intenso debate no Senado entre representantes do PP e do PSOE, tras a denuncia dos primeiros sobre o incumprimento do compromiso de iniciar as obras durante o ano 2024. Os senadores lucenses do PP, José Manuel Balseiro, José Manuel Barreiro e Juan Serrano, rexistraron preguntas escritas ao Goberno central para que explique a paralización dos tramos previstos e recordaron que non hai quilómetros en execución nin infraestruturas operativas. Balseiro salientou que só se aprobou recentemente o proxecto dun subtramo entre O Carme-Foz e Barreiros e que, ademais, non se cumpriu un acordo do Senado para comezar as obras en 2025. O representante popular subliñou a importancia da A-74 como infraestrutura clave para a comarca, fronte ao elevado tráfico e os problemas recorrentes na N-642, e lamentou que nin sequera se executasen os 4 millóns de euros consignados nos Orzamentos do

Estado anteriores.

Pola súa banda, o senador socialista César Mogo acusou o PP de empregar “con descaro e ignorancia” os intereses da Mariña como ferramenta electoral, sinalando que as mocións aprobadas no Senado non teñen carácter vinculante. Mogo criticou a incoherencia dos populares, que recentemente apoiaron a variante de Viveiro, obra que considera insuficiente e sen data clara de finalización. O socialista insistiu en que a solución pasa pola construción da autovía desde Barreiros e dunha Vía de Alta Capacidade desde Xove, unha folla de ruta que, segundo explicou, defende o PSOE tanto ante o Goberno central como ante a Xunta de Galicia, fronte ao que cualificou de “uso teatral” do Senado por parte do PP.

O debate evidencia a urxencia de avanzar en proxectos de mobilidade na Mariña e o forte interese político sobre infraestruturas vitais para o desenvolvemento da comarca.

Levan aos xulgados a denuncia pola canteira da Trindade entre Mondoñedo e Lourenzá

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), coa colaboración de Mariña Patrimonio, conseguiu que a Fiscalía Provincial de Lugo trasladase ao ámbito xudicial a denuncia presentada pola actividade da canteira da Trindade, situada entre os concellos de Mondoñedo e Lourenzá. Tras a apertura de dilixencias previas, o Ministerio Fiscal acordou interpoñer denuncia ou querela ao apreciar indicios suficientes dun posible delito que require investigación xudicial. Segundo destacan as entidades denunciante, este paso supón un avance significativo, xa que permitirá analizar os feitos con maiores garantías, baixo control dun xulgado, e esclarecer tanto a actuación da empresa explotadora como o papel das administracións con competencias na materia.

Un dos eixos centrais da denuncia refírese á superficie real ocupada pola explotación. A Declaración de

Efectos Ambientais de 1997 avaliara a actividade para uns 12.100 metros cadrados, mentres que informes e medicións posteriores apuntan a que a área afectada podería superar actualmente os 120.000 metros cadrados, multiplicando por dez a extensión inicialmente autorizada. A denuncia solicita tamén investigar posibles movementos de terras fóra do perímetro permitido, afeccións a bens patrimoniais e a ámbitos protexidos, incluíndo elementos catalogados e as súas zonas de protección, así como un eventual impacto sobre vías públicas próximas á canteira.

Outro aspecto salientado céntrase nas inspeccións da administración mineira. ADEGA e Mariña Patrimonio advirten dunha posible falta de imparcialidade pola coincidencia de cargos entre responsables das inspeccións e da dirección técnica da explotación, subliñando que estas actuacións.

O mar e a historia das Carolas centraron a proposta en FITUR



A Mancomunidad de Concellos da Mariña Lucense presentou na Feira Internacional de Turismo (FITUR) a proposta “A Mariña, unha viaxe á identidade”, unha iniciativa coa que puxo o acento nun modelo turístico vencellado ao benestar, ao goce consciente do tempo e á relación histórica da comarca co mar como espazo terapéutico e vital. A acción serviu para reivindicar unha forma de entender o turismo baseada na identidade, na memoria colectiva e na conexión emocional co territorio.

O proxecto rendeu homenaxe ás coñecidas como Carolas ou Canouras, mulleres procedentes maioritariamente dos concellos do interior da provincia de Lugo que, entre finais do século XIX e boa parte do XX, acudían á costa da Mariña para tomar os tradi-

cionais baños de mar. Aquel costume, motivado en moitos casos por recomendacións médicas, asentou as bases do que hoxe se pode considerar unha forma primitiva de turismo de saúde e benestar.

Desde a Mancomunidad subliñouse que esta iniciativa supuxo unha aposta por recuperar e poñer en valor unha figura esencial da memoria da comarca, integrándoa nunha estratexia turística que afonda nas tradicións, nas persoas e na historia da Mariña. As Carolas convertéronse así nun símbolo do vello entre o territorio e o mar, entendido non só como recurso natural, senón tamén como elemento sanador.

A presentación en FITUR enmarcouse no Plan de Sostibilidade Turística na Mariña Lucense (2022-2025), que permitiu im-

pulsar proxectos orientados á diversificación da oferta, á sustentabilidade e á valorización do patrimonio material e inmaterial do xeodestino. Profesionais do sector, medios especializados e turoperadores coñeceron de primeira man esta acción e o conxunto de iniciativas en marcha.

O acto oficial celebrouse no stand de Galicia, no pavillón 9 de IFEMA, e estivo conducido pola presidenta da Mancomunidad, Rocío López. Ademais, a entidade mantivo unha intensa axenda de encontros profesionais, co obxectivo de promover sinerxías e dar a coñecer os activos turísticos da Mariña. A presenza en FITUR completouse cun espazo informativo propio, reforzando a visibilidade da comarca como destino sostible e experiencial.

A Mariña brilla no concurso de debuxo de Nadal de Begonte

O xurado do L Certame de Debuxo Infantil sobre o Nadal reuniuse o pasado 5 de xaneiro de 2026 en Begonte para deliberar e emitir o fallo desta edición, unha das citas culturais máis consolidadas do Nadal no municipio. O xurado estivo composto por Sonia Varela García, en representación do Concello de Begonte, e Alba Bermúdez Suárez, da Comisión de Cultura do Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade organizadora do certame.

Tras a avaliación dos traballos presentados, e por unanimidade, acordouse conceder os premios nas distintas categorías establecidas.

Na categoría A, dirixida ao alumnado ata 3º curso de Educación

Primaria, foron recoñecidos con primeiro premio Ángel Rouco Reboredo, de 2º de EP do CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño de Begonte, e Jara García Fernández, de 2º de EP do CEIP Plurilingüe de Foz nº1. Os segundos premios recaeron en Mariña Fernández Vázquez, de 1º de EP do CEIP Celso Currás de Trabada; Dafne Sanmiguel Garrido, de Educación Infantil de Guitiriz; e Sabela Nogueira Pereira, de 5 anos.

Na categoría B, correspondente ao alumnado de 4º a 6º de Educación Primaria, os primeiros premios foron para Daniela Fra Cancio, de 9 anos, do CEIP Cantel de Foz, e Edgar Fernández Castro, de 6º de EP do CEIP Antonio Insua Bermúdez de Vilalba. Os segundos premios

foron concedidos a Moraima Liñeira Vázquez, de 9 anos e 4º de EP do CEIP Cantel de Foz; Fátima Maskow, de 4º de EP do CEIP Plurilingüe de Muimenta; e Luca Florin Gheorghe, de 6º de EP do CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño.

Na categoría C, destinada ao alumnado de 1º a 4º curso de Educación Secundaria Obrigatoria, os primeiros premios recaeron en Marcos Cabada Dopico, de 3º de ESO do IES Vilar Ponte de Viveiro, e Zaira Pérez Rodríguez, de 2º de ESO do mesmo centro. Os segundos premios foron para Sara López Eijo, de 15 anos, do IES Vilar Ponte; Aroa Pita Rodríguez, de 3º de ESO do IES Illa de Sarón de Xove; e Marcos Mariño Ferreira, tamén de 3º de ESO do IES Illa de Sarón.

Ribadeo marcará o inicio do novo Camiño do Litoral galego

Ribadeo converterase no punto de partida do novo Camiño do Litoral, unha ambiciosa ruta costeira que a Xunta de Galicia está a ultimar co obxectivo de conectar todos os municipios do litoral galego ao longo dun único trazado continuo. Este proxecto pretende vertebrar a costa desde o extremo norte ata o sur do país, ofrecendo unha nova forma de coñecer e percorrer Galicia a través do seu patrimonio natural, cultural e histórico.

A comarca da Mariña xa contaba cun itinerario sinalizado, o Camiño Natural Ruta do Cantábrico, pero a asunción da xestión da costa por parte da Xunta o pasado ano permitiu impulsar novas iniciativas como esta. O novo Camiño do Litoral aproveitará treitos xa existentes, aínda que tamén contempla a creación de conexións adicionais para garantir a continuidade do percorrido entre concellos.

A denominada Senda Litoral de



Galicia preséntase como algo máis ca un simple camiño. Trátase dun proxecto estratéxico que busca recoñecer, protexer e reforzar o vínculo da cidadanía coa súa costa. O itinerario terá unha lonxitude total de 1.365 quilómetros, estruturados en 52 etapas, e discurrirá desde Ribadeo ata a Ponte da Amizade, en Goián, seguindo a liña litoral e poñendo en valor a diversidade

paisaxística, ambiental e social do territorio.

Este novo trazado aspira a converterse nun eixo de referencia para o turismo sostible, o lecer ao aire libre e a divulgación do patrimonio costeiro galego, fortalecendo ao mesmo tempo a identidade das comunidades locais que viven de cara ao mar.

A Xunta adxudicará a primeira fase do abastecemento de auga entre Ribadeo e Trabada



A Xunta de Galicia estima que a obra de mellora do sistema de abastecemento de auga aos concellos de Ribadeo e Trabada quedará adxudicada ao longo do primeiro semestre deste ano. Así llo trasladou a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, ao alcalde de Ribadeo, Daniel Vega, durante unha reunión celebrada esta mañá para analizar diferentes asuntos de interese municipal relacionados coas competencias autonómicas.

A actuación, promovida por Augas de Galicia, saíu a licitación pública no mes de outubro cun orzamento de case 7,5 millóns de euros e un prazo de execución previsto de 15 meses. Segundo explicou a conselleira, ao proceso presentáronse un total de 20 ofertas e a tramitación continúa segundo os prazos establecidos. De feito, recentemente procedeuse á apertura do sobre B, polo que se prevé que antes do mes de xuño exista xa unha proposta de adxudicación.

O proxecto ten como finalidade principal resolver os problemas dunha rede de abastecemento construída hai máis de catro décadas, que presenta un avanzado estado de deterioro, con avarías

e roturas frecuentes que dificultan garantir a demanda actual de auga. A intervención permitirá a execución dunha nova condución que atravesará ambos municipios e mellorará de maneira notable o subministro de auga potable, especialmente no caso de Ribadeo. O financiamento da obra correrá a cargo da Xunta nun 80 %, a través de Augas de Galicia e con cofinanciación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) 2021-2027. Pola súa banda, o Concello de Ribadeo asumirá o 20 % restante, mentres que o Concello de Trabada facilitará os terreos necesarios para a execución dos traballos.

Esta actuación insírese na liña de colaboración técnica e económica que Augas de Galicia mantén cos concellos para mellorar a xestión da auga, garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e rías e reforzar uns servizos esenciais para a cidadanía. Un compromiso que tamén se reflicte nos orzamentos autonómicos deste ano, cun incremento global e unha forte aposta polo abastecemento, o saneamento e a mellora das infraestruturas hidráulicas.

Asoporcel idea un sistema pioneiro de trazabilidade para o Porco Celta

A Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (Asoporcel) implementa un innovador sistema de trazabilidade dixital que permitirá que todas as canles e cabezas de Porco Celta incorporen un código QR intelixente na etiquetaxe. Grazas a este código, o consumidor poderá acceder a información completa sobre o animal e o seu proceso de produción, incluíndo número de precinto, sexo e idade, data de sacrificio, granxa de procedencia, matadoiro, industria transformadora, técnico

responsable e peso da canle. Toda a información está certificada dixitalmente e vinculada a blockchain, garantindo transparencia e inviolabilidade dos datos.

Segundo Asoporcel, este sistema reforza a confianza do consumidor, promove o benestar animal, valoriza o traballo dos gandeiros e contribúe á sustentabilidade do sector. A iniciativa tamén favorece a modernización e dixitalización da gandería galega, aumentando a competitividade das explotacións e facilitan-

do a adaptación aos obxectivos da nova PAC.

O proxecto nace dentro dun grupo operativo AEI co financiamento do Feader no marco do PEPAC 2023-2027 e está aliñado coa estratexia europea Farm to Fork, orientada a unha cadea alimentaria máis sostible e transparente. A primeira proba realizouse en outubro e o sistema estará totalmente operativo en 2026, contando coa colaboración da área de Medio Rural, Mar e Mocidade da Deputación de Lugo.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

A Biblioteca Pública pecha temporalmente ao público



O Concello de Foz informou de que a Biblioteca Pública permanecerá pechada ao público durante os vindeiros días como consecuencia das obras de arranxo que se están a levar a cabo nas instalacións. Esta intervención forma parte dun proceso de mellora do espazo, co obxectivo de optimizar as condicións de uso e confort para a cidadanía. Segundo comunicou o goberno municipal, os traballos poden provocar ruidos que afecten á sala de estudos, polo que se optou por suspender temporalmente o acceso ao recinto ata novo aviso. Así mesmo, o servizo de préstamo de

libros e outros materiais bibliográficos quedará interrompido mentres duren as actuacións. Desde o Concello precisan que as devolucións de exemplares si se poderán realizar no horario habitual, co fin de facilitar que as persoas usuarias poidan cumprir cos prazos establecidos sen prexuízo. A administración local lamenta as molestias que estas obras poidan ocasionar e agradece a comprensión da veciñanza, ao tempo que se compromete a informar puntualmente de calquera novidade a través dos canais oficiais do Concello de Foz.

Paso clave para garantir a calidade da auga e a protección ambiental

O Concello de Foz formalizará nas próximas semanas o contrato para a xestión integral do ciclo da auga, que inclúe o abastecemento, o saneamento e a depuración. Así o anunciou o alcalde, Fran Cajoto, tras coñecerse a resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, que rexeitou o recurso presentado pola actual concesionaria e permitiu levantar a suspensión da adxudicación aprobada no pleno municipal do pasado mes de novembro. O servizo será asumido pola empresa Sociedad de Fomento Agrícola Castellonense, S.A. (FACSA) mediante un contrato cunha duración de 15 anos e un importe global de 29 millóns de euros, o maior acordo deste tipo asinado nunca polo Concello de Foz. Segundo explicou o rexedor, o procedemento iniciouse en decembro de 2023 e estivo acompañado da elaboración de novas ferramentas normativas, como a primeira ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento, así como do regulamento actualizado de subministración de auga e alcantarillado, publicados



en 2025. O contrato inclúe un importante paquete inversor que rolda os oito millóns de euros ao longo da súa vixencia, con actuacións destacadas como a mellora das plantas potabilizadoras de Fazouro e Cordido, a renovación da tubaxe de abastecemento en alta, a implantación da teleductura de contadores e a creación dun fondo anual para a renovación de infraestruturas. O acordo tamén permitirá introducir medidas de eficiencia enerxética e sustentabilidade,

optimizando o consumo eléctrico das instalacións e reducindo as emisións de carbono. Máis alá das cifras, Cajoto subliñou que este acordo permitirá garantir a calidade da auga, optimizar a xestión do alcantarillado, controlar os mananciais naturais e operar de forma integrada todas as depuradoras do municipio, reforzando a protección ambiental. O alcalde destacou que a modernización das infraestruturas é clave para acompañar o crecemento de Foz e mellorar a calidade de vida da veciñanza.

Foz celebrou con éxito o XVI Festival Solidario organizado por A Subela



O XVI Festival Solidario, organizado pola Agrupación Cultural e Folclórica A Subela, converteuse nun éxito en Foz, combinando música e solidariedade. Celebrado na Sala Bahía, reuniu músicos, artistas locais e público da vila, e permitiu recadar unha gran cantidade de alimentos para o Banco Municipal de Alimentos do Concello. A A Subela destacou a participación da escola de música e de Felipe, así como o apoio do Concello, das cadeas comerciais Gadis, Froiz e Eroski

Barreiros, das familias e mestres. Dende a Delegación de Servizos Sociais valoraron o esforzo da A Subela e da Aula Coral da ESMU, destacando a organización e o compromiso co Banco de Alimentos. O festival tamén fomentou a participación cidadá e a cultura local, con público numeroso que gozou dun variado repertorio musical e dunha chocolatada. Este evento consolidouse como unha cita imprescindible en Foz, demostrando que música e solidariedade van da man.

A UNED presenta unha completa programación para febreiro

A Aula Universitaria da UNED de Foz vén de dar a coñecer a súa programación formativa para o mes de febreiro, cunha proposta ampla e diversa dirixida tanto a opositores e estudantes como ao público en xeral. A oferta combina formación xurídica, aprendizaxe de idiomas, contidos ambientais e actividades orientadas ao coidado persoal, maioritariamente en modalidade en liña. Entre as accións máis destacadas atópase o curso para opositores centrado nas nocións fundamentais da Constitución Española de 1978 e da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A formación será impartida pola avogada e formadora Inés García Balseiro e desenvolverase entre o 9 e o 12 de febreiro, cunha duración total de 30 horas. No ámbito lingüístico, a Aula Universitaria ofertará un Curso de Inglés nivel A2, a cargo de Leticia



Veiga Lestegás, profesora e colaboradora habitual da UNED de Foz. A actividade terá unha duración de 30 horas en formato online e prolongarase desde o 9 de febreiro ata o 18 de maio, en horario de tarde, de 19:30 a 20:30 horas. A programación complétase cunha proposta de carácter ambiental, o Curso de Avaliación do Impacto Ambiental: Normativa, Metodoloxía e Casos Prácticos, imparti-

do polo ambientólogo José Pérez Vázquez. Esta formación, tamén en liña, desenvolverase do 10 de febreiro ao 12 de marzo e contará cun total de 38 horas lectivas. Para pechar o mes, a UNED de Foz ofrecerá o curso Corpo en Calma: Movemento para Equilibrar o teu Sistema Nervioso, conducido pola psicóloga Alba Burundarena. Esta actividade, de 10 horas de duración, impartirase en modalidade online os días 23, 24, 25 e 26 de febreiro. A coordinadora da Aula Universitaria da UNED de Foz, Marta Muíña, salientou que esta programación “responde á vontade de ofrecer unha formación diversa e de calidade, adaptada ás necesidades actuais da poboación, tanto no eido profesional como persoal”. Desde a Aula Universitaria lembran tamén que o segundo período de matrícula para os estudos universitarios da UNED no curso 2025/2026 permanecerá aberto ata o 11 de marzo.

A Asociación Cuiden Maiores denuncia a falta de atención a unha persoa no Centro de Saúde



A Asociación Cuiden Maiores e Coidadores denunciou a grave situación vivida en xaneiro no Centro de Saúde de Foz, que consideran representativa de problemas estruturais da sanidade pública galega, con especial impacto nas persoas maiores. A entidade acompañou a unha persoa de máis de 70 anos con síntomas de enfermidade aguda, que tivo que esperar máis de dúas horas e media sen ser atendida e, finalmente, informáronlle que non podería recibir asistencia, indicando alternativas pouco viables como desprazarse ao PAC de Burela ou regresar ao día seguinte.

Cuiden Maiores subliña que estes episodios vulneran o dereito á protección da saúde, deixando enfermos sen atención por motivos organizativos, e insiste en que a denuncia non vai contra o persoal sanitario, senón contra a planificación e dotación de recursos das administracións públicas. A asociación esixe unha revisión urxente dos protocolos, recursos humanos e mecanismos de protección no acceso á sanidade, lembrando que “a sanidade pública é un dereito e debe responder cando unha persoa está enferma e non pode máis”.

Foz avanza cara un espazo urbano máis humano e accesible

O Concello deu un paso importante na modernización do seu núcleo urbano coa reforma da rúa Irmandiños e da Praza de Galicia, creando espazos máis cómodos para as compras e xestións diarias, e máis seguros para familias e cativos. Segundo o alcalde, Fran Cajoto, a intervención na rúa Irmandiños é crucial para o municipio, xa que por estas beirarrúas circulan diariamente numerosos veciños que realizan compras ou trámites administrativos. “Construímos unha contorna accesible, con pasos de peóns adaptados para persoas con mobilidade reducida e beirarrúas máis amplas”, explicou o rexedor. O proxecto inclúe tamén pequenas zonas verdes e bancos, mellorando o confort e a estética do espazo urbano e fomentando o uso da rúa e a praza como lugar de encontro para a veciñanza. Na Praza de Galicia, a reforma incorporou un acceso exclusivo para residentes, garantindo que



os máis pequenos poidan xogar con tranquilidade. Ademais, mellorouse a iluminación e elimináron barreiras arquitectónicas, en liña co obxectivo do Concello de avanzar cara a un Foz sen obstáculos, pensado para o benestar e a seguridade de todos os veciños e veciñas. O proxecto reflicte o compromiso do goberno local de facer do municipio un espazo máis humano, accesible e adaptado ás necesidades da poboación.

Os Sendeiros de Foz organizan unha ruta de Entroido con cocido

O colectivo Os Sendeiros de Foz prepara para o sábado 21 de febreiro de 2026 unha nova actividade que combina exercicio ao aire libre e gastronomía tradicional. A proposta inclúe unha saída de sendeirismo seguida dun cocido na Casa do Labrego, en Bahamonde, unha cita pensada para desfrutar do Entroido nun ambiente de convivencia. A xornada arrancará cunha saída en autobús ás 11.45 horas desde Foz, con parada no Cenor Belianorte, e ás 12.00 horas desde Ferreira. Unha vez finalizada a ruta, os participantes compartirán un xantar no que o cocido será o prato protagonista. O prezo da actividade é de 53 euros para persoas socias e de 58 euros para quen se inscriba como socio temporal, incluíndo o desprazamento e o xantar. Os Sendeiros recomendan levar equipamento axeitado para a práctica do sendeirismo, aínda que se trata dunha actividade accesible, pensada para todos os públicos. As persoas interesadas poden obter máis información ou formalizar a inscrición a través dos teléfonos habilitados ou do correo electrónico da asociación.

FOZ

2026 FESTA DE INTERESE TURISTICO DE GALICIA

XLIV ENTROIDO

Do 12 ao 28 de febreiro na sala de exposicións do GENIMA. EXPOSICIÓN DE ENTROIDO este ano adicada á COMPARSA AS FARANGULLAS

Concello de Foz

SANBET AGENCIA

XUNTA DE GALICIA

ABANCA

SÁBADO 31 DE XANEIRO

12:00 h Actuación das comparsas **SIN XEITO FARANGULLAS MALOSERÁ** **BUKE BUKU TROULEIRAS** polas rúas da vila.

21:00 h Apertura de portas para a Cea de Coroación do Rei do Entroido. Actuación de **KOMBARULLO** polas rúas da vila.

22:00 h Cea de Coroación do Rei do Entroido. Na Rúa Atalaia. **COSME DEEJAY E GRUPO LOS COLEGUITAS**

XOVES 12 DE FEBREIRO. XOVES DE COMADRES

20:00 h Inauguración da exposición do Entroido de Foz adicada á **COMPARSA AS FARANGULLAS**.

21:30 h Cea-baile de Comadres na Sala Bahía de Foz. ORGANIZA AFFAMER e ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA DE FOZ. **BAILE con PRIMERA LÍNEA**

VENRES 13 DE FEBREIRO

20:00 h PREGÓN DO ENTROIDO 2026. A cargo da **COMPARSA AS FARANGULLAS**

20:30 h CONCURSO DE COPLAS na carpa situada na Rúa Atalaia.

SÁBADO 14 DE FEBREIRO

10:00 h **CHUPINAZO**.

12:00 h Actuación da charanga **SANTA COMPAÑA** polas rúas da vila.

13:00 h Apertura do graderío.

16:30 h **XLIV DESFILE DO ENTROIDO**. Máis de 8000€ en premios (ver bases). Salda desde a zona portuaria e remate no Campo da Cabana.

GRAN BAILE na carpa da Rúa Atalaia.

23:30 h Apertura de portas.

24:45 h Actuación de **GRUPO D'CANO** e **GRUPO LA BAMBA**

1:30 h ENTREGA DE PREMIOS DO DESFILE. Entrada 7€

DOMINGO 15 DE FEBREIRO. DÍA INFANTIL

12:00 h **BAILE INFANTIL** na carpa situada na Rúa Atalaia coa actuación musical infantil de **LA GURGUA** inchables, talleres e obradoiros infantís. Entrada 4€.

19:30 h Entrega dos premios infantís.

20:30 h **TOUPORROUTOU** no Salón de Actos do Colexio Martínez Otero. ORGANIZA ASOCIACIÓN POMBA DO ARDO.

LUNS 16 DE FEBREIRO. DÍA DO FAROLILLO

12:00 h **BAILE DO FAROLILLO INFANTIL** na Sala Bahía. Entrada infantil 3€ con farolillo incluído. Adultos gratis. ORGANIZA ASOCIACIÓN CULTURAL O FEITEO.

22:00 h **TRADICIONAL BAILE DO FAROLILLO** na Rúa Atalaia coa actuación da **ORQUESTA MIRAMAR** e **COSME DEEJAY**. Entrada 4€.

MARTES 17 DE FEBREIRO

12:00 h **GRAN BAILE INFANTIL** na Rúa Atalaia con inchables.

VENRES 20 DE FEBREIRO. QUEIMA DO ENTROIDO

20:30 h Salda da Comitiva Fúnebre desde o Campo da Cabana á Praza Conde de Fontao e **QUEIMA DO ENTROIDO**. Ágape para os asistentes. (Pregamos que os asistentes vaian de loito rigoroso).

FOZ

O Teatro Pastor Díaz presenta a súa programación cultural para o primeiro semestre

O Teatro Pastor Díaz de Viveiro vén de dar a coñecer a súa programación cultural para o primeiro semestre de 2026, cunha oferta escénica diversa que se estenderá desde finais de xaneiro ata o mes de abril e que aposta por espectáculos de teatro contemporáneo, comedia, montaxes familiares e propostas recoñecidas no ámbito teatral galego. A programación abrirase o sábado 31 de xaneiro coa obra O dragón de ouro, de Sarabela Teatro, unha proposta dirixida ao público adulto que aborda conflitos humanos e sociais desde unha perspectiva contemporánea. Durante o mes de febreiro, o teatro acollerá varias funcións. O sábado 7, será a quenda de tÁ, unha proposta escénica de Miraxe Teatro pensada para público infantil a partir de dous anos. O sábado 21, subírase ao escenario Berenguela na gaiola, de Galeatro, unha obra familiar que revisita personaxes históricos desde o humor e a reflexión. A programación de febreiro pecharase o sábado 28 con O proceso, unha adaptación teatral do texto de Franz Kafka realizada

por Malasombra Teatro e dirixida ao público adulto. Xa no mes de marzo, o sábado 14, representarase As palabras perdidas, de Inventi Teatro, unha montaxe orientada ao público infantil que pon o foco na linguaxe, na imaxinación e na importancia das palabras. A programación concluirá o sábado 11 de abril coa obra Tromsø, de Morraoconto, unha proposta de comedia para público adulto que combina reflexión, emoción e unha posta en escena coidada. As funcións celebraranse maioritariamente en horario de tarde-noite, con sesións adaptadas segundo o tipo de público. As entradas poderán reservarse de luns a xoves, en horario de mañá, por teléfono ou correo electrónico, así como na billeteira do teatro unha hora antes de cada función. Desde o Concello de Viveiro destacan que esta programación reforza a aposta pola cultura escénica, achegando ao público local propostas de calidade e consolidando o Teatro Pastor Díaz como un espazo de referencia cultural na comarca.

O CEIP de Covas, no foco pola falta de profesorado de apoio

As familias do CEIP Plurilingüe de Covas expresaron a súa profunda indignación polas declaracións da Xunta de Galicia durante a Comisión de Educación e Cultura do 22 de xaneiro de 2026, ao considerar que os datos ofrecidos non se axustan á realidade do centro e minimizan unha situación que cualifican de urxencia educativa. O principal foco de conflito está na dotación de profesorado especialista en apoio educativo. A Xunta indicou a existencia de dous especialistas en Audición e Linguaxe (AL) e dous e medio en Pedagogía Terapéutica (PT), cifras necesarias pero non efectivas, xa que o centro só conta con 1,5 profesionais de AL e dous de PT, sendo unha delas a directora, o que reduce en sete horas semanais a atención directa ao alumnado. As familias preguntan se este reforzo foi aprobado e non executado ou simplemente non se implementou, e alertan de que suxerir que outras docentes poidan asumir estas funcións supón un menosprezo ao traballo específico e insubstituíble de



AL e PT. Outro punto crítico son as ratios descontextualizadas. Aínda que o número de alumnado estea por debaixo dos máximos legais, o 22 % require atención educativa especial, o que aumenta a carga individualizada e leva á existencia de prazas bloqueadas. Ademais, a baixa matrícula relacionase coa falta de servizos básicos como comedor ou transporte, obrigando a moitas familias a buscar outros centros. As familias rexeitan tamén a idea de que non se produciron recortes, lembrando a perda de medio posto de AL e sete horas de PT. A solicitude de reforzo do

profesorado foi rexeitada por nove votos do PP, fronte a sete favorables do BNG e PSOE. **PECHE.** Un grupo de docentes e familias iniciou un peche reivindicativo no CEIP de Covas para reclamar melloras no ensino público e denunciar a falta de diálogo da Consellaría de Educación. A acción forma parte dunha campaña de 15 peches impulsada por CIG-Ensino e STEG en toda Galicia. Durante a protesta celébranse asembleas e actos informativos, poñendo o foco na falta de profesorado, no aumento das ratios e no incumprimento de acordos educativos.

En marcha ‘Viveiro Baila’, unha iniciativa para promover o lecer activo entre os maiores

O Concello de Viveiro vén de presentar o programa ‘Viveiro Baila’, unha nova proposta de lecer pensada especificamente para as persoas maiores, coa que se busca reforzar a convivencia, mellorar o benestar emocional e fomentar a participación social a través da música e do baile. As sesións desenvolveranse no salón de actos do Conservatorio de Viveiro e terán lugar sempre a partir das 19.00 horas, converténdose nun punto de encontro semanal no que a música en directo será a protagonista. A iniciativa arrincou o sábado 17 de xaneiro coa actuación do Dúo Dilema. A programación continuará o sábado 7 de febreiro, da man do Dúo Caramelo, e pecharase o sábado 7 de marzo cun baile amenizado polo Dúo Venus.



tivo e saudable. A música e o baile convértese así en ferramentas para combater o illamento, fortalecer as relacións sociais e dinamizar a vida comunitaria. Con esta iniciativa, Viveiro reafirma o seu compromiso cunha programación inclusiva, que aposta por unha vida social activa en todas as etapas da vida e pon en valor o papel das persoas maiores na dinámica cultural e social do municipio.

Estudantes de turismo presentan novas propostas para mellorar a oferta

A actualización da información turística na web municipal, a mellora da mobilidade e do transporte público, o reforzo da sinalización en rutas e espazos singulares, a posta en valor do patrimonio etnográfico e a creación dunha área específica para caravanas foron algúns dos proxectos turísticos presentados por un grupo de oito alumnos e alumnas da especialidade de promoción turística e atención ao visitante do Centro de Formación Profesional Ocupacional da Xunta de Galicia en Viveiro nun encontro mantido coa alcaldesa. As propostas tiveron como fío condutor a necesidade de modernizar a oferta turística de Viveiro e adaptala ás novas demandas do sector, mellorando a experiencia das persoas visitantes e tamén da propia veciñanza. O alumnado puxo especial énfase na importancia de contar cunha web municipal actualizada, con información clara sobre horarios, recursos patrimoniais e servizos, así como nunha mellor difusión dos eventos culturais e



turísticos a través de ferramentas dixitais. Outro dos ámbitos destacados foi a mobilidade, propoñendo facilitar o acceso a determinados puntos de interese mediante melloras no transporte público. Tamén se apostou por reforzar a sinalización e a interpretación de rutas e espazos de valor natural e cultural, especialmente aqueles vinculados ao patrimonio etnográfico, para facelos máis visibles e comprensibles. Entre as iniciativas presentadas

figurou igualmente o estudo da habilitación dunha zona destinada ao estacionamento de autocaravanas, tendo en conta o crecemento deste tipo de turismo. O encontro enmarcouse no proceso formativo do alumnado, que realizará o seu período de prácticas entre o 30 de abril e o 18 de xuño. Desde o Concello trasladouse a vontade de colaborar e facilitar a súa integración, ofrecéndolles unha primeira experiencia directa na xestión turística municipal.

O PSdeG impulsa proxectos e medidas para mellorar a cidade

O Grupo Municipal Socialista de Viveiro recordou esta semana que a obra de reposición de vías e servizos na avenida de Santiago-Covas, recentemente adxudicada de forma provisional, foi planificada e preparada integralmente polo goberno socialista. Segundo explican, a actuación, incluída no Plan Deputación 2025, conta con expediente, proxecto técnico e consignación orzamentaria preparados cando María Loureiro exercía como alcaldesa, antes da moción de censura que cambiou o goberno municipal. Desde o PSOE destacan que estas obras demostran planificación e xestión responsable, desmontando “o discurso de inoperancia” utilizado polos actuais responsables. Ademais, o grupo rexistrou unha moción no Concello para evitar que Viveiro quede sen cine tras o anuncio do peche da sala multicines. A iniciativa aposta por abrir canles de diálogo coa empresa propietaria e



co dono do local para manter usos culturais puntuais, como ciclos de cine en galego, infantil, familiar ou social, sen asumir a xestión dunha empresa privada. O obxectivo, subliñan, é garantir á cidadanía o acceso á cultura e preservar un espazo relevante na memoria colectiva de Viveiro.

Finalmente, os socialistas presentarán no pleno ordinario do 14 de xaneiro unha serie de rogos para mellorar a accesibilidade urbana e a seguridade viaria. Entre as solicitudes destacan o

remate do tramo de beirarrúa pendente na rúa Rego das Flores, a adopción de medidas de seguridade provisionais na estrada LU-540 entre Landrove e o límite co Concello de Ourel, e a mellora da sinalización nas incorporacións á LU-540 desde os barrios da Igrexa, Cristo, Calvario, Coto e Portociño.

Con estas iniciativas, o PSdeG insiste en que o seu obxectivo é garantir proxectos planificados, protexer os dereitos culturais da veciñanza e reforzar a seguridade nas vías do municipio.

A Foliada do Maio volverá encher Viveiro de música tradicional o 9 de maio

O Colectivo Pensamento e Sementeira de Viveiro vén de anunciar a data da III Foliada do Maio, que se celebrará o vindeiro 9 de maio de 2026. A entidade anima á veciñanza e ás persoas amantes da música tradicional a reservar xa esa xornada, que promete converterse nun punto de encontro arredor do baile, da convivencia e das raíces culturais galegas.

Desde a organización destacan que a cita nace coa vontade de crear un espazo aberto e acolledor, no que a música tradicional sexa a gran protagonista e no que non falten as ganas de participar e desfrutar. O colectivo comprométese a poñer todos os medios para ofrecer unha foliada pensada para bailar, compartir e celebrar en comunidade.

A Foliada do Maio ten como eixo central a posta en valor dos



Maíos, unha celebración propia da cultura galega que simboliza a chegada da primavera e o renacer da natureza tras o inverno. A través desta festa, Pensamento e Sementeira pretende contribuír á recuperación e difusión desta tradición en Viveiro, dándolle un novo pulo e achegándoa a novas xeracións a través da música e do encontro social.

Récord de participación no IV Concurso de Marchas Procesionais

O IV Concurso de Composición de Marchas Procesionais Blas García Liz, promovido polo Concello, a Banda de Música O Landro e a Xunta de Cofradías da Semana Santa, pechou recentemente con 29 obras presentadas por 19 compositores de 11 provincias españolas, un récord que evidencia o prestixio nacional do certame en só catro edicións. A

participación reflicte o interese pola creación contemporánea de marchas procesionais de calidade, combinando tradición, música e patrimonio.

O xurado, formado por David Rivas, Fernando Buide e David Fiuza, comezará a valoración das obras.

O concurso, grazas á colaboración estable entre Concello,

Banda e Xunta de Cofradías, consolídase como motor cultural e achega directa ao patrimonio musical e á identidade da Semana Santa de Viveiro, declarada Festa de Interese Turístico Internacional. A organización agradeceu aos participantes a súa confianza e calidade artística, que reforza a proxección cultural da vila a nivel nacional.

Carlos Núñez ofrecerá un concerto único en Viveiro

A Igrexa de San Francisco de Viveiro acollerá o vindeiro sábado 7 de marzo de 2026 o concerto de Carlos Núñez, un dos músicos galegos máis internacionais. A actuación comezará ás 20:30 horas e combinará a mestría de Núñez coa acústica do templo, creando unha experiencia sonora íntima e envolvente para o público. Este formato de concerto tan singular converte

cada recital nun encontro único entre artista e espectadores. O aforo será limitado e as entradas xa están dispoñibles. O concerto forma parte do programa de Difusión Cultural ADRAL, promovido pola Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro, que busca valorar o patrimonio histórico e artístico local mediante propostas culturais de calidade.

¿Te interesa el mundo del cuidado personal y el bienestar?

nahrin
Productos naturales de calidad suiza desde 1954

¿TE GUSTARÍA DISTRIBUIR NUESTROS PRODUCTOS NATURALES PARA LA SALUD?

TE OFRECEMOS

- Flexibilidad laboral y emprendimiento desde casa.
- Formación continuada.
- Programa de incentivos y comisiones atractivas.

Polígono Industrial Cortaficio, Calle B, Nave 4A. 33740 Tapia de Casariego.
Tel.: 619 173 496 - www.nahrin.es

RESTAURANTE A FAROLA

Jornadas del Cocido en La Farola de Foz

viernes, sábado y domingo

No te lo puedes perder

C/ MARIÑEIRO CHILA 27, BAJO • 27780 FOZ, LUGO • 982 684 106

Os da Xunqueira, un novo impulso para o barrio e a súa vida social

Un grupo de veciños impulsa cultura, música e festas para dinamizar a parroquia

Por Ana Somoza.

O barrio da Xunqueira, en Viveiro, acolle desde setembro do ano pasado unha nova aposta asociativa: a creación da Asociación Os da Xunqueira. Tal como explica a súa presidenta, Alicia García, “a anterior comisión de festas anunciaba que non ía organizar máis as actividades e todos nós, a nivel individual, xa tiñamos en mente a posibilidade de asumir o seu posto”. Foi nun día das festas, entre risas e emoción, cando os seis membros fundadores se atoparon no campo da Xunqueira e, lembra García, “bastou con que un de nós dixera ‘e si nos metemos á comisión?’ para de repente vernos encima do palco con todos os veciños aplaudíndonos”. Aquele xornada de convivencia marcou o inicio dun proxecto que ía máis aló de organizar unha festa. O vicepresidente, Juan Berdeal, engade que “á semana seguinte reunímonos coa proposta de ser a nova Comisión de Festas de Xunqueira. Pero co paso das semanas e coas incontables reunións que tivemos, decidimos que queremos ser máis que iso!”. A idea de transformar a antiga comisión nunha asociación con actividades ao longo de todo o ano foi gañando forza a medida que o grupo compartía experiencias e proxectos.

ACTIVIDADES. A Asociación Os da Xunqueira nace co obxectivo de dinamizar o barrio e poñer en valor a súa contorna, especialmente o espazo á beira do río, que consideran “impresionante” e que queren que a veciñanza desfrute plenamente. Alicia García afirma que “de momento é cedo para falar de grandes proxectos, este ano estamos iniciándonos na actividade asociativa e estamos descubrindo pouco a pouco como funciona todo”. Entre as primeiras propostas destaca unha actividade cultural relacionada coa música, pensada para o verán. “Estamos en contacto con artistas e co Concello para asegurar que saia adiante. Creemos que será un empuxón para a vida social e musical do pobo”, explica Juan Berdeal. A elaboración das festas segue a ser outro dos retos centrais da asociación. “O principal problema ao iniciar a asociación é a falta de presuposto. Queremos chegar a setembro coa tranquilidade de organizar as festas que o pobo merece. Para iso é necesario pensar en iniciativas que nos axuden a ir xerando un remanente”, engade. Ademais, a asociación traballa en propostas que combinen cultura, lecer e identidade local. “A nosa inten-

ción é que a Xunqueira non esqueza a sorte que temos de vivir aquí e que a xente se implique nas actividades”, comenta Ánxel Vizoso, tesoureiro, destacando a importancia de crear momentos de encontro e participación que fagan do barrio un lugar activo e dinámico ao longo do ano.

FINANCIAMENTO. Para poder manter as súas actividades e dar continuidade ao proxecto, Os da Xunqueira recorre a sorteos, rifas e colaboracións locais. Como explica Javier Moreno, vogal, “a nosa maneira de financiamento por agora non é outra que as iniciativas que plantexamos, todas elas moi ben acollidas”.

“Temos un espazo impresionante á beira do río e queremos sacarlle o máximo partido para que a xente non esqueza a sorte que temos de vivir aquí”



A presidenta concreta algúns exemplos: “Rematamos practicamente toda a lotería de Nadal que tiñamos. Lanzamos os Almanagues da Xunqueira, con fotos do pasado do barrio, pensando que non ían triunfar e finalmente vendimos moitos máis dos que imaxinábamos. Agora estamos coas cestas de San Valentín e de Entroido, e a venda de papeletas está a ser un éxito”. Óscar Sánchez, tamén vogal, destaca que estas iniciativas non só axudan a recadar fondos, senón que “permiten implicar á veciñanza e manter un vínculo entre a asociación e os veciños. Sen ese apoio, moitas ideas serían imposibles de levar a cabo”.

VECIÑANZA. O papel da veciñanza na consolidación da asociación é

central. A secretaria, Raquel Vizoso, apunta que “os veciños acolléronnos dunha maneira moi positiva! Recibimos moitas mensaxes de agradecemento e animándonos a seguir adiante co proxecto. Na Xunqueira somos caras coñecidas e os veciños e negocios confían en nós”. Para Ánxel Vizoso, “ao final, sempre é agradable ver como as novas xeracións toman o relevo neste tipo de actividades. Iso dá esperanza e continuidade ao movemento asociativo do barrio”. Alicia García engade que a confianza da veciñanza permite á asociación planificar con certa tranquilidade, e mesmo recibir colaboración desinteresada de negocios e comercios



ramos un montón todo o que recibimos. Cada mensaxe de ánimo, cada participación, conta e reforza o proxecto”. Ánxel Vizoso tamén reflexiona sobre a importancia de aprender a manexar os recursos e o tempo, e recalca que “o traballo nunha asociación non é só organizar festas. Hai que planificar actividades, xestionar recursos, coordinar persoas e cumprir con obrigas legais. Todo iso tamén forma parte do noso día a día”.

“Animamos a toda a xente do pobo a que participe, tanto económica como socialmente, de maneira activa, nas iniciativas das asociacións da vila”

“Para este ano 2026 os proxectos principais son a iniciativa musical do verao e a organización das festas en setembro”

FUTURO E PROXECTOS. A mirada de Os da Xunqueira está posta no futuro. Este ano, 2026, centrarán os seus esforzos na actividade musical do verán e na organización das festas de setembro. “Non podemos aventurarnos a moito máis xa que o tempo é limitado, pero queremos que cada proposta teña calidade e sentido para a veciñanza”, explica Juan Berdeal. Alicia García detalla que, para o ano que ven, se todo sae como previsto, contemplan abrirse a novas iniciativas culturais: “Valorando o éxito dos proxectos, gustaríanos xirar cara un lado máis cultural e organizar outro tipo de eventos ou iniciativas. Quizais deportes na Xunqueira ou días temáticos. Pero aínda é cedo para falar diso”.

Raquel Vizoso engade que a asociación tamén quere continuar reforzando os lazos comunitarios e implicar a máis xente nova: “O movemento asociativo é fundamental para a vida social de Viveiro. Nós tiñamos claro que este era o noso momento, o de darlle un aire novo ao barrio. Da moito traballo, pero dá máis satisfacción! Por iso animamos a toda a xente nova do pobo a que participe, tanto economicamente como socialmente, nas iniciativas das asociacións, xa que detrás delas hai un grupo de persoas traballando intensamente para poder ofrecelas”. Óscar Sánchez conclúe lembrando que a esencia de Os da Xunqueira é “manter viva a vida social, crear espazos de convivencia e fortalecer o orgullo polo noso barrio. Queremos que todos se sintan parte, que o barrio sexa dinámico e que a Xunqueira sexa un lugar onde sempre haxa actividades e ilusión”.

O PULSO DA XUNQUEIRA. Deste xeito, a Asociación Os da Xunqueira consolídase como un exemplo de iniciativa veciñal e dinamización cultural. Coas festas como eixo central, pero con proxectos que abranguen cultura, música e participación comunitaria, a asociación amosa que é posible combinar tradición e modernidade. Tal como sinalan os seus membros, “o importante é crear momentos de encontro, ilusionar á xente e ofrecer algo que todos poidamos gozar”. Ao longo destes meses, Os da Xunqueira demostrou que un grupo pequeno, pero comprometido, pode ter un impacto significativo na vida do barrio. Entre o traballo burocrático, a organización de actividades e a coordinación cos veciños, Alicia García afirma que “cada sorriso, cada aplauso, cada participación, paga máis que todo o esforzo que facemos”. A mirada está posta xa en setembro e no verán que se achega, con proxectos musicais e sociais que reforzarán o sentido de comunidade. Como sintetiza Juan Berdeal, “queremos que a Xunqueira non só celebre as festas, senón que viva o barrio ao longo de todo o ano. Ese é o noso verdadeiro obxectivo”.

Podes ler a reportaxe completa en: www.amariñaxa.com

As parroquias gañan en seguridade e sustentabilidade

O Concello de Cervo vén de completar varias actuacións orientadas a modernizar infraestruturas, aumentar a seguridade viaria e promover a eficiencia enerxética no municipio.

Na zona de Galdín, finalizouse a renovación integral do alumeadado público coa substitución de 17 luminarias antigas por luces LED de 30 watts e a instalación de dous novos puntos de luz nunha rúa anexa. Esta intervención reduciu a potencia instalada de 2.100 a 730 watts, aforrando un 65,23 % de enerxía, mellorando a luminosidade e incorporando un reloxo astronómico que regula automaticamente o acendido e apagado segundo as horas de sol. O investimento, de 39.719,84 euros, foi financiado pola Xunta de Galicia a través do Fondo de Compensación Ambiental.

No núcleo de Castelo, acondicionouse un camiño de 130 metros que dá acceso á fonte de Xan Ramos, con limpeza, preparación do firme e aplicación de rego asfáltico. A actuación



mellora a seguridade de peóns e vehículos e garante unha drenaxe adecuada para prolongar a durabilidade do camiño.

Mentres, na parroquia de Rúa, iniciouse a mellora dun tramo de viario de 3.151 metros cadrados cun investimento de 70.224 euros financiado polo Plan Único. Os traballos inclúen fresado do pavimento, aplicación de mestura bituminosa en quente, limpeza de marxes e actuación puntual na rede de saneamento de augas pluviais.

A alcaldesa, Dolores García

Caramés, supervisou as intervencións xunto ao concelleiro Adrián Arias e os pedáneos das zonas, resaltando que estas actuacións “son fundamentais para mellorar a calidade de vida da veciñanza, garantir vías máis seguras e continuar avanzando na modernización das infraestruturas do noso rural”. O Concello subliña que estes proxectos forman parte da súa estratexia de mantemento e sustentabilidade, combinando eficiencia, seguridade e funcionalidade para todos os veciños.

Cervo prepara o XIX Encontro de Palilleiras e Feira de Artesanía en San Cibrao



O Goberno local deixou practicamente pechados os preparativos para a celebración do XIX Encontro de Palilleiras e Feira de Artesanía, que terá lugar o sábado 11 de abril na carpa instalada na Praza dos Campos, en San Cibrao. A presentación oficial do evento desenvolveuse na Casa do Mar, espazo de referencia para as palilleiras de San Ciprián, e contou coa presenza da alcaldesa, Dolores García Caramés, da concelleira de Muller e Igualdade, Pilar Armada, así como dunha representación das propias artesás.

Con case dúas décadas de traxec-

toria, este encontro converteuse nunha das citas culturais máis consolidadas do municipio, coa finalidade de poñer en valor o palillado como tradición artesanal e expresión do patrimonio inmaterial. Durante a xornada, o público poderá contemplar os traballos manuais e seguir en directo o proceso de elaboración das pezas, contribuíndo á difusión dun oficio centenario.

A programación complétase cunha Feira de Artesanía e coa colaboración da asociación Mulleres de San Ciprián. A participación require inscrición previa ata completar aforo.

Convocado o Concurso de Carteis da Maruxaina 2026

A Asociación Amigos da Maruxaina convocou o Concurso de Carteis da Maruxaina 2026 para elixir a imaxe oficial dunha das festas máis representativas da Mariña lucense, declarada de Interese Turístico Galego. O certame está aberto a todas as persoas interesadas en presentar propostas creativas inspiradas na celebración, agás os membros da directiva da entidade organizadora. Os carteis deberán facer referencia á Festa da Maruxaina, que se celebrará o 8 de agosto de 2026 en San Cibrao, e incluír obrigatoriamente o texto “Maruxaina. San Cibrao, 8 de agosto de 2026. Declarada de Interese Turístico Galego”. As obras presentaranse

en formato A4, en posición vertical e en branco e negro, sen empregar sombreados e con liberdade tanto na técnica como no tipo de letra.

Os traballos deberán ser orixinais, inéditos e entregarse sen sinatura, baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre pechado cos datos persoais do autor ou autora. O prazo de presentación remata o 15 de maio de 2026 ás 14.00 horas.

O xurado estará formado pola directiva da asociación. O cartel gañador recibirá un premio de 200 euros e converterase na imaxe oficial da festa, coa entrega prevista o 7 de agosto de 2026.

O novo Punto de Encontro Familiar encara a súa apertura tras finalizar as obras

O futuro Punto de Encontro Familiar (PEF) da Mariña está a piques de converterse en realidade tras rematar as obras de acondicionamento do edificio situado en Cervo, cedido polo Concello á Xunta de Galicia. O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, visitou as instalacións xunto á alcaldesa, Dolores García, confirmando que o proxecto se atopa na súa fase final. O novo centro dará servizo aos quince concellos da comarca, desde O Vicedo

ata Ribadeo, evitando desprazamentos a Lugo para as visitas supervisadas por orde xudicial. Unha vez concluídos os traballos, o seguinte paso será a publicación do concerto social que permitirá activar a súa xestión. O PEF contará con profesionais especializados que garantirán visitas seguras en situacións de separación conflitiva, protexendo aos menores e velando polo seu benestar. A súa apertura suporá un avance relevante na atención ás familias da Mariña Lucense.

ACADEMIA
A Mariña

MANIPULADOR DE ALIMENTOS
APLICADOR FITOSANITARIOS
BIENESTAR ANIMAL
PROTOCOLOS DE ACOSO
PRERREQUISITOS -APPCC
PROTECCIÓN DE DATOS
FORMACIÓN BONIFICADA

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

A formación dos obradoiros de emprego trasládase ao CFEA Pedro Murias

Os obradoiros de emprego que desenvolven de maneira conxunta os Concellos de Ribadeo e Barreiros trasladaranse ao Centro de Formación e Experimentación Agraria (CFEA) Pedro Murias, anunciou esta mañá o alcalde ribadense, Dani Vega. Esta medida busca ampliar a oferta educativa e mellorar a incorporación ao mercado laboral de persoas desempregadas, apostando pola formación vinculada a oficios e novas oportunidades para a mocidade e persoas en paro. O CFEA Pedro Murias reúne as condicións axeitadas, cunha experiencia educativa consolidada e espazos adaptados, o que supón un salto cualitativo respecto ás anti-

gas instalacións deportivas, pouco axeitadas para a organización de horarios e clases. O traslado permitirá optimizar recursos e aproveitar locais infrautilizados, dándolles nova funcionalidade. O centro xa conta con formación regrada en ámbitos como forestal, agroecoloxía, agricultura e gandería ecolóxica, ademais de cursos non regrados, polo que a incorporación dos obradoiros de emprego reforza o seu papel como referente formativo orientado ao emprego. Vega agradeceu a colaboración da dirección do centro, do Concello de Barreiros e da Consellería do Medio Rural no desenvolvemento deste proxecto compartido.

O programa Preto de Ti amplía actividades de saúde e benestar



O Goberno local volve activar as charlas de saúde do programa Preto de Ti, reafirmando o seu compromiso coa promoción do benestar e coa prevención de enfermidades entre a veciñanza. Nesta nova edición, as sesións estarán centradas na diabetes, unha patoloxía cunha elevada incidencia, especialmente entre a poboación de maior idade, e abordaranse desde unha perspectiva práctica e accesible. As charlas teñen como finalidade achegar información clara sobre esta enfermidade, axudar a recoñecer os seus síntomas, coñecer os distintos tipos existentes e aprender pautas básicas de coidado diario que contribúan a mellorar a calidade de vida. As sesións tamén farán fincapé na importancia dun seguimento sanitario axeitado e na adopción de hábitos saudables como ferramenta clave para o control da doenza. Os encontros desenvolveranse nas escolas das parroquias. En Cedofeita celebraranse o día 5 de febreiro ás 16.15 horas, mentres que en Cinxe terán lugar o 9 de febreiro á mesma

hora. As charlas serán impartidas pola enfermeira da Área de Benestar Social, María Roel. Esta nova etapa do programa coincide coa incorporación da parroquia de Arante a Preto de Ti, unha iniciativa municipal que promove actividades de benestar, formación e convivencia nas parroquias ribadenses. Tras o parón das festas do Nadal, o programa retoma a súa actividade ampliando espazos e participantes. A concelleira de Benestar Social, Saúde e Familia, Elena Sierra, destacou a boa acollida da iniciativa, que conta actualmente con 207 persoas participantes en actividades como ximnasia, charlas sociosanitarias, manualidades, cursos formativos, obradoiros de memoria e outras propostas orientadas ao envellecemento activo e á socialización. Desde o Concello subliñan que Preto de Ti busca achegar servizos ás parroquias, reforzar os lazos comunitarios e ofrecer espazos de encontro próximos, consolidándose como un programa en constante crecemento.

A rúa Reinante entra en obras para resolver problemas estruturais

O Concello vén de iniciar as obras de mellora da rúa Reinante, unha intervención que contará cun investimento total de 89.000 euros, achegados na súa maior parte pola Xunta de Galicia e complementados con fondos municipais. Trátase dunha actuación integral que busca resolver os problemas estruturais dunha vía que presentaba un notable deterioro e que constitúe un dos principais eixos comerciais do municipio. O alcalde explicou que os traballos xa en marcha contemplan a demolición da zona central da rúa para executar un novo movemento de terras, sobre o que se aplicará formigón e un novo pavimento de lastra. Ademais, a intervención inclúe a renovación das redes de pluviais e do abastecemento de auga, co obxectivo de garantir un correcto funcionamento das infraestruturas soterradas. O rexedor subliñou a importancia de actuar de maneira completa cando se acomete unha reforma deste tipo. Segundo indicou, non abonda con renovar a superficie se non se resolven previamente as deficiencias existentes baixo o firme, xa que iso podería xerar problemas a curto prazo. Por este motivo, a actuación



na rúa Reinante abrangue tanto a parte visible como as instalacións subterráneas, desde a base ata o acabado final. Os traballos inclúen tamén a substitución do lastra existente por un novo, así como actuacións nas zonas laterais, onde se revisará e arranxará a plaqueta danada, asegurando a súa correcta fixación. Do mesmo xeito, está prevista unha mellora do equipamento urbano e do sistema de alumado público, co fin de ofrecer unha imaxe máis coitada e funcional da rúa. O rexedor destacou que esta actuación responde á necesidade de me-

llorar unha rúa con elevada afluencia peonil e comercial, cuxo estado transmitía, segundo indicou, unha sensación de abandono. Neste sentido, avanzou que a rúa Reinante é unha das primeiras intervencións nun conxunto máis amplo de actuacións previstas en vías que presentan deficiencias desde a súa execución inicial. Entre elas, mencionou outras zonas que levan tempo sen unha reforma integral, como o coñecido como canellón da zona vella, tamén denominado rúa da Paz, para o que o Concello xa está a realizar trámites cos servizos de patrimonio da Xunta de Galicia.

Controversia polo derrubamento do peche do CEIP Gregorio Sanz

A Plataforma polas nosas árbores de Ribadeo expresou a súa preocupación polo novo peche perimetral do Colexio Público Gregorio Sanz, cuxas obras comezaron recentemente. O colectivo cuestiona a necesidade dunha demolición total do muro existente, ao considerar que unha parte significativa da estrutura se atopaba en bo estado e podería terse rehabilitado, reducindo o impacto ambiental e económico da actuación. Segundo explican desde a Plataforma, máis do 60 % do peche actual conserva unha resistencia e unha función protectora adecuadas. Aseguran que tanto os piares como a base de ladrillo de dobre tabique non presentan problemas estruturais relevantes, polo que consideran que existían alternativas viables á eliminación completa do cerramento. Neste sentido, critican que non se realizase previamente un estudo técnico-económico que analizase opcións máis sostibles, como a recuperación dos elementos existen-



tes ou o emprego de materiais máis respectuosos co medio, entre eles madeira procedente de montes galegos. O colectivo tamén chama a atención sobre o novo sistema elixido, baseado en formigón e postes de plástico, que ao seu xuízo supón un maior custo en materiais e man de obra, ademais de dificultar futuras reparacións. A estas críticas súmase a preocupación polo impacto paisaxístico e pola corta de árbores rexistrada durante as obras, unha circunstancia que,

segundo denuncian, se repite noutras intervencións recentes sen unha xustificación clara nin suficiente información pública. Desde a Plataforma defenden que actuacións deste tipo deberían contar coa participación activa da comunidade educativa, implicando ao profesorado, ás familias e ao alumnado. A súa reivindicación céntrase en promover decisións baseadas no aproveitamento responsable dos recursos existentes e en garantir intervencións sostibles, eficientes e respectuosas co entorno escolar.

O BNG alerta do deterioro de servizos e infraestruturas no rural

O Bloque Nacionalista Galego de Ribadeo intensificou nos últimos días as súas críticas á xestión do goberno municipal do PP, poñendo o acento na falta de investimentos en servizos básicos, no atraso na resolución de incidencias cotiás e no abandono de infraestruturas clave no rural. As denuncias fixéronse públicas tanto no último pleno extraordinario e urxente celebrado no Concello como a través dun artigo de opinión e de novas reclamacións veciñais.

No pleno, no que se abordaron cuestións de urbanismo, ciclo da auga e expropiacións na zona ZEC das Catedrais, o BNG volveu reclamar actuacións urxentes no saneamento das parroquias. A formación nacionalista propuxo destinar 100.000 euros do Plan Deputación a obras de saneamento no rural, unha iniciativa que foi rexeitada polo PP. Segundo o BNG, esta decisión evidencia unha política continuada que deixa sen este servizo básico a unha parte significativa da veciñanza. Os nacionalistas lembran que, nos tres anos de mandato, o goberno local non destinou “nin un só euro” ao saneamento rural, unha situación que consideran inxusta e prolongada no tempo.

O equipo de goberno xustificou o seu voto en contra alegando que presentara unha emenda alternativa para solicitar un convenio extraordinario de 250.000 euros á Deputación



de Lugo, co obxectivo de non detraer fondos doutras áreas municipais. Con todo, desde o BNG insisten en que o resultado foi o rexeitamento dunha proposta concreta e viable, mantendo sen solución unha demanda histórica das parroquias. As críticas nacionalistas esténdense tamén á xestión da Praza de Abastos. Nun artigo de opinión, o BNG denunciou que o Concello tardou oito meses en reparar as portas automáticas do mercado municipal, unha avaría que afectou tanto ás pradeiras e praceiros como ás persoas usuarias. Durante ese tempo, explican, o recinto sufriu frío e correntes de aire sen que se adoptase ningunha medida, ata que a reparación chegou coincidindo co inicio do novo exercicio orzamentario. Para o BNG, este

atraso revela dificultades económicas para atender mesmo pequenas incidencias do día a día.

Por último, a formación volveu esixir unha actuación inmediata na pista do Valín, na parroquia de Ove, polo seu avanzado deterioro e polos riscos para a seguridade. O concelleiro Martín Graña lembrou que a situación foi denunciada xa en marzo de 2024 e que, case dous anos despois, non se produciu ningunha melloira, chegando ao punto de que os propios veciños sinalaron o final da vía con botellas de plástico. O BNG considera especialmente grave o abandono ao tratarse dun tramo do Camiño de Santiago e reclama unha resposta inmediata do goberno local.

Máis de trinta actividades encherán o primeiro trimestre do ano 2026

A Axenda Cultural para os meses de febreiro e marzo ofrece unha ampla variedade de propostas que abranguen desde a tradición do Entroido ata o teatro, a música, a maxia e a literatura, con actividades repartidas por distintos espazos do municipio.

O mes de febreiro arrinca o día 6, ás 20.30 horas, no Salón de actos da Casa do Mar, coa conferencia “Gaza. Un xenocidio televisado”, a cargo de Mohamed Sifa. Dous días despois, o 8 de febreiro, o Auditorio Municipal Hernán Naval acollerá a representación teatral “De algo hai que morrer”, ás 20.00 horas.

A programación continúa o 13 de febreiro, ás 17.30 horas, na Biblioteca Municipal “El Viejo Pancho”, cunha actividade infantil de narración oral titulada “Mestras de conto”, con prazas limitadas e inscrición previa. O 17 de febreiro celebrarase o Entroido, mentres que o 20 de febreiro, ás 20.30 horas, o Audito-

rio Hernán Naval será escenario do espectáculo “Mago Marcos Walde-mar”. A festa do Entroido despedirase o 21 de febreiro coa tradicional Queima do Entroido.

Xa cara ao final do mes, o 27 de febreiro, ás 20.00 horas, a Biblioteca “El Viejo Pancho” acollerá a presentación do libro “Andares”, de Luis Celeiro. O propio 28 de febreiro haberá dúas citas destacadas: ao mediodía celebrarase un xantar de confraternización conmemorativo do Día de Rosalía, con caldo de gloria, organizado pola AC Francisco Lanza, e pola noite, ás 22.00 horas, o Galineiro Vendaval acollerá o concerto de Skontra e Bestas.

No mes de marzo, a actividade cultural continúa o 6 de marzo, ás 17.30 horas, na Biblioteca “El Viejo Pancho”, cunha presentación infantil e contacontos titulada “El corazón sensible”, de Yolanda Penas Varela. Ese mesmo día, ás 20.30 horas, terá lugar a presentación do libro “Conventículo”, de Eva More-

da, tamén na biblioteca, coa participación do crítico literario Xavi Gómez.

O 8 de marzo, Ribadeo conmemorará o Día Internacional da Muller cun acto institucional no Auditorio Municipal, ás 8.00 horas, seguido do Manual de patronaxe, ás 20.00 horas. O 10 de marzo, a maxia chegará ao Auditorio Hernán Naval cos talleres de maxia co Mago Nacho, mentres que o 15 de marzo, ás 17.00 horas, representarase o espectáculo “Facendo o indio”.

A programación musical retómase o 21 de marzo, ás 20.30 horas, no Auditorio Hernán Naval, coa actuación de Carlos Blanco, e o 28 de marzo, ás 20.45 horas, coa Coral Polifónica de Ribadeo na Igrexa Parroquial. Ese mesmo día, ás 22.00 horas, o Galineiro Vendaval acollerá o concerto de Lolita de Bandas. A axenda complétase coa exposición de Carlos Prieto, que poderá visitarse na Oficina de Turismo do 30 de marzo ao 3 de abril.

A vila de Ribadeo sumará seis vivendas públicas de alugueiro no casco histórico

Ribadeo contará proximamente con seis novas vivendas públicas de alugueiro situadas no casco histórico, unha actuación que busca facilitar o acceso á vivenda, especialmente entre a poboación moza, e ao mesmo tempo recuperar inmobles emblemáticos da vila. As vivendas localizaranse nos números 2 e 4 da rúa Bispo Veres e no número 32 da rúa Trinidad, e serán rehabilitadas ao abeiro do Plan Rexurbe, cun investimento global de 2,3 millóns de euros achegados pola Xunta de Galicia. O proxecto xa se atopa publicado no perfil do contratante, polo que as empresas interesadas poden presentar as súas ofertas ata o vindeiro 19 de febreiro. Unha vez rematadas as obras, os inmobles pasarán a formar parte do parque público de vivenda en réxime de alugueiro, cun reparto de catro vi-

ventas na rúa Bispo Veres e dúas na rúa Trinidad.

O alcalde destacou a localización privilexiada das futuras vivendas, con vistas á ría e ao conxunto histórico, e subliñou que esta actuación se enmarca nunha estratexia municipal orientada a impulsar políticas activas de vivenda e dar resposta ás necesidades da veciñanza. O rexedor agradeceu tamén o apoio da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. Pola súa banda, a conselleira María Allegue explicou que as vivendas se adxudicarán en réxime de alugueiro ás persoas inscritas no rexistro municipal de demandantes, establecendo como criterio prioritario a idade, con preferencia para menores de 36 anos. O obxectivo, indicou, é revitalizar o casco histórico e favorecer a súa dinamización social e residencial.

A Ruta Cabalar Xinetes de Remourelle celebrará en maio a súa décimo terceira edición

A parroquia de Remourelle acollerá o 2 de maio a XIII Ruta Cabalar Xinetes de Remourelle, unha cita xa consolidada no calendario ecuestre da comarca. Desde a organización insisten en que o programa desta nova edición aínda non está pechado, aínda que avanza que a xornada manterá a esencia de anos anteriores, combinando actividade deportiva, convivencia e propostas de lecer para todos os públicos. Se se repite o formato habitual, a inicia-

tiva incluírá unha ruta a cabalo, con paradas pensadas para o descanso e a convivencia, así como un xantar popular que estará acompañado de animación musical. A programación completárase con diferentes opcións de lecer para o público asistente, como inchables para a rapazada, fútbolín, sorteos e agasallos ao longo da xornada. A asociación organizadora lembra que a venda de entradas será xestionada directamente pola súa directiva.

la Tienda
la de casa, la de toda la vida...

Mondoñedo: Avda. Buenos Aires, 7 - 982 521 077
 Ferreira de Valadouro: Cayado, 8 - 982 574 460
 Abadín: Avenida de Galicia, 10 - 982 508 111
 Muras: Pza. da Galeguidades, 11 - 982 500 027
 Muimenta: Avda. de Villalba, 38 - 982 504 080
 O Corgo: San Cristobal de Chamoso, 29 - 982 302 198
 Baralla: Evaristo Calderón, 85 - 982 363 049

A vila volverá unir música e solidariedade no III Concerto Benéfico Esperanza



A Casa da Cultura de Burela converterase o vindeiro sábado, 7 de febreiro, nun espazo de encontro para a música, a cultura e a solidariedade coa celebración do III Concerto Benéfico Esperanza, unha iniciativa impulsada pola Asociación Esperanza – Loita contra o Cancro. O evento dará comezo ás 20.00 horas e nace co obxectivo de sumar esforzos na concienciación e no apoio ás persoas afectadas pola enfermidade.

Baixo o lema Sumamos esperanza, a cita busca implicar á veciñanza nun proxecto colectivo que combina actuacións artísticas e compromiso social. Desde a organización destacan a importancia da colaboración cidadá e agradecen o apoio

de todas as persoas, entidades e artistas que fan posible a celebración deste concerto solidario.

O encontro pretende ser tamén unha xornada de convivencia arredor da cultura, na que a música se converte nunha ferramenta para transmitir mensaxes de ánimo, unión e responsabilidade compartida. A Asociación Esperanza anima á participación e lembra que cada asistencia contribúe a reforzar a loita contra o cancro e a manter vivas iniciativas deste carácter. Desde a organización faise un chamamento á cidadanía para encher a Casa da Cultura e demostrar, unha vez máis, que Burela responde cando se trata de apoiar causas solidarias.

O Partido Popular denuncia o atraso nas obras do cuartel

Os deputados nacionais do PP lucense, Jaime De Olano e Francisco Conde, expresaron a súa preocupación pola falta de avances no cuartel da Garda Civil de Burela, cuxa rehabilitación integral foi prometida a finais de 2021 cun investimento de 7,7 millóns de euros financiado polos fondos do Plan de Recuperación Next Generation. Segundo os populares, nestes catro anos non se realizaron actuacións significativas, malia as reiteradas peticións de información da Asociación Unificada de Gardas Cívicas (AUGC).

De Olano e Conde esixiron que se acometa a rehabilitación completa do acuartelamento, tanto interior como exterior, e que se cubran as seis prazas vacantes, mellorando así os medios humanos e materiais dispoñibles para garantir un servizo de calidade aos cidadáns. Ademais, o Grupo Popular no Congreso propón recoñecer a profesión de risco para as Forzas e Corpos de Seguridade



do Estado e revisar os procedementos de xubilación anticipada. No ámbito migratorio, os deputados lucenses cuestionaron a regularización de inmigrantes promovida polo Goberno, asegurando que se trata dunha “cortina de fume” e reivindicando un plan baseado en regras claras, cooperación internacional e control estrito das fronteiras para protexer a seguridade e evitar abusos das redes de tráfico de persoas.

A Conta Xeral e a pesca artesanal marcan o debate no último Pleno

O último Pleno da Corporación Municipal de Burela estivo marcado por un intenso debate sobre a mellora da seguridade e a calidade de vida no municipio, así como por cuestións de interese sectorial, como a pesca artesanal galega. Entre os asuntos tratados estiveron varios rogos presentados polo Grupo Municipal do PP, centrados na iluminación de pasos de peóns que permanecen á escuras durante a noite, a mellora do valado da área deportiva do parque de Rosalía de Castro, a retirada dunha sinal de dirección prohibida en A Casilla e a adaptación de certos sumidoiros para dificultar o paso de ratas.

O Goberno local respondeu que todas estas actuacións están en proceso de mellora. Respecto ao alumeado, explicaron que buscan tanto iluminar como facer accesibles os pasos de peóns durante o que resta de lexislatura. Sobre o parque de Rosalía de Castro, confirmaron que a empresa encargada realizará as correccións necesarias no valado, mentres que na Casilla destacou a diversidade de opinións entre os veciños, lembrando que a seguridade é prioritaria. En canto aos sumidoiros, indicaron que se está a buscar un formato que impida a circulación de roedores.

Outro dos puntos abordados foi o atraso na aprobación da Conta Xe-



ral do Concello, presentada tarde en 2025 e aínda sen aprobación do Consello de Contas de Galicia, o que limita o acceso a axudas e subvencións. O Goberno local atribuíu o atraso aos seis cambios no persoal da Intervención ao longo do ano pasado.

O Pleno tamén aprobou por unanimidade unha moción presentada polo portavoz do BNG, Mario Pillado, sobre as consecuencias da entrada en vigor do Regulamento de Control da Pesca da Unión Europea para a frota artesanal galega. Esta normativa, aplicada progresivamente desde o 9 de xaneiro de 2024, introduce obrigas como o diario electrónico e cámaras a bordo, aumentando a carga burocrática dunha frota xa regulada e endurecendo o réxime de sancións, con risco de afectar ás axudas do FEMPA.

O sector, especialmente na Mariña, realizou concentracións en Celeiro e Burela, reclamando un trato diferenciado que recoñeza a importancia económica e social da pesca artesanal e a súa contribución á fixación de poboación nas vilas costeiras. A moción insta á Xunta a desenvolver normas adaptadas á realidade da frota artesanal e ao Goberno central a negociar coa Comisión Europea a exclusión ou flexibilización do regulamento, a aprobación dunha moratoria e a eliminación da retroactividade das sancións. Ademais, propón que na próxima revisión da Política Pesqueira Común se diferencie claramente entre pesca artesanal e industrial, atendendo a criterios como eslora, distancia aos caladoiros, duración das mareas, tipo de artes e número de tripulantes.

O talento infantil e xuvenil destaca nos certames culturais de Nadal

O Concello, a través da Biblioteca Pública Municipal, fixo públicos os nomes das persoas premiadas no Concurso de Postais e no Certame de Poesía Infantil “Nadal 2025”, dúas propostas culturais consolidadas que se desenvolven cada ano coincidindo coas festas do Nadal e que están dirixidas á infancia e á mocidade do municipio.

No Concurso de Postais, o xurado destacou a creatividade e a orixinalidade dos traballos presentados nas distintas categorías educativas. En Educación Infantil, o primeiro premio foi para Erea Fontenla Suárez, do CEIP Vista Alegre, mentres que o segundo e terceiro recaeron en Mara Blanco Ramos, do CEIP Cervo, e Icia Arranz Varela, tamén do CEIP Vista Alegre.

Na categoría correspondente a 1º e 2º de Primaria, o primeiro premio foi concedido a Naia Fontenla Suárez,

do CEIP Vista Alegre. O segundo posto foi para Martina Cociña Lestao e o terceiro para Manuela Bruno Oliveira, ambas alumnas do CEIP Os Castros. En 3º e 4º de Primaria, o xurado outorgou o primeiro premio a Teo Domínguez García, do CEIP Vista Alegre; o segundo a Alejandro Diéguez Ruiz, do CEIP Fondo Nois; e o terceiro a Helena Turcu, do CEIP Os Castros. Finalmente, na categoría de 5º e 6º de Primaria, o primeiro premio recaeu en Pedro Cociña Lestao, mentres que o segundo e terceiro foron para Elsa Pernas Otero e Milton Gomes Martins, respectivamente, todo o alumnado pertencente ao CEIP Os Castros.

No que respecta ao Certame de Poesía Infantil “Nadal 2025”, na categoría A, destinada a nenos e nenas de ata oito anos, o primeiro premio foi para Naia Fontenla Suárez e o segundo para Lidia Ares Fernández, ambas

do CEIP Vista Alegre. Na categoría B, de nove a once anos, o xurado proclamou gañador a Teo Domínguez García, mentres que o segundo e terceiro premios foron para José M.ª García Fra e Sara López Pena, tamén do CEIP Vista Alegre.

Na categoría C, dirixida a participantes de entre doce e dezaseis anos, o primeiro premio correspondeu a Jimena García Fra, o segundo a Jaume Fernández López e o terceiro a Carlota Eimil Ramos, alumnado do IES Monte Castelo.

A concelleira de Cultura, Lina Gómez, felicitou aos premiados e a todo o alumnado participante, poñendo en valor “a creatividade e a elevada calidade dos traballos presentados” e subliñando que “este tipo de iniciativas fortalecen o compromiso do Concello coa promoción da lectura, da escrita e das expresións artísticas desde idades temperás”.

O Vencello, unha voz entre a memoria, a vixilancia e o futuro

A presidenta da asociación, Bríxida Pino, analiza máis de catro décadas de compromiso veciñal e alerta do risco de desaparición do movemento asociativo

Por Ana Somoza.

A Asociación O Vencello de Burela leva máis de corenta e cinco anos sendo unha das principais referencias do movemento veciñal na vila. Á fronte do colectivo atópase Bríxida Pino, presidenta dunha entidade que naceu coa vocación de unir á veciñanza arredor das necesidades comúns e que, co paso do tempo, se converteu nun axente crítico e vixiante do funcionamento municipal. A través da súa voz, O Vencello reivindica servizos, denuncia deficiencias e tenta manter viva unha forma de participación que, segundo advirte, está cada vez máis ameazada.

ORIXES. A historia de O Vencello remóntase a 1978, nun contexto social e institucional moi diferente ao actual. Segundo explica Pino, a asociación xurdiu “da man dun grupo de persoas moi vencelladas ao ensino”, entre as que destacaban varios mestres do entón colexio Virxe do Carme, hoxe coñecido como CEIP Os Castros. O primeiro presidente foi Aníbal Otero, tamén docente, nun momento no que Burela nin sequera era concello independente.

A presidenta lembra que o nome da asociación non foi casual. “Supoño que se escolleu polo que nos unía, pola memoria, pola vila”, apunta, explicando que o concepto de vencello facía referencia a ese lazo invisible que conectaba ás persoas coa súa parroquia. O obxectivo inicial era claro: “unir a todos os habitantes de Burela”, nun tempo no que a localidade estaba en pleno proceso de transformación.

NECESIDADES. Naqueles primeiros anos, Burela experimentaba un crecemento poboacional acelerado, ligado ao desenvolvemento económico e á actividade marítima. Ese aumento trouxo consigo novas demandas. “As preocupacións eran moi claras”, sinala Pino, lembrando reivindicacións históricas como a creación do parque ou a construción do hospital. O Vencello situouse desde o inicio “no medio de todas as inxerencias que había na vila”, actuando como intermediario entre a cidadanía e as administracións.

A asociación funcionaba como un espazo de debate e presión social nun tempo no que a participación veciñal era máis directa. “Había representantes de todos os barrios”, recorda a presidenta, destacando unha implicación cidadá que hoxe considera difícil de recuperar.

MEMORIA. Ao facer balance dos primeiros pasos do colectivo, Pino recoñece que moita da súa memoria persoal está ligada ás actas antigas da asociación. “Son unha marabilla”, afirma, describindoas como unha auténtica lección de historia local. Eses documentos recollen momentos clave para Burela, como o proceso de segregación do Concello de Cervo nos anos noventa, que marcou profundamente á entidade.

“Foi un momento moi problemático”, admite, explicando que O Vencello tivo un papel activo nun debate que xerou tensións e mobilización social. A asociación, di, sempre estivo “moi implicada no tecido social e na reivindicación dos servizos”, asumindo un rol incómodo pero necesario.

EVOLUCIÓN. Para Bríxida Pino, non hai dúbida de que O Vencello evolucionou co paso do tempo, aínda que recoñece que o contexto actual non xoga ao seu favor. “Os tempos non acompañan”, resume. A presidenta lamenta que a xente nova sexa “moi reticente a implicarse”, limitando a súa participación á expresión nas redes sociais. “Iso aquí non vale”, advirte, insistindo en que “hai que facer as cousas ben, polos canles correctos”. Na actualidade, O Vencello conta con arredor de 460 socios e socias,

lando que Burela dispón de solo suficiente para construír e mesmo para ofrecer á Xunta. As beirarrúas en mal estado, “nas que cae a xente ou nas que te salpican os coches”, son outra fonte constante de reclamacións.

Hai tamén problemas máis localizados, como o deterioro da igrexa da Vila do Medio, que preocupa á veciñanza desde hai anos. “Falamos varias veces cos partidos políticos”, explica Pino, denunciando a falta de intervención tras o esforzo realizado para recuperar o edificio, que permanecera abandonado durante tempo. Outras cuestións que chegan a O Vencello teñen que ver co cemiterio da Puída, a ausencia de alumeado de Nadal en determinadas zonas, as instalacións deportivas da Marosa, os cortes de tráfico sen aviso previo ou a falta dun técnico de Urbanismo no Concello. “Hai cousas difíciles de entender”, afirma, mencionando tamén a permanencia da cita previa implantada durante a Covid como un obstáculo para a cidadanía.

PRIORIDADES. Se tivese que sinalar tres melloras urxentes para Burela, Pino non dubida. “O primeiro é a vivenda”, asegura, subliñando que sen ela é imposible fixar poboación. Desde O Vencello reclaman que o Concello active a promoción de vivenda protexida mediante a cesión



“Expresarse nas redes sociais non chega; hai que facer as cousas polas canles correctas”

o que a converte, segundo destaca Pino, “na asociación con máis afiliación da vila”. Aínda así, o perfil maioritario é de persoas adultas, cunha escasa renovación xeracional que preocupa seriamente á directiva.

VIXILANCIA. Un dos trazos que define ao colectivo é a súa actitude vixiante respecto ao estado do municipio. As queixas que chegan á asociación son variadas e recorrentes. “O tema do aparcamento é unha das preocupacións máis continuadas”, explica Pino, aínda que recoñece que se trata dun problema común a moitos concellos. A vivenda é outro dos grandes eixos de preocupación. “É un tema que preocupa moito”, afirma, sina-

do solo municipal, especialmente en zonas como Torrentes. Segundo denuncian, “despois de 20 anos da aprobación da unidade urbanística, a zona segue nun limbo legal”. A segunda prioridade é a información municipal. “É un servizo esencial para a cidadanía”, afirma, reclamando máis persoal técnico e mellor atención. A terceira é a creación de aparcadoiros, unha demanda recorrente que consideran clave para mellorar a mobilidade.

CANLES. A asociación mantén un funcionamento clásico, afastado das dinámicas dixitais. “Sempre empregamos as canles verbais”, explica Pino. As persoas achegan as súas queixas “pola rúa, por teléfono ou nas xuntanzas”. O Ven-



cello non ten redes sociais e, unha vez recollidas as demandas, estas trasládanse ao Concello a través do Rexistro oficial.

Sobre o estado xeral do municipio, a presidenta considera que “hai cantidade de cousas que se poderían mellorar”, especialmente tendo en conta que se trata de cartos públicos. “Hai preocupacións que levan paralizadas no tempo”, lamenta, denunciando a falta de

“As actas antigas da asociación son unha marabilla, son unha lección de historia de Burela”

resposta por parte das administracións. A relación co Concello non é sinxela. “Moitas veces é como ter un muro diante”, resume. O sentimento de non ser escoitados é recorrente. “Mandamos documentos e preguntas e non contestan”, explica, recoñecendo que o silencio administrativo é legal, “pero non está ben”.

ACTIVIDADES. Máis alá da reivindicación, O Vencello desenvolveu varias actividades culturais e divulgativas nos últimos anos. En 2018 organizou unha mostra sobre os cen anos da escola pública en Burela. En setembro de 2024, a asociación impulsou unha exposición sobre as escolas de indianos, consideradas os primeiros edificios pú-

blicos de ensino da vila. “Gastamos un montón de cartos, pero valeu a pena”, afirma Pino, orgullosa dunha mostra que tivo “unha aceptación plena”. A asociación traballou nun proxecto para recrear unha aula tradicional coa colaboración do Museo Pedagóxico de Galicia e na organización dunha mesa redonda sobre as escolas indianas. O Vencello tamén participou nos actos do centenario da Confraría de Pescadores e organizou charlas sobre cambios catastrais ou urbanismo, mantendo unha actividade constante malia as dificultades.

FUTURO. Ao imaxinar Burela dentro de dez ou quince anos, Bríxida Pino expresa un desexo claro: “Gustárame que a xente nova se asentara na vila”. Soña cunha Burela na que a mocidade poida regresar tras formarse e facer aquí a súa vida. “Iso sería o mellor do mundo”, afirma, aínda que recoñece que é un círculo complexo que require vivenda, servizos e emprego. Como presidenta, liderar O Vencello supón para ela estar conectada co presente e co pasado. “Ler os libros de actas é unha pasada”, di, asegurando que a mantén implicada na vida social da vila.

A súa mensaxe final á veciñanza é directa: “Que se impliquen”. Pide participación nas asociacións, non só en O Vencello, porque “custou moito crealas” e son “esencia pura de Burela”. “Que non as deixen morrer”, conclúe, lembrando que non son cousas do pasado, senón ferramentas para construír o futuro.

A 27ª Ruta Cabalar volverá reunir aos afeccionados ao mundo ecuestre en Xove



A Asociación Equina A Medela, de Xove, vén de anunciar a celebración da 27ª edición da Ruta Cabalar, unha das actividades máis consolidadas do calendario ecuestre da comarca. A cita terá lugar o domingo 15 de marzo de 2026, unha data que a organización xa invita a marcar no calendario mentres ultima os detalles dun evento que cada ano conta cunha ampla participación. A ruta volverá converter o municipio de Xove nun punto de encontro para amantes dos cabalos e do medio natural, ofrecendo un percorrido pensado para desfrutar da paisaxe e da convivencia entre participantes. Desde a entidade or-

ganizadora destacan o carácter tradicional da actividade, que se mantén viva grazas ao esforzo colectivo e á implicación das persoas socias ao longo de máis de dúas décadas. Aínda que polo de agora non se fixeron públicos os pormenores da xornada, a Asociación Equina A Medela adianta que nas vindeiras semanas dará a coñecer toda a información relacionada co itinerario, horarios e actividades complementarias previstas. Mentres tanto, a organización anima á veciñanza e ás persoas afeccionadas ao mundo ecuestre a gardar a data e prepararse para unha nova edición dunha ruta que xa é todo un referente en Xove.

O CEIP Pedro Caselles Rollán celebra 50 anos de historia

O CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán de Xove cumpre neste curso 2025-2026 cincuenta anos de existencia. O colexio iniciou a súa actividade no curso 1975-76, centralizando a maior parte das escolas unitarias repartidas polas parroquias do municipio, agás unha unidade das Gulpilleiras (na Rigueira) e outra de Lago, que se integraron máis adiante, na década dos oitenta. A creación do centro supuxo un cambio significativo non só na educación, senón tamén en moitos hábitos sociais da comunidade, especialmente entre o alumnado. Para celebrar este medio século de historia, o colexio está a organizar unha serie de actividades que terán lugar no mes de maio. Para facelas realidade, solicítase a colaboración de toda a veciñanza, así como de persoas de Xove ou vinculadas ao municipio que teñan relación co centro. O obxectivo é recompilar fotografías das antigas escolas unitarias e de grupos de alumnos e alumnas, imaxes da construción do edificio, material escolar do curso inaugural 75-76 e libros de escolaridade de quen comezou ou



rematou aquel primeiro curso. Tamén se recibirán fotografías e lembranzas relacionadas cos primeiros anos de vida do único centro de infantil e primaria do concello, un feito que merece unha celebración especial. O equipo directivo agradece de antemán a cesión de calquera material gráfico e agradece tamén a implicación do Concello de Xove, co que xa se mantiveron reunións de coordinación e que se amosa totalmente comprometido coa conmemoración. Desde o propio Concello sinalan que colaborarán en todo o necesario para resaltar unha data tan significativa, valorando o papel fundamental do centro na

educación e no desenvolvemento social do municipio, xunto co Colexio de Palmeiro, como referentes históricos da comunidade educativa local. As persoas que dispoñan de fotografías ou outros materiais relacionados cos primeiros anos de funcionamento do CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán poden achegalos ao colexio, co fin de preservar e enriquecer a memoria histórica do centro. O Concello de Xove ponse á disposición da organización do aniversario para colaborar nas diferentes iniciativas e reafirma o seu compromiso coa educación e co recoñecemento da historia educativa local.

A XVII Festa do Lacón será unha noite de gastronomía e festa no pavillón municipal

A tradición e o bo ambiente volverán darse a man en Xove coa celebración da XVII Festa do Lacón, unha cita xa consolidada no calendario festivo local que terá lugar o vindeiro 7 de febreiro no pavillón municipal do concello. A partir das 20.30 horas, veciñanza e visitantes poderán gozar dunha velada marcada pola gastronomía popular e o espírito festivo. A iniciativa está organizada pola Asociación Saiñas Xove, que un ano máis aposta por reunir á xente arredor dun dos pratos máis representativos da cociña galega. O lacón será o gran protagonista da noite, acompañado doutros sabores tradicionais, nunha celebración pensada para compartir mesa, conversa e diversión. A xornada completárase cun am-



biente animado, no que non faltará a música e as ganas de pasalo ben, convertendo esta festa nun punto de encontro para todas as idades. Desde a organización animan á participación e a vivir unha noite especial na que a boa comida e a convivencia serán as auténticas protagonistas.

Xove consolídase como referente de innovación e conservación rural

O concello de Xove volve situarse como exemplo de aproveitamento sostible do territorio e conservación do medio rural grazas a dúas iniciativas emblemáticas que contaron coa visita da conselleira do Medio Rural, María José Gómez. En Laxamoura, a titular de Medio Rural destacou o modelo de xestión dos 55,67 hectáreas de pastizal en montes veciñais en man común, que permite compatibilizar o uso produtivo coa protección ambiental e actúa como barreira natural fronte aos incendios forestais. “A presenza de pastos en Laxamoura reduce a biomasa combustible e crea oportunidades para a gandería extensiva, clave para fixar poboación no rural de Xove”, sinalou Gómez. O proxecto contou cun investimento de arredor de 90.000 euros e inclúe desbroces mecanizados e manuais, mellores nos peches e reparación das mangas de manexo do gando.



Na mesma xornada, a conselleira visitou Casa Labradela, a única explotación de porco celta do concello, situada en A Rigueira e xestionada polos irmáns José Ángel e Shaila García. A granxa combina a cría en réxime extensivo desta raza autóctona, actualmente en perigo de extinción, con gando bovino, cabalar e apicultura, comercializando mel baixo marca propia. Gómez subliñou que iniciativas coma

esta non só conservan a biodiversidade e as razas autóctonas, senón que tamén dinamizan a economía local e reforzan a vida no medio rural. O concello de Xove, a través destes proxectos, consolídase como un exemplo de ruralidade viva, sostible e innovadora, onde tradición, protección ambiental e actividade económica se dan a man para garantir un futuro sólido no territorio.

Mondoñedo celebra a súa paixón polo motor con dúas grandes citas

A cidade de Mondoñedo volverá converterse no epicentro do motociclismo coa celebración da XXXV edición da Concentración Mototurística Ruta N-634, unha cita xa consolidada no calendario galego que reunirá durante tres días a centos de afeccionados ás dúas rodas. O evento, organizado polo Motoclub Ruta N-634, desenvolverase entre o venres 6 e o domingo 8 de marzo, coincidindo ademais co 35 aniversario desta histórica concentración. O programa arrancará o venres pola tarde coa apertura das inscricións, á que seguirá unha pinchada para os participantes e o inicio dunha festa nocturna que marcará o comezo dunha fin de semana cargada de ambiente moteiro. O sábado continuará coa recepción de asistentes desde primeira hora do mediodía e cunha sesión vermú musical, antes dunha comida popular na Praza da Catedral, protagonizada por unha fabada.

A xornada sabatina incluírá tamén xogos, unha exhibición de acrobacias en moto a cargo dun piloto profesional, unha ruta nocturna con fachos polas rúas da cidade e unha cea para os inscritos na Finca San Antonio. A música volverá ser protagonista coa actuación dunha orquestra e unha festa posterior con DJ ata ben entrada a madrugada.

O domingo estará dedicado á convivencia e ao peche do evento, cun almorzo para os participantes, unha



ruta libre pola contorna e unha comida final con sorteo de agasallos. A organización destaca o carácter festivo e aberto da concentración, así como a importancia de Mondoñedo como escenario dunha cita que combina paixón polo motor, tradición e dinamización turística.

XUNTANZA DE CLÁSICOS. A cidade de Mondoñedo volverá ser punto de encontro para os amantes do motor clásico o vindeiro 20 de xuño de 2026, coa celebración da 12ª Xuntanza de Clásicos. O evento, organizado pola Asociación "Mira e Anda", consolidouse ao longo dos anos como unha cita destacada no calendario de concentracións de vehículos históricos da comarca.

Aínda que a organización non fixo público polo de agora o programa detallado desta edición, manterase unha estrutura similar á doutras convocatorias anteriores, cunha proposta pensada tanto para os

participantes como para o público que se achegue a desfrutar do ambiente.

A xornada acostuma comezar coa recepción e inscrición dos vehículos, un momento no que se entregan os tickets para a comida e no que non faltan os pinchos de benvida nin os primeiros sorteos de agasallos. A continuación, os coches clásicos tomarán as rúas e estradas da contorna nunha ruta conxunta, permitindo contemplar en movemento auténticas xoias do automobilismo.

Tras o percorrido, participantes e acompañantes compartirán mesa nun xantar de convivencia que serve tamén para reforzar o carácter social da xuntanza. O remate da comida adoita reservarse para a entrega de premios e un novo sorteo de regalos, pechando así unha xornada marcada pola paixón polos vehículos históricos e o bo ambiente.

O VIII Foro Labrego de Agroecoloxía porá o foco no relevo xeracional

O Sindicato Labrego Galego—Comisións Labregas (SLG-CCLL) organizará os días 7 e 8 de febreiro a oitava edición do Foro Labrego de Agroecoloxía, consolidado como cita clave do movemento agrario galego. O evento desenvolverase no Pazo de Santomé, en Mondoñedo, e conta co financiamento da Área de Medio Rural, Mar e Mocidade da Deputación de Lugo. Baixo o lema "A agroecoloxía é o relevo", o foro centrará a súa actividade no relevo xeracional no rural galego, combinando reflexións teóricas, experiencias prácticas e espazos de convivencia arredor da produción agroecolóxica.

A programación comezará o sábado ás 11.00 horas cunha visita ao proxecto de vacún de carne de Bruno Botana na parroquia de Estelo. Tras un xantar agroecolóxico, abrirase oficialmente o foro ás 15.30 horas con intervencións de Isabel Vilalba Seivane, da Executiva Nacional do SLG-CCLL, e Daniel García Fernández, deputado provincial. A primeira mesa contará co Grupo de Desenvolvemento Rural Terras de Miranda e a continuación desenvolverase o coloquio "Relevo xeracional: situación actual e respostas políticas". Ás 18.30 horas terá lugar a palestra "A



formación que fomenta o relevo xeracional", centrada na formación como clave para garantir a continuidade do sector agrario, pechando a xornada cunha cea agroecolóxica.

O domingo 8, desde as 10.00 horas, presentárase a mesa "Habelas Hainas: experiencias de éxito no relevo xeracional", que incluír diferentes proxectos galegos. Posteriormente analizarase o papel da agroecoloxía e a organización colectiva para atraer novas xeracións ao campo. O foro concluirá cun xantar agroecolóxico, cerrando dúas xornadas dedicadas á aprendizaxe, ao intercambio de experiencias e á defensa dun rural vivo e con futuro.

Os Manolos de Mondoñedo volven xuntarse no xantar anual

A cidade de Mondoñedo acolleu un ano máis a tradicional xuntanza dos Manolos, unha cita xa consolidada no calendario social local e que serve para celebrar a onomástica de todas aquelas persoas que levan por nome Manuel. Nesta ocasión, a Taberna do Valeco foi o escenario elixido para unha comida de confraternización que reuniu a 36 participantes, procedentes de distintos barrios e xeracións da vila.

A diversidade de idades foi unha das notas destacadas do encontro. O participante de maior idade foi Manuel Ernesto García, veciño do barrio do Couto, que aos 92 anos non quixo faltar a esta celebración tan especial. No extremo oposto situouse Manolo Vázquez,



de 26 anos, coñecido tamén pola súa faceta deportiva como xogador do Mondoñedo C.F., representando así á xeración máis nova dos Manolos mindonienses.

Esta iniciativa, que se vén repetindo desde hai anos, converteuse nunha tradición marcada polo bo

ambiente, a convivencia e o orgullo de compartir nome nun contexto festivo e distendido. A comida serviu, unha vez máis, para reforzar lazos de amizade, intercambiar lembranzas e manter viva unha costume singular que forma parte da identidade social da cidade.

O ferrolán Luís Alonso Girgado será nomeado Cunqueiriano de Honra de 2026

O ensaísta, crítico literario e investigador Luís Alonso Girgado será nomeado Cunqueiriano de Honra de 2026 nun acto que se celebrará o 28 de febreiro, ás 12.00 horas, no Salón de Plenos, nunha cerimonia que recoñecerá a súa traxectoria vencellada ao estudo e difusión da figura de Álvaro Cunqueiro. Con este nomeamento, Girgado convértese no décimo persoeiro en recibir esta distinción desde a súa creación, un recoñecemento promovido polo Concello de Mondoñedo e pola Casa Museo Álvaro Cunqueiro, co obxectivo de poñer en valor o labor de quen contribuíu de maneira destacada á proxección e coñecemento do escritor mindoniense.

A decisión foi adoptada por unha comisión designada polos organizados

res do acto, que acordou por maioría premiar a sólida traxectoria dun dos principais especialistas na obra cunqueiriana. O xurado estivo integrado por César Cunqueiro, Xosé Manuel Soutullo, Alberto García Fernández, Antonio Reigosa, Abel Vigo García, Miguel González Somovilla e Armande Requeixo.

Nado en Ferrol en 1946, Luís Alonso Girgado é unha das figuras máis salientables do ensaio e da crítica literaria galega das últimas décadas, cunha ampla carreira docente e investigadora. Ao longo da súa carreira destacou especialmente polo seu labor como editor e estudoso da obra de Álvaro Cunqueiro, impulsando publicacións, edicións e proxectos que reforzaron.

riotorto

Cuberta a praza de médico de familia no centro de saúde



A praza de médico de familia do centro de saúde de Riotorto quedou cuberta no marco da Oferta Pública de Emprego (OPE) do Sergas correspondente ao ano 2025. Así o confirmou o propio Servizo Galego de Saúde, que detallou que a vacante foi adxudicada dentro do proceso selectivo desta convocatoria. Segundo indicaron fontes municipais, a profesional que obtivo a praza tomará posesión do seu posto nos vindeiros días, incorporándose de xeito efectivo á atención sanitaria no municipio. A súa chegada permitirá reforzar a atención primaria na zona,

mellorar a continuidade asistencial e responder con maior eficacia ás necesidades da veciñanza. Tanto desde o Concello de Riotorto como desde a área sanitaria valorouse de forma moi positiva esta incorporación, xa que se trataba dunha demanda reiterada pola poboación nos últimos meses. “A cobertura da praza supón un avance na mellora dos servizos sanitarios do municipio e contribúe a garantir unha atención máis estable e próxima para os usuarios do centro de saúde”, explican desde o Concello.

vegadeo

Vegadeo busca a mellor tortilla do occidente no seu concurso

Vegadeo acollerá o vindeiro 7 de febreiro a segunda edición do Concurso de Tortillas, unha cita gastronómica que se celebrará a partir das 12.30 horas na Praza do Concello e que converterá a vila nun espazo de encontro arredor da cociña tradicional. O evento busca poñer en valor un dos pratos máis populares da gastronomía e fomentar a convivencia nun ambiente festivo e aberto a todas as idades. As persoas asistentes poderán

degustar as distintas propostas e gozar dunha xornada animada, pensada para compartir e celebrar. A participación no concurso é gratuíta e a organización garante comodidade cunha carpa, música e servizo de bar durante toda a mañá. O certame contará cun xurado especializado, que se anunciará proximamente nas redes sociais. As inscricións están abertas a través de Instagram ou por correo electrónico.

Curso para iniciarse no uso práctico da Intelixencia Artificial

O Concello de Vegadeo impulsa, en colaboración con YOConecto.org, un curso presencial de Intelixencia Artificial dirixido a persoas de todos os niveis, co obxectivo de achegar á veciñanza ferramentas dixitais actuais e de uso práctico. A formación permitirá aprender a xerar ideas, redactar textos, deseñar imaxes e crear vídeos de maneira áxil e profesional, favorecendo a mellora das competencias dixitais tanto a nivel persoal como laboral.

O curso desenvolverase do 23 ao 26 de febreiro, en horario de mañá, de 10:00 a 13:00 horas, nas instalacións do Servizo de Dinamización Tecnolóxica Local (SDTL), situadas na Casa da Cultura de Vegadeo. Trátase dunha actividade gratuíta e presencial, pensada tanto para persoas sen coñecementos previos como para quen desexe ampliar habilidades. Ao remate, entregárase unha certificación acreditativa ás persoas participantes.

Barreiros impulsa a recuperación do antigo Teleclub de San Cosme

O Concello de Barreiros sacou a licitación as obras de recuperación integral do antigo Teleclub de San Cosme, coa finalidade de transformalo nun centro de uso público destinado á dinamización social, económica e asociativa do municipio. A actuación, publicada na Plataforma de Contratación do Estado, conta cun orzamento de 914.105,01 euros e un prazo máximo de execución de doce meses desde o inicio efectivo das obras, condicionado á autorización administrativa. O proxecto establece ademais prazos parciais de execución, cunha primeira fase que deberá superar os 461.000 euros antes de setembro de 2026 e a finalización total antes de setembro de 2027. As intervencións previstas inclúen a reforma interior do edificio, a mellora da eficiencia enerxética e a adaptación ás condicións de accesibilidade, xa que o inmovible



presenta importantes deficiencias nestes ámbitos. A actuación permitirá reorganizar os espazos e dotar o edificio de novos usos, con zonas de coworking, salas de reunións, espazos de traballo individual, áreas de almacenaxe e unha cafetería. Tamén acollerá as instalacións da asociación AP-NED, que disporá dun despacho e dunha aula propia.

O proxecto incorpora un sistema dixital de control de accesos e reserva de espazos mediante tecnoloxía contactless, garantindo un uso ordenado e inclusivo. Ademais, habilitaranse zonas exteriores con área verde, xogos infantís e un skatepark, reforzando o carácter comunitario e interxeracional do novo equipamento público.

O PP alerta das fochancas en estradas de acceso a vivendas



O Partido Popular de Barreiros vén de denunciar o mal estado de varias estradas que conectan diferentes barrios e parroquias do municipio, incidindo nas dificultades que esta situación provoca aos veciños que as utilizan diariamente. Segundo sinalan, a presenza de fochancas e baches de gran tamaño supón un risco para a seguridade vial e compromete a comodidade dos residentes, especialmente en zonas rurais onde o tránsito é frecuente. Entre os tramos máis afectados destacan a estrada do barrio dos Campos, en San Miguel de Reinante, e a un camiño da parroquia de San Xusto que co-

munica o barrio do Morteiro co barrio de Ibia, onde se atopa unha fochanca especialmente grande preto dunha granxa, segundo trasladaron os propios veciños aos representantes do PP. Os populares instan ao goberno local a realizar melloras de forma inmediata, mesmo de maneira parcial, tapando as fochancas máis perigosas, xa que esperar á reparación integral das vías podería prolongarse durante moito tempo. As queixas recolléronse directamente da cidadanía, que reclama unha resposta rápida para garantir accesos seguros e transitables en todo o municipio.

ACUAES impulsa o novo sistema de saneamento e depuración

O Consello de Administración de ACUAES, sociedade mercantil estatal dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, autorizou a adxudicación do contrato de asistencia técnica para definir o futuro sistema de saneamento e depuración de Barreiros. O contrato foi adxudicado á empresa IDOM Consulting, Engineering, Architecture, S.A.U., cun orzamento de 304.920 euros e un prazo de execución de dez meses, tras analizarse seis ofertas. Os traballos inclúen o estudo de alternativas, os estudos ambientais e a redacción do proxecto construtivo. A actuación permitirá deseñar un sistema adaptado ás necesidades actuais e futuras dun concello con forte crecemento urbanístico. O proxecto contempla unha nova estación depuradora en San Miguel de Reinante e a conversión das EDAR de Santiago de Reinante e Sarxende en estacións de bombeo. As instalacións contarán con tratamento previo, tanque de tormentas, novas impulsións e un colector por gravidade. O convenio definiuse antes da licitación.

O Arco da Vella: continuidade, ilusión e vangarda en Barreiros

A nova directiva recolle un legado histórico e aposta pola innovación para manter viva a música, o baile e a identidade cultural

Por Ana Somoza.

En novembro de 2025, O Arco da Vella viviu un cambio histórico na súa directiva despois de 45 anos de liderado ininterrompido por Enrique Penabad. A nova candidatura encabezada por Laura Teijeira foi elixida por unanimidade pola asemblea, un apoio que, segundo os propios membros do equipo, supón “un gran sentido da responsabilidade para estar á altura desa confianza depositada en nós”.

Os integrantes da nova xunta lembran con emoción ese momento de transición. “Nun primeiro instante sentimos incerteza do que ía pasar e, xa logo, ao decidir dar o paso, con ilusión pero tamén cunha certa sensación de vertixe pola responsabilidade que asumíamos”, comentaban. A experiencia de asumir un proxecto histórico non é só persoal, senón tamén colectiva, porque para moitos deles O Arco da Vella forma parte da súa vida desde a infancia. Para varios membros da nova directiva, asumir esta responsabilidade foi un paso natural. “Creemos que era algo que tarde ou cedo ía pasar. Crecemos dentro da asociación e fomos creando un vínculo grande con ela, e non se nos pasaba pola cabeza que a continuidade puidese estar nin un minuto en entredito. Igual nos pillou co pé cambiado porque non contabamos que fose xa, pero logo do choque inicial enseguida nos puxemos mans á obra”, explicaban, subliñando a mestura de ilusión e responsabilidade que caracteriza esta etapa.

RESPONSABILIDADE. O relevo de Enrique Penabad marcou un antes e un despois para o colectivo. A súa capacidade para estar pendente de todos os detalles era extraordinaria: “O que aprendemos e queremos manter é que non se deixa nada ao azar, estar sempre pendente ata do máis mínimo detalle. Hai que ter moita capacidade e moita, moita, dedicación”, explicaban. Conscientes da magnitude do legado, os novos responsables organizaron a distribución de tarefas para manter un nivel de excelencia similar ao anterior.

A nova xunta traballa con criterios colexiados, tomando decisións colectivas, pero tamén aproveitando as novas tecnoloxías para a coordinación diaria. “En apenas uns meses o Drive está petado e o grupo de WhatsApp ferve todos os días”, comentaban, sinalando a importancia do contacto continuo entre compa-

ñeiros e amigos, e da capacidade de adaptar as ferramentas modernas á xestión dun proxecto histórico.

O papel da asociación na vida cultural e social de Barreiros segue a ser esencial. “Estamos falando dun entorno rural e durante moitos anos o papel da nosa e outras asociacións foi vital para dinamizar a vida cultural do pobo. Pero tamén integrador, pois poucas casas e familias haberá no pobo nas que ninguén estea ou pasase pola asociación. O Arco da Vella ao final é tamén familia, é fogar para moitas persoas”, explicaban. Esta dimensión social complementa a artística, consolidando un vínculo emocional coas persoas socias, as familias e a veciñanza en xeral.

Un dos piares fundamentais da asociación é a escola de música e baile tradicional, con arredor de 100 alumnos e alumnas. A nova xunta reflexiona sobre os retos que supón manter esta actividade nun contexto rural: “O principal reto é aguantar o tirón. Estamos nunha contorna con poboación avellentada, e os rapaces e rapazas escasean. A maiores, nos últimos anos a oferta

“Tratamos de impregnar esa ilusión e responsabilidade de facelo o mellor posible en cada cousa que facemos”

“Crecemos dentro da asociación e fomos creando un vínculo grande con ela”

de ocio e deporte é moi superior á que había outrora, así que hai máis ‘competencia’ e non é doado captar alumnado”, comentaban. A importancia do prestixio acumulado ao longo de anos axuda a atraer alumnado doutros concellos, algo que consideran motivo de orgullo.

Outro desafío relacionado coa escola é a transición dos alumnos das categorías inferiores ao grupo “grande”. “Ás veces hai persoas ás que lles custa dar ese paso, polo que temos que acompañar e facilitar a continuidade”, explicaban. Esta preocupación evidencia a aposta

da directiva por unha formación integral, que non só transmita coñecementos, senón tamén valores de compromiso e participación.

EVENTOS. O Arco da Vella organiza eventos moi consolidados, como a Cabalgata de Reis, a Foliada ou o Festival Infantil, que teñen un papel dinamizador para todo o territorio. “A cabalgata é incluso anterior á asociación e debe andar preto xa dos 60 anos de antigüidade. Agora hai unha institucionalizada polo Concello, pero nós pensamos que esa tradición non se pode perder”, explicaban. A escola interpreta un repertorio propio durante as festividades, algo pouco habitual en outras cabalgatas.

O Festival Infantil serve como colofón do curso académico da escola, poñendo en valor o traballo diario de profesores e alumnado. A Foliada, pola súa banda, funciona como unha xornada de festa previa ao Festival Internacional do Emigrante, liberando tensión e consolidando a preparación do evento principal. Este festival, que en 2026 celebrará a súa 43ª edición, é o buque insignia do Arco da Vella. A nova xunta destacou que, aínda que non entraron nos detalles da edición deste ano, a prioridade é manter as dinámicas e o proxecto que se viñeron realizando nos últimos anos: “Temos a sorte de recibir un gran legado de moitos anos de traballo detrás e a idea é darlle continuidade”, explicaban. A preservación da calidade artística e organizativa é unha das prioridades principais. “Manter ese nivel en ambos aspectos é un obxectivo ambicioso, pero non escatimaremos dedicación, mantendo as liñas de traballo e aportando nalgũa cousa detalles ou visións nosas”, comentaban, indicando que incluso pequenas modificacións nos horarios das clases buscan facilitar a participación sen romper a dinámica consolidada.

XERACIÓN. A nova xunta pertence a unha xeración que “non concibe a vida sen O Arco da Vella” e que trae consigo cambios metodolóxicos e tecnolóxicos. Entre eles destaca a informatización de procesos internos, como a alta de socios de forma telemática ou a xestión de inventarios. “Estamos aplicando medios máis tecnolóxicos na propia xestión do día a día”, explicaban.

Tamén hai unha reflexión sobre os roles de xénero e a adaptación das



tradicións ás novas realidades sociais. “No baile e nas coplas estamos revisando aqueles elementos que denigran o papel da muller e promovendo unha maior igualdade”, subliñaban. Para a xunta, o folclore non pode quedar alleo ás transformacións sociais, e a adaptación das prácticas tradicionais reflicte un compromiso con valores contemporáneos.

A nova xeración tamén busca re-

“Temos a sorte de recibir un gran legado de moitos anos de traballo detrás e a idea é darlle continuidade”

“Tratamos de repartir responsabilidades para manter un nivel de excelencia”

forzar o sentido de comunidade: “O Arco da Vella é como unha gran familia. Toda a veciñanza se implica e se sente parte dela, aínda que sexa en pequenos detalles”, comentaban, lembrando episodios como a colaboración masiva na recollida da Cabalgata, onde en apenas 15 minutos estaba todo organizado grazas á participación espontánea da veciñanza.

FUTURO. O futuro da música e do baile tradicional entre os máis novos combina entusiasmo artístico

co desafío do asociacionismo. “O nivel de grupos e artistas é tremendo. Galicia considérase unha potencia a nivel musical en Europa, e o traballo de recollida e salvagarda do patrimonio inmaterial é impagable”, explicaban, subliñando a riqueza cultural que a asociación contribúe a preservar.

Non obstante, tamén existen retos derivados das novas dinámicas sociais: “Á xente agora cústalle máis comprometerse en proxectos colectivos, ter constancia nos ensaios... prima máis o individualismo”, comentaban. A nova xunta confía en que a implicación das familias e socias continuará sendo clave, e están estudando ofrecer algunhas exclusividades ou recoñecementos como agradecemento a ese apoio.

Para resumir a nova etapa, a xunta recorreu a Manuel María: “O Arco da Vella de luz feito é, resulta un milagre que siga en pé”. Esta frase simboliza a continuidade dun proxecto histórico nun contexto rural, a ilusión e o orgullo de manter viva unha asociación que forma parte da identidade cultural e social de Barreiros, e a vontade de que siga a ser un referente para futuras xeracións.

A combinación de tradición e vangarda, compromiso colectivo e innovación metodolóxica, así como a participación activa da veciñanza, fai que O Arco da Vella continúe a ser un exemplo de asociacionismo cultural. “Trátase de manter un legado, transmitir valores e fomentar a música e o baile tradicional, pero tamén de adaptar todo iso ás novas realidades sociais e tecnolóxicas”, conclúan, resaltando que o futuro da asociación depende tanto da preservación da súa historia como da capacidade de innovar e integrar ás novas xeracións.

O Pleno homenaxea a Kubala e aborda retos de futuro para o municipio



O Concello de O Vicedo aprobou no último pleno municipal o cambio de denominación do pavillón polideportivo da localidade, que pasará a levar o nome de Jesús Manuel Bellas López, coñecido popularmente como Kubala, unha persoa moi querida e considerada un referente do deporte no municipio. A decisión foi avalada polo Goberno local como unha maneira de recoñecer publicamente a traxectoria e o compromiso dunha figura moi vencellada á vida deportiva e social do concello durante décadas.

Segundo explicou o alcalde durante a sesión plenaria, Kubala destacou pola súa implicación constante en numerosas iniciativas deportivas, colaborando activamente coa mocidade e prestando apoio a moitos rapaces que deron os seus primeiros pasos no fútbol sala a través das ligas libres. Ademais, foi socio fundador do equipo de fútbol sala de O Vicedo a finais dos anos noventa, xogando un papel clave na consolidación desta disciplina no municipio.

Ao longo da súa traxectoria como deportista, militou en distintos clubs da contorna, como Landrove ou Ortegá, e defendeu tamén as cores do Club Xove Lago, Cerro, Viveiro Atlético e Unión Deportiva Folgüeiro. Para o Goberno local, a nova denominación do pavillón supón un xusto homenaxe a unha persoa que fixo do deporte unha ferramenta de convivencia, esforzo colectivo, compromiso e compañeirismo.

OPOSICIÓN. O pleno estivo marcado tamén polas intervencións dos grupos da oposición, que puxeron o foco tanto na transparencia democrática como na necesidade de definir unha estratexia clara de futuro para o municipio. Por unha banda, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE insistiu na importancia dunha xestión máis aberta, planificada e orientada ás necesidades reais da veciñanza. Os socialistas volveron defender a

súa proposta para a gravación e difusión dos plenos municipais, unha medida que consideran fundamental para achegar a actividade política á cidadanía e fomentar a participación democrática. A iniciativa foi novamente rexeitada polo equipo de goberno, malia tratarse, segundo o PSdeG, dunha ferramenta sinxela e xa implantada con éxito noutros concellos próximos.

Durante a sesión, o grupo socialista formulou diversos rogos e preguntas, reclamando unha planificación municipal clara de cara a 2026, afastada de actuacións illadas e baseada nunha folla de ruta a medio prazo. Entre as súas demandas destacaron a mellora dos servizos básicos, especialmente no ámbito do saneamento, así como actuacións urxentes para garantir a seguridade viaria, con especial atención á zona do Cacheiro. Tamén insistiron na necesidade de reforzar os recursos destinados á atención de nenos e nenas con necesidades específicas, avanzar na actualización da páxina web municipal e proceder á revisión de distintos elementos urbanos deteriorados.

Pola súa banda, o Grupo Municipal do BNG levou ao pleno unha moción para impulsar o Plan Rexurdir O Vicedo, unha estratexia integral destinada a facer fronte ao despoboamento e á perda de actividade económica e social. A proposta, defendida polo portavoz nacionalista Miguel Gómez Fraga, foi aprobada por unanimidade, incorporando emendas do Goberno local.

O plan estrutúrase en tres eixos fundamentais: o acceso á vivenda, coa creación dun parque de vivenda pública; o reforzo da economía local, apostando pola economía circular e o comercio de proximidade; e a revitalización social das parroquias, mediante a mellora dos locais sociais e a implantación de novas ferramentas dixitais. O BNG destacou o consenso acadado como clave para traballar de maneira conxunta polo futuro do municipio.

O Concello do Vicedo impulsa a mellora do alumeado público

O Concello vén de informar de dúas actuacións relevantes centradas na mellora das infraestruturas municipais e no reforzo dos servizos sociais. Por unha banda, está en marcha unha reforma integral dunha parte do alumeado público no tramo O Vicedo-Xillo, unha intervención destinada a modernizar a rede de iluminación e avanzar cara a un modelo máis eficiente e sostible.

Esta actuación forma parte dun proxecto financiado con fondos europeos, orientado á renovación das instalacións de iluminación exterior, co obxectivo de reducir o consumo enerxético, mellorar a seguridade viaria e optimizar a calidade do servizo para a veciñanza.

DEPUTACIÓN. A Deputación vén de poñer en marcha no Vicedo as obras de mellora de dúas estradas provinciais consideradas esenciais para as comunicacións internas do municipio. Trátase da LU-P-6401, que conecta as parroquias de Suegos e Falcoeira, e da LU-P-6402, que discorre desde a capital municipal ata Cristo de Portapena pasando pola Cruz da Pardiñeira.



Os traballos, que xa deron comezo coa limpeza e reapertura de cunetas, inclúen tamén a renovación integral do ramal que enlaza ambas as dúas vías, situado no norte do termo municipal. A actuación global conta cun orzamento de preto de 330.000 euros e está a ser executada pola empresa Carfelo SL.

En concreto, as obras permitirán a rehabilitación dos tres primeiros quilómetros da LU-P-6401, entre os puntos quilométricos 0,6 e 3,2, un treito estratéxico ao enlazar coa estrada autonómica LU-862.

Do mesmo xeito, actuarase no tramo final da LU-P-6402, desde o quilómetro 17,1 ata o 19,3, á altura da parroquia de Negradas, onde esta vía conecta coa LU-P-6401 a través dun ramal de 1,164 quilómetros, que será mellorado na súa totalidade.

As actuacións previstas inclúen, ademais da limpeza de cunetas, a pavimentación con aglomerado en quente e a correspondente sinalización viaria, co obxectivo de reforzar a seguridade e a comodidade da circulación. O prazo de execución das obras está fixado en tres meses.

O parque eólico Faro non obterá autorización



A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático denegou de maneira definitiva a autorización administrativa previa e a autorización de construción do parque eólico Faro, proxectado no concello do Vicedo, tras emitir unha declaración de impacto ambiental desfavorable. A resolución, publicada o 3 de decembro de 2025, supón tamén o arquivo definitivo do expediente iniciado hai máis dunha década. O proxecto, promovido por Nieblagen, S.L., fora admitido a trámite en 2010 cunha potencia prevista

de 3 megawatts e solicitara as autorizacións en 2011, depositando unha garantía económica que chegou aos 120.000 euros. En 2021 a empresa propuxo unha modificación substancial que obrigou a reiniciar parte do procedemento e someter o plan a nova avaliación ambiental. Tras solicitar informes a diferentes organismos, a Xunta emitiu unha avaliación negativa que impediu continuar coa iniciativa. A resolución ordena tamén a devolución das garantías económicas, pechando definitivamente o expediente.

Xornada de asesoramento en trámites coa Administración

O Vicedo volverá acoller unha nova edición das xornadas A Administración cerca de ti, unha iniciativa dirixida a facilitar á cidadanía o acceso aos trámites máis habituais coa Administración do Estado. A actividade desenvolverase o 3 de marzo na Casa da Cultura e está pensada especialmente para achegar os servizos públicos á veciñanza, reducindo desprazamentos e simplificando procesos administrativos. Será en horario de 10.30 a 13.30 horas.

Durante a xornada, o persoal especializado ofrecerá asesoramento personalizado para a realización de xestións administrativas, resolverá dúbidas frecuentes e prestará apoio no uso das ferramentas dixitais. Un dos aspectos máis destacados será a posibilidade de obter no propio espazo o certificado dixital, un elemento clave para realizar numerosos trámites electrónicos tanto coa Administración Xeral do Estado como coa Xunta de Galicia ou os concellos.

As obras da residencia avanzarán tras ampliar o convenio provincial

O Pleno da Deputación de Lugo aprobou a ampliación do convenio interadministrativo co Concello da Pontenova, un paso fundamental para garantir a seguridade xurídica e desbloquear a apertura da residencia de maiores, unha infraestrutura considerada esencial tanto para a veciñanza do municipio como para a comarca. A renovación do acordo era imprescindible, xa que o convenio vixente estaba próximo á súa expiración, e permitirá dotar de estabilidade administrativa ao proxecto, reactivar as obras pendentes e avanzar cara á posta en funcionamento do centro.

A situación actual da residencia está marcada polo incumprimento contractual da empresa adjudicataria, segundo recolle o informe técnico do Servizo de Arquitectura da Deputación. A obra atópase executada nun 70,07 %, quedando pendente aproximadamente o 30 %, e o prazo máximo de execución rematou o pasado 15 de agosto de 2025, polo que o proxecto formalmente atópase fóra de prazo. O informe atribúe os atrasos ao contratista, habilitando á Administración para iniciar a reso-



lución do contrato. Desde a Deputación destacan que a actuación non responde a criterios políticos, senón á aplicación da normativa e á defensa do interese público.

Durante o debate plenario, o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, subliñou que iniciar a resolución contractual antes de que a empresa entrase en concurso de acredores foi unha medida preventiva clave para evitar maiores atrasos, e que problemas similares se rexistran noutros centros residenciais da provincia, como Ribadeo ou Riotorto.

A Deputación solicitou tamén o di-

tame do Consello Consultivo de Galicia, que precisou un prazo adicional de 15 días, cumprindo rigorosamente coa lei. A ampliación do convenio evita baleiros xurídicos e asegura a continuidade da cooperación entre administracións, permitindo que, unha vez resolto o contrato, se poidan retomar de inmediato os trámites necesarios para completar a residencia. A institución reafirma o seu compromiso co coidado das persoas maiores, ofrecendo servizos que garanten seguridade, dignidade e calidade de vida na súa contorna habitual.

A Biblioteca intégrase na Rede de Bibliotecas de Galicia



O Concello da Pontenova reforza os seus servizos culturais coa integración da Biblioteca Municipal Os Fornos na Rede de Bibliotecas de Galicia. A solicitude formal realizouse o 9 de febreiro de 2025 e foi avaliada favorablemente polos servizos técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, que verificaron que as instalacións e recursos cumpren coas esixencias do Decreto 41/2001 sobre organización e funcionamento das bibliotecas públicas. O informe técnico confirmou que a biblioteca reúne as condicións necesarias para incorporarse como axencia municipal de lectura na rede autonómica, propo-

ñendo a súa integración formal. Por proposta do director xeral de Cultura, a resolución oficial aprobou a incorporación de Os Fornos, segundo as competencias recollidas no Decreto 146/2024 sobre a estrutura orgánica da Consellería. A incorporación queda suxeita á sinatura dun convenio entre Concello e Consellería, que recollerá o compromiso de prestar un servizo público adaptado á normativa, garantindo acceso á lectura, á información e á promoción cultural. Situada na Casa da Cultura, a biblioteca consolídase como un recurso esencial para a veciñanza e como referencia dentro do sistema bibliotecario galego.

A Escudería A Pontenova triunfa na gala da FGA

A Escudería A Pontenova foi distinguida como a mellor organización de probas de montaña do ano 2025 na gala anual da Federación Galega de Automobilismo, celebrada no pavillón Paco Paz de Ourense. O premio foi recollido polo presidente da entidade, Alex Lasta, en representación dun equipo que se consolidou como referente no ámbito do automobilismo galego.

Desde a escudería manifestaron a súa satisfacción por este recoñecemento, que pon en valor o traballo colectivo desenvolvido arredor da súa emblemática subida. “Estamos moi orgullosos deste logro e queremos agradecer a todas as persoas que fixeron posible sacar adiante a proba e acadar este premio, do que todos forman parte”, sinalaron desde a organización, destacando a implicación de voluntariado, colaboradores e afeccionados.

A gala tamén serviu para celebrar os éxitos deportivos da tempada, entre eles o do piloto Ánxel Vizoso, membro da Escudería A Ponteno-



va, que foi felicitado publicamente pola súa destacada actuación ao longo de 2025. Vizoso proclamouse gañador do 20º Volante FGA, un fito que reforza o excelente momento que atravesamos o colectivo tanto no eido organizativo como no competitivo. Este dobre recoñecemento consolida á Escudería A Pontenova como unha das entidades máis activas e prestixiosas do automobilismo en Galicia, combinando unha organización exemplar co talento dos seus deportistas.

Javier Rico forma parte do equipo de María José López Couso na súa candidatura á USC

O profesor Javier Rico Díaz, natural de Santalla, foi anunciado como membro clave do equipo de María José López Couso, candidata a ser a primeira rectora da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Rico liderará a área de Compromiso Social, Benestar e Deporte, unha das doce que integran o proxecto presentado por López Couso, composto por sete mulleres e catro homes de once centros diferentes. O equipo tamén inclúe responsables de áreas como Estudantes, Cultura e Lingua, Profesorado e Organización Académica, Investigación e Transferencia, Oferta Formativa, Planificación Estratéxica, Proxección Internacional e Estratexia Dixital, así como a Secretaría Xeral e a Delegación para o Sistema Sanitario.

López Couso destacou que a súa candidatura pretende construír unha USC máis participativa, que integre coñecemento de departamentos, grupos de investigación e estudantado, baixo o lema “Ti es a peza que falta”, orientado á impli-



cación de toda a comunidade universitaria.

Xavier Rico subliñou que priorizará a participación social e o benestar da comunidade universitaria, asegurando que a institución non só forme, senón que mellore a calidade de vida do seu alumnado e profesorado. Se logra o apoio necesario, López Couso marcará un fito histórico, presentando un equipo diverso e interdisciplinario para modernizar e integrar a USC desde múltiples ámbitos de actuación.

A Asociación de Comerciantes incorpórase á FCAM

A Asociación de Comerciantes da Pontenova formalizou a súa incorporación á Federación de Comercio A Mariña (FCAM), un paso que fortalece o asociacionismo comercial na comarca e permite mellorar a colaboración entre colectivos. A presidenta da FCAM, Carmen Cruzado, destacou que “cantas máis sexamos, máis iniciativas poderemos poñer en marcha en favor do comercio local”. Cruzado subliñou a importancia de apoiar a asociación pontenovesa, que agrupa arredor dunha vintena de negocios, lembrando que as entidades pequenas dependen da cooperación e do respaldo institucional para manterse activas. A federación manterá este ano a súa liña de traballo reforzando o asociacionismo como ferramenta clave para garantir a vida comercial, hostaleira e de servizos na Mariña.

O presidente da Asociación de Comerciantes da Pontenova, José Luis Balseiro, valorou positivamente a adhesión, esperando medrar como asociación e ofrecer mellores servizos aos socios grazas á colaboración nunha estrutura comarcal máis ampla.

Catro décadas de historia, folclore e compromiso colectivo

A Asociación Cultural Osorio Gutiérrez celebra 40 anos como espazo de encontro, creación e defensa das tradicións populares en Lourenzá

Por Ana Somoza.

A Asociación Cultural Osorio Gutiérrez de Lourenzá naceu no ano 1985 nun contexto moi distinto ao actual, tanto a nivel social como cultural. Así o lembra a súa presidenta, Elena Cabaleiro, que sitúa a orixe da entidade nunha etapa na que “se pensaba moito en como axilizar culturalmente o pobo”. A impulsora principal da creación foi Marifé Rodríguez Rocha, daquela tenente de alcalde, nun mandato encabezado por José María López Noceda. Segundo explica Cabaleiro, Marifé tiña claro que Lourenzá precisaba un espazo cultural activo e vivo, capaz de dinamizar a vida social da vila. A idea comezou a tomar forma cando Marifé falou cunha funcionaria do Concello, Menchu, filla do propio alcalde. A partir desa conversa, Menchu empezou a contactar con xente da súa idade para organizar unha asociación cultural que fose aberta, plural e participativa. Un dos primeiros pasos foi buscar un espazo físico, algo fundamental naquela época. “Pedíronlle o local ao cura, que daquela era Don César, e el cedeulle un local no mosteiro”, lembra Cabaleiro. Ese lugar converteuse rapidamente nun punto de encontro interxeracional.

A presidenta destaca que aquel espazo non estaba pensado só para xente nova. “Era un lugar onde se encontraban todas as xeracións, non só xente nova senón tamén xente maior”. Alí organizábanse torneos de tute, xogábase ao tenis de mesa, charlábase, compartíase tempo e convivencia. O local da asociación acabou sendo un auténtico centro social informal, ao que acudía xente non só de Lourenzá, senón tamén doutras localidades do val. A Osorio Gutiérrez nacía así como un proxecto colectivo que facía pobo desde a cultura e a convivencia.

TEATRO. Un dos primeiros grandes fitos da asociación chegou da man do teatro. Segundo explica Elena Cabaleiro, “a moitos compoñentes da asociación gustáballes moito o teatro”, polo que decidiron crear un grupo propio. Aquela decisión resultou ser un éxito rotundo, xa que as representacións tiveron unha acollida extraordinaria. A veciñanza de Lourenzá sempre mostrou unha gran afección polo teatro, algo que se mantén ata hoxe, como demostra a consolidación do Certame de Teatro que se celebra na vila e ao

que acoden numerosos grupos de diferentes lugares. O momento culminante daquela etapa teatral chegou no ano 1991, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Álvaro Cunqueiro. A asociación decidiu representar “A noite vai como un río”, unha obra do propio autor mindoniense. Cabaleiro lembra aquela experiencia como “un éxito total”. A obra non só se representou en Lourenzá, senón que percorreu varias vilas, sempre con cheos absolutos. “En todos os sitios

“O teatro foi un dos primeiros grandes motores da asociación e tivo unha acollida espectacular”



onde fomos, había moitísima xente e a acollida foi impresionante”, lembra. Ese éxito consolidou á Osorio Gutiérrez como unha referencia cultural na comarca, demostrando que desde unha vila pequena se podían facer proxectos ambiciosos e de calidade. A última obra teatral da asociación foi precisamente esa, no ano 1991, pero deixou unha pegada fonda na memoria colectiva e na identidade da entidade.

FOLCLORE. A finais dos anos oitenta, a asociación deu un paso decisivo cara ao folclore. En 1989 creouse o grupo de baile tradicional, chamando como primeira profesora a Pilar, chegada desde Santiago. Pouco despois naceu tamén o grupo de gaitas, co seu primeiro profesor, Alberto. Así comezou unha etapa que acabaría definindo a esencia actual da Osorio Gutiérrez. A asociación non só se centrou no ensino do baile e da música, senón tamén na recuperación de tradicións populares

que estaban a piques de desaparecer. “Recuperamos o Magosto, que foi un dos primeiros actos que volvemos facer”, explica Cabaleiro. Tamén se revitalizou o Maio, incorporando elementos tradicionais como as xestas, o carro adornado ou a madalena. Outro fito fundamental foi a organización do primeiro Entroido moderno de Lourenzá, un evento que hoxe é “moi famoso e moi coñecido”, pero que naquel momento foi impulsado desde a asociación.

Houbo tamén etapas nas que se organizaron rutas de sendeirismo, ampliando o abano de actividades culturais e sociais. Co paso do tempo, a entidade foi especializándose, ata chegar ao momento actual, no que “a asociación dedícase en exclusiva ao grupo de baile tradicional e música tradicional”. A propia presidenta é exemplo da continuidade



go, Xisco Feijó, María Vidal, Pichi Abollado ou Pedro Brañas, actual profesor da asociación. “Grazas a eles podemos agora transmitir todo isto e intentamos seguir facéndoo coas novas xeracións”, sinala. A investigación nas cancións, nas coplas e na vestimenta permitiu unha transmisión máis fiel do patrimonio

“O local do mosteiro converteuse nun punto de encontro onde se mesturaban nenos, mozos e xente maior”

inmaterial galego. No seu momento de maior esplendor, arredor de 1989, a asociación chegou a contar con máis de 70 compoñentes. Co paso dos anos, o número foi diminuindo, en parte polos cambios sociais e pola aparición doutras alternativas de ocio. “Antes non había outras actividades no pobo, pero agora hai fútbol, patinaxe, baile moderno... hai moitísimas cousas”, explica Cabaleiro. Iso fai que o folclore tradicional “adoite saír perdendo” fronte a outras opcións, salvo que exista unha tradición familiar ou un interese especial. A pesar diso, a asociación mantén unha base sólida. Actualmente conta cun grupo amplo de nenos pequenos e outro de medianos, chamado Rechouchíos. Dentro deste grupo destaca a parella Os Macacos de Lourenzá, que participa en concursos de canto e pandeirata con notable éxito, acadando numerosos premios. Nas categorías de maiores hai menos

xente, pero a esperanza é poder garantir a continuidade.

RETOS. O ano 2012 marcou outro momento clave na historia da Osorio Gutiérrez. A asociación estivo a piques de desaparecer por falta de relevo na directiva. Foi entón cando varias nais, xa con fillos no grupo, decidiron asumir a responsabilidade. “Non queríamos que isto rematara”, lembra Cabaleiro. Ese paso permitiu salvar a entidade e iniciar unha nova etapa. A presidenta quere destacar especialmente o papel do profesorado. “Temos dous profesores moi bos”, afirma. Pedro Brañas, profesor de baile, canto e pandeirata, é tamén director de Cantigas e Agarimos en Santiago, e Pablo Peláez encárgase da gaita. “Non sabemos ben a sorte que temos de poder contar con eles”, recoñece. A relación co Concello é boa, segundo explica, con colaboracións en forma de cesión de locais e apoio dentro das posibilidades municipais. Aínda así, admite que “gustaríanos que as administracións dedicaran un pouco máis nos seus orzamentos”, algo que considera un problema xeral do asociacionismo cultural.

No plano emocional, Cabaleiro lembra momentos moi especiais, como a actuación en Madrid, na Catedral da Almudena, convidados polo Centro Galego, ou o debut da asociación na festa do Conde Santo, nunha praza abarrotada. “Para min é un recordo do máis emotivo”, confesa. O principal reto actual é claro: “Manterse viva, poder seguir ensinando e facendo”. Para iso, a presidenta quere lanzar unha mensaxe de agradecemento a todas as persoas que axudan desde detrás: “Hai moitísima xente que colabora decorando, levando cousas, recollendo... sen eles sería imposible”. A Osorio Gutiérrez non é, insiste, un grupo pechado. “Somos un grupo aberto a todo o mundo, acolleamos a quen queira ver como é isto e como funcionamos. Temos as portas e os brazos abertos”. Esa filosofía de apertura, xunto coa memoria de corenta anos de historia compartida, é a base sobre a que a asociación quere seguir construíndo futuro en Lourenzá.

lourenzá

O alumnado do CEIP Juan Rey participa na creación dunha escultura colectiva



O CEIP Juan Rey de Lourenzá acolleu este venres unha iniciativa artística e educativa singular coa realización dunha escultura colectiva, baixo a dirección do artista vasco Sebas González. O proxecto, titulado *Ayudar*, foi promovido polo Concello e implicou directamente ao alumnado, transformando a creación artística nun proceso participativo e pedagógico.

Sebas González explicou que chegou a Galicia buscando un espazo afastado do ritmo das cidades para desenvolver a súa paixón creativa. Tras instalarse en Lourenzá, presentou ao Concello diversas propostas, coa primeira obra Campesino homenaxeando á vida rural e ao esforzo diario, seguida dunha escultura dedicada ao peregrino.

Posteriormente, decidiu implicar á infancia nun proxecto educativo, dando lugar a *Ayudar*, co obxectivo de transmitir valores como a colaboración, a solidariedade e o traballo en equipo a través da arte. A alcaldesa, Rocío López, destacou a importancia de chegar a creación artística ás aulas e de fomentar a participación do alumnado en proxectos culturais. Agradeceu ao artista "a súa iniciativa e boa disposición co Concello" e ao CEIP Juan Rey "por acoller e colaborar activamente na realización deste traballo", subliñando o valor de experiencias deste tipo para a educación e a formación integral do alumnado, ao mesmo tempo que se promove a cultura e a creatividade na comunidade.

Un libro rescata a memoria sonora dos históricos órganos do Mosteiro de Lourenzá

O patrimonio musical do Mosteiro de San Salvador de Lourenzá conta cunha nova obra de referencia: o libro *Os órganos de Lourenzá. Ecos do pasado, sons do futuro*. Ecos do pasado, sons do futuro, que analiza en profundidade a historia, valor artístico e significado cultural destes instrumentos. A publicación, promovida polo Grupo de Desenvolvemento Rural Terras de Miranda mediante a medida Leader, recolle unha investigación minuciosa sobre os órganos, considerados xoias únicas do patrimonio galego e os únicos de caixas xemelgas conservados no seu estado orixinal na comunidade.

O estudo aborda o contexto histórico, a relevancia musical e a singularidade destes órganos, ofrecendo unha visión que conecta pasado, presente e futuro. Durante a presentación, a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, destacou que iniciativas deste tipo poñen



en valor o rico patrimonio cultural do rural galego e amosan que estas contornas conservan un legado vivo capaz de acoller proxectos culturais de calidade. O libro preséntase como unha ferramenta esencial para a conservación, divulgación e transmisión deste legado musical ás novas xeracións, reforzando a identidade cultural de Lourenzá e de Galicia.

ourol

Ourol aproba definitivamente o orzamento municipal para 2026

O Concello de Ourol contará en 2026 cun orzamento xeral de 1.970.000 euros, unha vez que o Pleno municipal aprobou de forma definitiva as contas ao non rexistrarse alegacións durante o período de exposición pública. O acordo fora adoptado nunha sesión extraordinaria celebrada o pasado 23 de decembro de 2025.

O documento económico reflicte un peso moi significativo das operacións correntes, que concentran a maior parte dos recursos municipais. En concreto, os gastos de persoal superan os 1,16 millóns de euros, mentres que o capítulo destinado a bens correntes e servizos alcanza máis de 615.000 euros, consolidando así o funcionamento ordinario da administración local e a prestación dos servizos á veciñanza. No apartado de investimentos reais resérvanse algo máis de 135.000 euros, unha cantidade que permitirá acometer actuacións de mantemento e mellora das infraestruturas municipais. O orzamento non contempla gastos financeiros nin pasivos, mantendo unha estrutura



económica sen endebedamento.

Polo lado dos ingresos, o Concello susténtase principalmente nos impostos directos, que achegan preto dun millón de euros, así como nas transferencias correntes procedentes doutras administracións, que superan os 670.000 euros. As taxas e outros ingresos completan o financiamento das contas municipais.

Xunto coa aprobación definitiva do orzamento, o Pleno deu luz verde tamén á plantilla de persoal da Corporación, que inclúe funcionarios

de carreira, persoal laboral fixo e temporal, así como os postos vinculados aos servizos sociais, culturais, técnicos e de mantemento. Destaca especialmente o número de profesionais dedicados á axuda a domicilio, un servizo clave nun concello cunha poboación avellentada. Desde o Concello subliñase que estas contas buscan garantir a estabilidade económica da entidade, asegurar a continuidade dos servizos públicos e responder ás necesidades básicas da poboación ao longo do exercicio 2026.

O Concello ourolés aposta pola saúde e a atención a maiores

O Goberno local continúa a apostar por programas que fomenten a formación, o benestar e a calidade de vida da veciñanza cunha dobre oferta de servizos para os próximos días.

Por unha banda, o goberno local organiza un curso de primeiros auxilios que se desenvolverá o vindeiro 10 de febreiro, ás 16:30 horas, no Edificio Multiúsos municipal. A actividade conta coa colaboración da Escola Galega de Saúde para Cidadáns e ten como obxectivo proporcionar coñecementos básicos e prácticos para actuar ante accidentes ou incidentes no ámbito doméstico, laboral ou na vía pública. O Concello subliña que estas formacións fortalecen a capacidade de reacción da cidadanía en situacións de emerxencia e fomentan hábitos de prevención e coidado da saúde. As persoas interesadas poden formalizar a súa inscrición chamando ao Departamento de Servizos Sociais nos números 982 559 109 ou 677 489 457, ou a través da páxina web da Escola Galega de



Saúde para Cidadáns, onde tamén se ofrece información detallada sobre o curso.

Por outra banda, o Concello lembra que aínda hai prazas dispoñibles na Unidade Terapéutica para persoas con deterioro cognitivo ou outras demencias. As sesións celebraranse os martes, entre as 16:00 e as 19:00 horas, no Centro Social de Merille, e teñen carácter gratuíto. O programa ofrece actividades adaptadas ás necesidades cognitivas de cada participante e

busca mellorar a súa calidade de vida e benestar. Para máis información ou para reservar praza, os interesados poden poñerse en contacto co Departamento de Servizos Sociais nos mesmos teléfonos indicados.

Con estas iniciativas, o Concello de Ourol reforza o seu compromiso coa formación cidadá, a saúde e o coidado das persoas máis vulnerables, promovendo un municipio máis seguro e inclusivo para todos.

O Valadouro: José Manuel Lamela

“As principais necesidades do concello son o emprego e crear vivenda; ese son os obxectivos”



Tras un ano á fronte do Concello de O Valadouro, José Manuel Lamela fai balance dos proxectos iniciados, das necesidades da veciñanza e dos retos que aínda quedan por afrontar



DATOS

HABITANTES: 1.845.

PARROQUIAS: 10.

EXTENSIÓN: 110,45 km cadrados.

PARTIDO XUDICIAL: Mondoñedo.

CORPORACIÓN: 3 concelleiros do PSOE, e de VIA e 3 do PP.

ALCALDE: José Manuel Lamela de PP.

VOCEIRA UDI/VAL: María José Fernández.

VOCEIRO BNG: Eduardo Chao.

VOCEIRA PSOE: María Xosé Baerreira.

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.
Inicieime na política no ano 1995, cando fun concelleiro xunto a Eulogio Fernández Sampayo. Recordo que foi un momento clave, porque comecei a implicarme de maneira activa no concello e a coñecer as necesidades da veciñanza. Eulogio chamoume un día para pedirme se quería formar parte das súas listas e, dende aquel intre, quedei vinculado ao partido.

Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?
O impulso chegou no 2011, cando Eulogio se retirou e os compañeiros pedíronme que encabezara eu a lista. Gañamos as eleccións, aínda que sen maioría absoluta, polo que foi necesario o apoio do BNG para gobernar durante dous anos. Nas eleccións seguintes continuei encabezando a lista e agora, tras a dimisión da anterior alcaldesa no 2024, volvo asumir a alcaldía, continuando o traballo iniciado anos atrás e mantendo o compromiso coas veciñas e veciños.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?
Non considero que haxa un sacrificio directo, pero si que me privou de tempo libre. Agora que estou xubilado, teño que deixar de lado actividades familiares ou momentos persoais para atender asuntos do concello. A administración require moito tempo, desde atender persoas que se achegan ao despacho ata participar en reunións e tomar decisións sobre proxectos ou investimentos.

E beneficios?
O maior beneficio é a satisfacción de ver que se están facen-

do cousas polo pobo e polos veciños. Cando os proxectos finalizan ou os servizos melloran, sentes que o teu traballo ten sentido. Ademais, a confianza que a veciñanza deposita en ti e o recoñecemento ao teu esforzo son elementos moi valiosos.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?
Os meus obxectivos son rematar a lexislatura como alcalde cumprindo coas responsabilidades e coas promesas feitas aos veciños. Considero que o importante é consolidar os proxectos en marcha e garantir que se cumpran as necesidades básicas da veciñanza.

E de cara á próxima lexislatura?
Se os meus compañeiros así o consideran, estaría disposto a presentarme de novo. Antes quero centrarme en rematar esta etapa con todos os proxectos en curso.

Está a favor dos pactos para conformar un Goberno estable?
Non. Para levar adiante as ideas importantes, creo que é fundamental ter maioría absoluta. Nos pactos cada un mira polos seus intereses, o que pode limitar a capacidade de tomar decisións en beneficio do pobo.

Cales son as principais liñas do seu programa?
Seguir apoiando ás asociacións locais e rematar proxectos xa iniciados, como a remodelación da Praza de Santa María, e manter as pistas e infraestruturas municipais en bo estado. É fundamental que a veciñanza perciba que o Concello está activo e que se inviste en mellorar a calidade de vida.

Cales considera que son as principais necesidades do seu concello?
As principais necesidades son máis postos de traballo e novas

vivendas. Sen emprego estable e espazos dignos para vivir, é difícil que o concello medre e se desenvolva.

De que proxectos se sente máis orgulloso?
As subvencións conseguidas para proxectos como a remodelación da praza ou o cambio de cuberta do polideportivo. Son accións que melloran a vida diaria e que os veciños perciben directamente.

Que lle gustaría que os veciños

visen en vostede como alcalde?
Que son unha persoa normal, accesible, coa que se pode falar en calquera momento. Que estou disposto a escoitar e atender os problemas que se me presenten.

Como é a súa relación coa oposición?
A relación é normal. Hai debates e diferenzas, pero sempre se intenta atopar puntos de acordo para que o concello funcione da mellor forma posible.

“O maior beneficio é a satisfacción de ver que se están facendo cousas polo pobo e polos veciños, e que a veciñanza confía en ti e valora o teu esforzo”

EN CLAVE PERSOAL

Idade, estado civil e familiar.
Teño 72 anos, estou casado e teño dous fillos e tres netos.

Profesión e formación.
Son Mestre industrial e electricista. Botei 43 anos levando o mantemento de máquinas nunha empresa.

E se non fora alcalde que sería?
Volvería a facer o mesmo.

Que quería ser de maior?
Xa son maior (risas).

Que fai para desconectar?
Gústame moito a mecánica e a rehabilitación de motos.

Unha virtude e un defecto.
Como virtude, pois que vou de fronte e que tomo as cousas con calma. E defecto, que igual son demasiado impulsivo algunhas veces.

Un consello para compartir.
Que hai que ser sincero e desfrutar da vida.

Un libro.
Non son moito de libros.

Unha película.
Calquera película do Oeste.

Un grupo de música.
Pois en xeral gústanme todos os dos anos 60.

Unha afección.
As motos antigas.

Un lugar que visitar.
Italia.

Unha comida e unha bebida.
Cocido e un viño Ribera del Duero.

Unha personaxe admirada.
O meu pai.

Unha posesión prezada.
A miña casa, que me costou moito tempo facela.

Un desexo.
O tempo que viva, vivilo con saúde.

Algo para esquecer.
Nada.

Que é o que máis valora nunha persoa?
A sinceridade.

Como equilibra a vida pública e a privada?
A verdade que sen problema ningún.

Usa redes sociais e WhatsApp?
Si, Facebook e Whatsapp pero intento usalo o menos posible.

Un desafío pendente.
Facer un cruceiro.

Onde se ve en cinco anos?
Hai que ir día a día.

alfoz

Aprobado por unanimidade un Plan Antifraude para reforzar a transparencia municipal

O último Pleno aprobou por unanimidade o Plan de Medidas contra a Fraude, acompañado dunha Declaración Institucional que reforza o compromiso da corporación coa integridade e a boa gobernanza. Este plan estratéxico pretende mellorar os mecanismos de control interno, garantir unha administración máis transparente e responsable, e adaptarse ás esixencias da normativa europea e estatal relacionada co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O documento recolle actuacións concretas para a prevención, detección e corrección de irregularidades, así como para a loita contra a corrupción e os conflitos de intereses. Entre as medidas destacan a creación dunha Comisión Antifraude de ámbito muni-

cipal e a habilitación dunha canle interna de denuncias, que asegura confidencialidade e protección das persoas informantes. Estes instrumentos permiten detectar cedo prácticas irregulares e consolidar unha cultura de integridade no funcionamento da administración. O Plan Antifraude e a Declaración Institucional serán publicados na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia, garantindo á veciñanza acceso permanente á información e facilitando o control cidadán. A alcaldesa subliñou que a iniciativa representa un paso decisivo para asegurar unha xestión pública honesta, rigorosa e orientada ao interese xeral, fortalecendo así a confianza da cidadanía e a consolidación dunha administración moderna e transparente.

A vila podería cambiar de nome a Alfoz do Castrodouro

O Concello de Alfoz recibiu recentemente a comunicación oficial da Secretaría Xeral da Lingua sobre as modificacións propostas no Nomenclátor de Toponimia, resultado da revisión do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega e da Comisión de Toponimia. A principal novidade sería o cambio do nome oficial do municipio, que pasaría a chamarse Alfoz do Castrodouro, e da parroquia de O Castro de Ouro, que se transformaría en O Castrodouro. Ademais, numerosos topónimos locais recibirían adaptacións lingüísti-

cas para recuperar formas históricas e etimolóxicas correctas, incluíndo cambios como Clavos por Cravos, Corbite por Corvite ou Enxameado por Enxameo, así como a incorporación de novos lugares como Meixide ou Faián de Arriba.

A alcaldesa destacou que as propostas son lóxicas e xustas e subliñou que a decisión sobre o nome oficial debería contar coa participación da veciñanza. O Concello comprométese a informar aos cidadáns sobre os pasos seguintes ata a aprobación definitiva.

Promoven clases de baile de verbena para fomentar o lecer

O Goberno local lanza unha nova iniciativa de lecer orientada á aprendizaxe, a actividade física e a diversión: clases de baile de verbena abertas á veciñanza interesada en iniciarse ou perfeccionar distintos estilos de baile social. A actividade pretende ofrecer un espazo dinámico no que moverse ao ritmo da música e compartir tempo en boa compañía, ao mesmo tempo que se promove o benestar e a convivencia.

As sesións desenvolveranse todos os xoves, de febreiro a xuño, en horario de 18.30 a 19.30 horas. Durante as clases traballaranse ritmos popula-

res como rumbas, pasodobres, bachatas e tangos, cun enfoque práctico e adaptado a todos os niveis, tanto para iniciados como para persoas con experiencia.

O programa ten un custo de 35 euros por persoa e mes e está aberto a calquera que queira aprender novos pasos, manterse activo e gozar do baile como forma de ocio saudable. As prazas son limitadas, polo que o Concello recomenda realizar a inscrición con antelación chamando ao 982 55 80 01 para reservar ou solicitar máis información.

o valadouro

Valadouro esixe medidas urxentes para garantir un Correos digno

O servizo postal no Valadouro está a sufrir importantes deficiencias que motivaron reaccións de diferentes partidos políticos. O Bloque Nacionalista Galego reclamou ao Goberno do Estado a adopción de medidas urxentes para asegurar un Correos público, eficaz e adaptado ás necesidades da veciñanza. O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, anunciou iniciativas parlamentarias para frear o deterioro, alertando de que a redución de persoal provoca atrasos recorrentes, dificultades para persoas maiores e risco de privatización encuberta.

Rego cualificou de “inadmisíbel” a situación e reclamou un servizo con presenza real no territorio e atención digna á cidadanía. Pola súa banda, o portavoz municipal do BNG, Eduardo Chao, lembrou que o Concello aprobou por unanimidade unha moción para reclamar máis persoal e apoiar aos traballadores, destacando a coordinación do partido desde o



ámbito local até o estatal.

Ao mesmo tempo, os senadores do Partido Popular pola provincia de Lugo presentaron preguntas no Senado solicitando explicacións ao Executivo sobre o funcionamento da oficina de Correos do Valadouro, iniciativa promovida polo alcalde José Manuel Lamela ante a crecente preocupación veciñal. Os representantes populares alertan de que só dous carteiros atendían todo o ser-

vizo postal do Valadouro e Alfoz en decembro pasado, sen cubrir baixas por xubilación nin ausencias temporais.

José Manuel Balseiro destacou que os carteiros exercen un papel esencial no rural, compensando a falta doutros servizos básicos, e esixiu medidas urxentes para garantir un servizo postal digno e de calidade, evitando que a veciñanza siga sendo prexudicada.

O Club Hípico Terras do Mariscal renuncia a organizar un *raid* tras anos de xestións

O Club Hípico Terras do Mariscal anunciou que abandona o proxecto de organizar unha proba de *raid* hípico, despois de catro anos de xestións, negociacións e dificultades tanto institucionais como federativas. A entidade considera esgotadas todas as vías para sacar adiante a competición e decidiu redirixir os seus esforzos á participación en probas xa consolidadas en Galicia e Asturias.

Segundo explicou o club, a finais de 2024 o presidente mantivo contactos co Concello de O Valadouro, que se comprometeu a financiar integramente a proba prevista para

2026. Non obstante, ao fixar o calendario da Federación Hípica Galega, o novo goberno municipal aínda non estaba constituído, deixando ao club fóra das datas oficiais. Durante o pasado ano, a entidade retomou as conversacións co Concello sen obter unha resposta clara, e tras semanas de escasa atención por parte da concelleira de Deportes decidiu contactar co alcalde, quen finalmente confirmou que non apoiarían a iniciativa.

O club buscou entón alternativas en Alfoz, co que comparte o val da entidade. Desde Alfoz ofreceron financiar arredor do 70 % da proba

e apoio logístico, pendente de confirmar a data coa Federación Hípica Galega. Porén, esta informou que o calendario reduciríase a sete probas debido a recortes orzamentarios, imposibilitando incluír a competición. Ante esta situación, a dirección do club decidiu non seguir adiante, entendendo que os recursos municipais podían destinarse a outros proxectos. O Club Hípico Terras do Mariscal agradeceu o apoio de Alfoz e lamentou a falta de atención de O Valadouro, pechando así unha etapa de loita por traer a proba á zona e abrindo unha nova fase centrada na participación deportiva.

O Valadouro renova o pavillón polideportivo grazas ao apoio da Xunta

No Valadouro, veciños e usuarios do pavillón polideportivo municipal puideron comprobar as melloras realizadas grazas á achega da Xunta de Galicia. As obras, financiadas con 60.000 euros do Fondo de Cooperación Local, centraronse na substitución da cuberta, así como dos caleiros e baixantes, aumentando a seguridade e o confort tan-

to para os alumnos do colexio como para a veciñanza en xeral. O Concello subliña que “estas actuacións permiten contar cun pavillón máis seguro e funcional, adaptado ás necesidades escolares e comunitarias”. Desde a Xunta destacan que este tipo de axudas buscan garantir servizos de calidade mesmo nos municipios de menor po-

boación, fomentando a participación cidadá e o uso responsable das instalacións.

As melloras reforzan a práctica deportiva, a educación e a vida social local, convertendo o pavillón nun espazo seguro e cómodo para todas as actividades escolares, culturais e deportivas que acolle a comunidade do Valadouro.



O Concello reitera as súas queixas ante Correos polo deterioro do servizo postal

O Goberno local presentou unha nova reclamación formal á Dirección de Correos para denunciar as continuas deficiencias no servizo postal do municipio. Trátase da segunda queixa nos últimos meses, despois de que a primeira, enviada en setembro de 2025, non obtivese resposta nin melloras visibles. Segundo o goberno local, a situación agravouse pola falta de cobertura de persoal na oficina de Trabada. A baixa da titular e a demora na incorporación de substitutos provocan atrasos de varios meses no reparto, notificacións que non chegan, xornadas sen servizo e acumulación de envíos pendentes. O alcalde, Rubén García Freije, subliña que se trata dun “servizo básico e

esencial” que afecta á vida diaria da veciñanza e á actividade administrativa e económica do concello, e considera “inadmisible” que persista esta situación por falta de planificación. Na nova comunicación, o Concello reclama a cobertura inmediata das baixas e prazas vacantes, unha organización que garanta o reparto diario e regular da correspondencia e unha revisión estrutural de persoal e horarios de atención. García Freije recalca que “o noso deber é defender os dereitos da veciñanza e esixir que os servizos públicos se presten en condicións dignas”, e anuncia que manterán unha postura firme ata conseguir un servizo postal continuo e equiparable ao doutros municipios.

O Goberno local organiza unha viaxe a San Sebastián, Bilbao e Castro Urdiales

O Concello de Trabada vén de anunciar unha nova edición do programa “Viaxa co Concello”, unha proposta de turismo social coa que a veciñanza poderá participar nunha viaxe organizada a San Sebastián, Castro Urdiales, Bilbao e San Juan de Gaztelugatxe, que terá lugar os días 13, 14 e 15 de marzo. Segundo informa o Concello, o prazo de inscrición abrirá mañá ás 9.00 horas nas oficinas municipais. A actividade conta con prazas limitadas e está dirixida a veciños e veciñas empadroados no Concello de Trabada, maiores de idade. No caso de quedar prazas libres unha vez pechado o prazo, poderán participar persoas con familiares empadroados no municipio,

previa inscrición. A viaxe terá un prezo de 265 euros por persoa e inclúe seguro de viaxe, dúas noites de aloxamento en hotel de catro estrelas, almozos bufete do sábado e do domingo, comidas de venres e domingo, así como ceas bufete as noites do venres e do sábado. Ademais, está incluída a entrada ao tren turístico en San Sebastián. A ruta gastronómica prevista na capital guipuscoana non está incluída no prezo. Desde o Concello destacan que esta iniciativa busca promover o lecer, a convivencia e o encontro entre veciños, ao tempo que se facilita o acceso a experiencias turísticas organizadas nun ambiente próximo e accesible.

Trabada impulsa melloras en espazos públicos e servizos

O Concello de Trabada continúa a impulsar un conxunto de actuacións para mellorar os servizos, as infraestruturas e a dinamización da vida social nas distintas parroquias do municipio. Nas últimas semanas, as intervencións abranguen desde a creación de novos centros sociais ata reformas en teleclubs, fontes públicas e a reapertura parcial de instalacións deportivas tras un incendio, reflectindo o compromiso do goberno local coa calidade de vida da veciñanza. A parroquia de Abres conta desde este domingo cun novo centro social, inaugurado pola presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, xunto ao alcalde trabadense, Rubén García. Financiado con 190.000 euros pola Deputación, o edificio está destinado á convivencia veciñal e á promoción de actividades comunitarias e culturais. López destacou que espazos como este son “fundamentais para manter viva a actividade social e reforzar os vínculos entre a veciñanza”, e eloxiou a capacidade do Concello de traballar con outras administracións para conseguir apoio financeiro e técnico. Durante a súa visita, a presidenta tamén supervisou a estrada LU-P-6101 recentemente renovada e achegouse ao Centro de Atención a Maiores que a Deputación xestiona en Trabada, co obxectivo de coñecer de primeira man as necesidades locais.



En paralelo, o Concello anunciou a reforma integral dos teleclubs das parroquias de Sante e Vilapena, cun investimento superior aos 50.000 euros, grazas á colaboración coa Deputación. As actuacións inclúen a modernización de interiores, renovación de chans, pintura, instalación de falso teito, mellora da iluminación e construción de ramplas e novas barandas para garantir accesibilidade e seguridade. Estes proxectos buscan adaptar os espazos ás necesidades actuais, consolidando lugares de encontro e fomentando actividades para todas as idades. Na Vilapena, ademais, xa está dispoñible unha nova fonte pública que asegura o abastecemento de auga, unha actuación sinxela pero moi demandada, que contribúe á calidade de vida dos veciños e veciñas e poñen en

valor un recurso básico no rural. Finalmente, o Concello confirmou a reapertura parcial do pavillón e ximnasio municipais tras o incendio rexistrado o pasado 3 de xaneiro na zona de vestiarios. A reapertura permitirá retomar a actividade deportiva, mantendo pechados os vestiarios ata completar a súa reparación, garantindo a seguridade das persoas usuarias e a continuidade das actividades. Estas actuacións enmárcanse nunha liña de traballo continuada orientada á mellora de espazos públicos, á promoción da vida comunitaria e á prestación de servizos de calidade, reforzando o compromiso do Concello co desenvolvemento sostible do territorio e co benestar da veciñanza, especialmente nas parroquias máis pequenas.

Ampliado o parque de vivenda social cunha nova rehabilitación

O Concello de Trabada continúa a súa aposta polo alugueiro social e a fixación da poboación no ámbito rural. Recentemente, o goberno local solicitou unha axuda ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) para rehabilitar a antiga Escola da Vilapena, cun orzamento superior a 68.000 euros. O obxectivo é incorporar este inmovible ao parque municipal de vivendas sociais, ofrecendo novas opcións de acceso á vivenda á veciñanza. Segundo explicou o alcalde, Rubén García, “esta actuación forma parte dunha estratexia clara de apoio á vivenda no ru-

ral, coa que pretendemos ofrecer oportunidades reais para vivir no noso concello”. O Concello destacou o intenso traballo técnico e administrativo realizado para presentar a solicitude nun prazo moi curto, garantindo opcións reais de acadar a axuda. De resultar beneficiarios, a vivenda da Vilapena sumárase ás xa rehabilitadas noutras parroquias, como Trabadelas, Sante, Vilapercide, Vidal ou Valboa, esta última en proceso de acadar a habitabilidade. Ademais, o Concello anunciou a apertura do prazo de solicitudes para a nova vivenda de alu-

gueiro social na antiga Escola de Mestres de Valboa. As persoas interesadas dispoñen dun mes para formalizar a súa solicitude, cun prezo mensual de 143,82 euros, mantendo condicións accesibles. Rubén García subliña que “seguimos apostando polo alugueiro social como ferramenta fundamental para facilitar o acceso á vivenda, fixar poboación e combater o despoboamento no noso concello”, consolidando o compromiso do Concello coa dinamización, o benestar da comunidade e un modelo de desenvolvemento sostible no rural.

DEPUTACIÓN

O primeiro pleno de Carmela López tratou tres mocións sobre Mercosur

O Pleno da Deputación de Lugo estivo marcado polo debate arredor do acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur, nunha sesión na que se presentaron tres mocións distintas sobre esta cuestión e que saíron adiante as propostas do PSOE e do PP, mentres que a do BNG foi rexeitada. Foi ademais o primeiro pleno presidido por Carmela López, alcaldesa de Burela, nun contexto aínda condicionado polas recentes mobilizacións do sector agrario.

Cada grupo levou ao debate a súa propia iniciativa, con enfoques diferentes. PSOE e PP amosaron unha posición favorable ao acordo, aínda que condicionada ao reforzo dos controis e á garantía da seguridade alimentaria, mentres que o BNG defendeu o rexeitamento do tratado ao considerar que terá graves consecuencias para a produción agrogadeira galega. O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, acusou socialistas e populares de apoiar as protestas do sector mentres avalan o acordo nas institucións europeas. A moción nacionalista foi rexeitada cos votos en contra do PSOE.

A través da iniciativa socialista, o Pleno acordou instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a defender os intereses do sector gandeiro, esixindo unha aplicación responsable do acordo con Mercosur. A proposta foi aprobada coa abstención do PP e o voto en contra do BNG. A presidenta da Deputación, Carmela López, subliñou que o novo escenario para o sector primario debe afrontarse con rigor e respon-



sabilidade política. Pola súa banda, o deputado Xosé María Arias advertiu dos riscos dunha aplicación desequilibrada do tratado e defendeu a activación de cláusulas de salvagarda, o reforzo dos controis fronteirizos, a promoción da carne galega e unha PAC forte.

O Partido Popular tamén sacou adiante a súa moción en defensa do sector primario, pola abstención do PSOE e do deputado non adscrito, e o voto en contra do BNG. A proposta reclama máis fondos para a PAC, frear a aplicación provisional do acordo sen garantías e asegurar que os produtos importados cumpran os mesmos requisitos que os produtores locais. O portavoz popular, Antonio Ameijide, lamentou a falta de consenso e criticou tanto ao BNG como ao PSOE polas súas posicións en relación co tratado.

Fóra do debate sobre Mercosur, o Pleno aprobou unha iniciativa do goberno provincial para reclamar á

Xunta un incremento do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) ata cubrir o seu custo real. A proposta contou cos votos favorables do PSdeG e do BNG e co rexeitamento do PP. Carmela López destacou que os concellos están a asumir unha carga económica excesiva na prestación deste servizo básico.

Así mesmo, o BNG conseguiu o apoio unánime do Pleno para reclamar ao Goberno do Estado que negocie coa Comisión Europea a exclusión da frota artesanal do Regulamento de Control da Pesca. O deputado Daniel García pediu que se dea voz en Bruxelas á pesca artesanal galega e instou á Xunta a exercer as súas competencias en augas interiores. Por último, o PP volveu levar ao Pleno a situación da residencia e centro de día de Becerreá, sen éxito. Os populares denunciaron que o proxecto continúa bloqueado e acusaron ao goberno provincial de manter unha estratexia dilatoria.

TOMA DE POSESIÓN



A alcaldesa de Burela, a socialista Carmela López, foi elixida nova presidenta da Deputación tras obter o apoio dos deputados do PSOE, do BNG e do integrante do grupo mixto, o expresidente José Tomé. A súa elección supón a continuidade do acordo de goberno progresista que viña funcionando na institución provincial nos últimos anos.

A votación desenvolveuse sen sorpresas e concluíu coa elección de Carmela López ao acadar os 13 votos necesarios para acceder á Presidencia. A proclamación foi recibida cun longo aplauso tanto no salón de plenos como no espazo anexo, onde numerosos cargos públicos, familiares e persoas achegadas seguiron a sesión.

Tras a proclamación, a nova presidenta xurou o cargo, recibiu o bastón de mando e asinou no libro de honra da Deputación, cumprindo co protocolo institucional. Con esta elección, PSOE e BNG revalidan o pacto de goberno que quedara interrompido a comezos de decembro, cando José Tomé presentou a súa dimisión como presidente tras

coñecerse unha denuncia por presunto acoso sexual.

No seu primeiro discurso como presidenta, Carmela López asegurou asumir a responsabilidade “desde a igualdade” e puxo en valor o camiño percorrido para avanzar na presenza das mulleres na política. Destacou a súa experiencia como alcaldesa, que definiu como “o cargo máis fermoso da política”, e comprometeuse a gobernar con diálogo, proximidade e firmeza, defendendo que o seu compromiso agora é co conxunto da provincia. López salientou tamén o traballo realizado polo anterior goberno bipartito, ao que cualificou de estable e útil, e agradeceu a confianza depositada nela polo seu partido ao longo da súa traxectoria política. Á oposición tendeu a man para acadar acordos que beneficien á cidadanía, insistindo en que por riba das diferenzas debe prevalecer o interese xeral da provincia.

O pleno contou coa presenza de destacados dirixentes políticos, entre eles José Ramón Gómez Besteiro, e Elena Candia.

A Deputación reivindica en Fitur un turismo ligado ao territorio

A Deputación presentou na Feira Internacional de Turismo de Madrid (Fitur) a súa nova estratexia de promoción baixo o lema *Provincia de Lugo, Reserva Natural*, unha campaña que aposta por poñer en valor o patrimonio ambiental da provincia como base dun modelo turístico equilibrado, respectuoso co medio e vencellado á poboación local. A iniciativa foi presentada pola Presidenta da institución provincial, Carmela López, acompañada polo cineasta Óliver Laxe, no expositor de Galicia. A campaña contou coa participación de dúas persoas estreitamente ligadas ao territorio e ao traballo de

conservación que nel se desenvolve. Por unha banda, o cineasta Óliver Laxe, de recoñecemento internacional e con raíces nos Ancares lucenses, representante da Asociación SER de Navia de Suarna; e, pola outra, Martiño Cabana, integrante da Asociación Galega de Custodia do Territorio, con sede na Casa das Insuas de Rábade. Ambos achegaron a súa visión sobre dous espazos cunha identidade marcada, que condiciona a forma de vida das comunidades que os habitan.

Durante a súa intervención, Carmela López puxo o acento en que máis do 80 % da superficie provincial conta

con algún tipo de figura de protección, un dato que, segundo sinalou, define o carácter da provincia como un espazo diverso, coidado e auténtico, cada vez máis demandado por quen busca experiencias turísticas ligadas á natureza. A Presidenta lembrou que a Deputación xestiona directamente dúas reservas da biosfera: Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

López defendeu estas reservas como territorios dinámicos nos que o desenvolvemento sostible se constrúe a partir do respecto polo medio e pola identidade local. Neste sentido,



destacou que Terras do Miño foi a primeira reserva da biosfera declarada en Galicia no ano 2022 e que é a única da Península Ibérica que inclúe unha capital de provincia, Lugo, un exemplo da integración entre cidade e contorna natural. En canto aos Ancares lucenses, subliñou que este ano celebran o seu 20 aniversario e continúan reforzando a súa proxeción como Destino Turístico Star-

light, cun ceo nocturno que conserva condicións excepcionais. Ademais, apuntou que o próximo 12 de agosto a provincia ofrecerá condicións privilexiadas para a observación dun eclipse solar pola súa situación xeográfica.

No acto presentouse un novo audiovisual promocional que percorre as dúas reservas da biosfera xestionadas pola Deputación.

DEPORTES

O Mago de Castropol domina a xornada de billarda da LNB



Por Daniel Rodríguez Saavedra.

O Mago de Castropol protagonizou unha xornada para esquecer no campo da Paloma, en Castropol, marcada por choiva e vento que dificultaron a práctica da billarda. As condicións extremas reflectíronse nos resultados: só sete dos 56 participantes superaron os dez puntos. O triunfo absoluto correspondéulle a Navallo, que pareceu domar o vento para guiar a billarda cara ao varal. A loita polo podio estivo moi axustada, con tres xogadores separados por un punto. No desempate, o trasno Gundar e o avó Félix aseguraron a segunda e terceira posición, deixando fóra ao mozo Marcos. Na categoría feminina, Cris impúxose, seguida de Pamela, mentres que o tercei-

ro posto foi para Inés tras sorteo. Nos infantís, Mateo foi o único en puntuar, proclamándose vencedor, e o segundo e terceiro postos recaeron en Antía e Martín por sorteo. Na clasificación por equipos, Troitas Bravas continuou liderando, demostrando axilidade mesmo nas adversas condicións meteorolóxicas, seguida a certa distancia por Madia Leva e Billardeiros Musicais. A xornada pechouse coa entrega de agasallos, deixando unha puntuación media histórica e lembranza dunha das competicións máis duras da LNB. A serpe multicolor da liga non se rende e prepara xa a seguinte cita, que terá lugar o 22 de febreiro en Castro de Ribeiras de Lea.

O pontenovés Daniel Moirón continuará á fronte do Ribadeo FC

O Ribadeo FC decidiu manter a Daniel Moirón como adestrador do primeiro equipo ata o remate da presente tempada. O técnico de A Pontenova conta cunha ampla traxectoria no fútbol da comarca. Ademais da súa etapa actual, xa dirixira ao Ribadeo FC en Preferente entre os anos 2021 e 2024, acumulando tamén experiencia á fronte do Santaballés e do Sporting Pontenova.

Finalmente seguirá á fronte do Ribadeo FC ata o final da tempada. Como se sente persoalmente ante este reto?

Ao principio fíxoseme un pouco estraño, porque levaba tempo sen adestrar e collín isto como algo puntual. Co paso das semanas funme sentindo cada vez máis cómodo e agora estou ilusionado e con moitas ganas de facer as cousas ben. O apoio dos xogadores e tamén da directiva foi clave para dar o paso e decidir continuar. Sentín confianza desde o primeiro momento, e iso sempre axuda.

Como atopou ao equipo no plano anímico nestas últimas semanas? O equipo está ben anímicamente, moi contento e con moitas ganas. No vestiario respírase ilusión e ambición, e hai somos un grupo que quere pelexar polos postos de promoción de ascenso. Iso é importan-



te, porque cando hai bo ambiente e ganas de competir, o traballo diario faise moito máis doado.

Cando fala cos xogadores, en que insiste máis?

O primeiro que lles digo é que temos un moi bo cadro de xogadores. Insístolles moito en que sexan eles mesmos, que xoguen sen complexos e que compitan ao nivel que saben competir. A partir de aí, se facemos as cousas ben e confiamos no que temos, os resultados acabarán chegando.

Que supón a nivel persoal dirixir ao Ribadeo FC?

Ao final, estas nun club ou noutro, o importante é desfrutar do día a día. Evidentemente o Ribadeo é un club máis grande, cunha estrutura distinta, e iso nótase, pero no fondo

as cousas son as mesmas: adestrar, preparar os partidos e intentar dar o máximo. Para min é unha oportunidade bonita e estou vivíndoa con naturalidade.

Cando remate a tempada, que lle gustaría ter conseguido, máis alá dos resultados?

Está claro que todos queremos bos resultados, pero para min hai algo máis importante. Gustárame que os xogadores sexan felices, que desfruten do camiño, porque ao final isto é un xogo. Pode saír cara ou cruz, pero o fundamental é sentirse orgulloso do traballo feito. Se ao final da tempada os xogadores senten que deron todo e que estiveron ben como grupo, para min ese será o mellor resultado, se nos clasificamos ou non xa se verá.

O Reyco Burela FS reforza os lazos institucionais coa Deputación de Lugo



Unha representación do Reyco Burela FS, encabezada polo presidente José Luis Sáez e acompañada polas xogadoras Ana Eliza e Irene, visitou o Pazo de San Marcos para reunirse coa Deputación de Lugo. Durante o encontro entregaron unha camiseta oficial ao vicepresidente Efrén Castro, quen reiterou o compromiso da institución con apoio

estable e continuado ao club, destacando a súa traxectoria deportiva, labor coas categorías base e aposta pola igualdade. O tenente de alcaldesa Mario Pillado subliñou o valor do proxecto máis alá das clasificacións. O Burela FS recibirá 152.000 euros da Deputación para gastos da tempada, ademais de 25.000 euros á Fundación Imdecum.

Barreiros acollerá a chegada dunha etapa histórica do Gran Camiño

A volta ciclista profesional O Gran Camiño fará historia ao chegar por primeira vez ás comarcas da Mariña e da Terra Chá na súa vindeira edición. A etapa lucense partirá de Vilalba e rematará nas praias de Barreiros, ofrecendo unha oportunidade única para amosar ao mundo dous territorios emblemáticos de Lugo. O evento contará, como en edicións anteriores, co patrocinio da Vicepresidencia da Deputación. Durante a presentación, o vicepresidente Efrén Castro resaltou a colaboración mantida con O Gran Camiño desde a súa primeira edición e subliñou o ciclismo como ferramenta para poñer en valor o territorio. Destacou que a proba leva deporte internacional de alto nivel a concellos medianos, que dificilmente poderían acoller

eventos desta magnitude noutros deportes, e agradeceu o esforzo organizativo e loxístico dos municipios anfitrións. A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, subliñou que acoller a chegada desta etapa é froito do traballo continuado no ámbito deportivo e da aposta polo deporte base. Destacou tamén que a meta profesional servirá para proxectar Barreiros e a Mariña, crear referentes deportivos para as novas xeracións e consolidar a tradición ciclista da comarca. A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, valorou a elección da súa localidade como punto de saída, destacando paisaxes, tradición ciclista e eventos históricos como o Día da Bicicleta ou a Ruta Ciclista San Simón da Costa.

Xove converterase en referente do trail coa celebración da VII Costa Trail

O municipio de Xove volverá situarse no mapa do deporte de montaña coa celebración da VII edición da Xove Costa Trail (XCT), unha cita xa consolidada no calendario galego que terá lugar os días 1, 2 e 3 de maio de 2026. A proba reunirá a centos de participantes nun espectacular percorrido pola costa e polos montes do municipio, combinando deporte, natureza e promoción do territorio. A organización ten previsto un amplo programa de carreiras adaptadas a distintos niveis e idades. O evento incluírá a XCT 37K, a distancia máis esixente, así como a XCT 21K e a XCT 11K, pensadas para corredores con diferentes graos de preparación. Ademais, celebrarase unha andaina popular e unha XCT Nen@s destinada ao público infantil, co obxectivo de fomentar o deporte desde idades temperás.

Club de Tiro San Roque: 49 anos de tradición e competición

De humildes inicios a instalacións de última xeración, o club viveirense mantense como referente do tiro deportivo na Mariña

Por Ana Somoza.

O Club de Tiro San Roque de Viveiro naceu oficialmente en febreiro de 1977 grazas ao esforzo dun grupo de afeccionados ao tiro ao prato. Tal e como lembra Juan Casabella, actual presidente, “unha directiva con visión de futuro decidiu mercar uns terreos en San Roque e crear dúas canchas de foso olímpico, pioneiras na provincia de Lugo”. Este feito consolidou ao club como unha referencia na zona, sendo hoxe o único campo destas características en toda a provincia.

Casabella sinala que, en Galicia, con canchas de foso olímpico só contan Santiago de Compostela, As Pontes, e o Viveiro, o que lles permite organizar tiradas oficiais da Federación Galega de Tiro e ter un peso específico moi relevante dentro do deporte. “Froito do esforzo da xente que empezou, hoxe podemos dicir que temos unhas instalacións que son un orgullo para Viveiro e para toda a comarca”, engade.

O impulso inicial para crear o club naceu da paixón polos deportes de tiro. Casabella explica que era xente que xa practicaba o tiro ao prato e ao pichón, pero que carecía dun espazo estable e seguro: “Era xente que quería contar cun lugar preparado para practicar con garantías e fomentar o deporte na zona”. No seu caso persoal, comenta que entrou no club no ano 2000 por cuestión familiar: “O avó da miña muller foi socio fundador e o meu sogro estivo na directiva, e pouco a pouco foi meténdome o verme deste deporte”. Non obstante, tamén destaca un aspecto que preocupa ao club desde hai anos: a falta de relevo xeracional. “É moi custoso para un rapaz novo iniciarse neste deporte se non ten alguén da familia que xa o practique. A burocracia, os exames, os psicotécnicos e o custo económico do material son un freo importante”, asegura Casabella.

EVOLUCIÓN. Os primeiros anos do club foron humildes. Tal e como lembra o presidente, “comezamos cun foso pequeno e cinco máquinas manuais”. Naquel tempo, a tecnoloxía era moi limitada: había un xerador eléctrico, un botón para lanzar os pratos e unha persoa que cargaba os pratos manualmente. “Ou nos adaptabamos aos tempos ou o club estaba condenado a desaparecer”, sinala Casabella,

e foi precisamente esa conciencia a que motivou a modernización do club. Hoxe contan con dúas canchas con dous fosos olímpicos completos, equipados con quince máquinas cada un, totalmente dixitalizadas e automatizadas. “A tecnoloxía que usamos é de última xeración e tamén moi custosa, pero era imprescindible para garantir a continuidade do club e a calidade das instalacións”, explica. Ademais do salto tecnolóxico, o club avanzou na profesionalización da xestión e na formación

cinco postos de tiro e que, desde cada un, lánzanse pratos ao azar: dous á dereita, dous á esquerda e un central. “Estamos a falar de máis de dous millóns e medio de variantes posibles, polo que a concentración e o adestramento son fundamentais”, subliña.

Nas competicións oficiais, gaña quen máis pratos rompe dun total de 125. A munición empregada é de calibre 12, con cartuchos de 24 gramos de pólvora, e a distancia de seguridade é de 50 metros: “A máis de esa distancia

“A tecnoloxía que usamos é de última xeración, pero era imprescindible para garantir a continuidade do club”



ña. Segundo Casabella, “somos o único club de tiro deportivo en toda a Mariña e, na provincia de Lugo, só existimos nós e o Vía Kü-nig de Becerreá con instalacións propias. Isto permite manter vivo

evento especial para nós, porque reúne tanto a tiradores veteranos como a novos valores e forma parte da historia do club”. O club tamén conta con logros deportivos destacables nos últimos anos. O presidente menciona o Campionato de España Individual de Segunda Categoría acadado por Antonio Novo, así como numerosos ascensos de categoría a nivel nacional. “De feito, somos o club de Galicia con máis tiradores en Primeira Categoría, algo que nos enche de orgullo”, afirma.

FUTURO. Un dos grandes retos do club é garantir o relevo xeracional. Casabella lamenta que a burocracia e os custos dificulten a incorporación de novos deportistas: “Queremos que o club siga medrando, que haxa rapaces novos que se acheguen ao tiro e que poidamos garantir a continuidade do noso traballo”, explica.

Para fomentar a formación, o club organiza cursos con adestradores nacionais de primeiro nivel, como Jesús Serrano Lara, extirador olímpico natural de Cuenca. Estes cursos axudan a preparar novos tiradores e a manter altos estándares de calidade dentro do club. As instalacións tamén se manteñen en perfecto estado, con inspeccións periódicas da Garda Civil e todas as licenzas e permisos en regra. “Temos zonas delimitadas para tiradores e público, garantimos a seguridade e a profesionalización da práctica deportiva”, asegura Casabella.

Ademais, o club recibe apoio do Concello de Viveiro e da Deputación para cubrir custos como o seguro das instalacións. “Aínda que nos gustaría recibir máis apoio, valoramos moito estas colaboracións, sen elas sería moi difícil seguir adiante”, conclúe. A pesar das dificultades, Juan Casabella mantén unha visión optimista sobre o futuro do club: “O gran reto é seguir medrando, atraer xente nova e manter vivo este deporte na Mariña. Queremos continuar transmitindo aos máis novos a paixón polo tiro e a disciplina que este deporte require”.

“Somos o club de Galicia con máis tiradores en Primeira Categoría, algo que nos enche de orgullo”

é practicamente inofensiva, polo que se garante a máxima seguridade durante a práctica”, comenta o presidente. Casabella sinala que o foso olímpico esixe non só habilidade física, senón tamén unha gran capacidade de concentración e constancia: “Non é un deporte moi físico, pero require moitísima disciplina e concentración”, engade.

COMPETICIÓNS. O Club de Tiro San Roque de Viveiro ten un papel central na promoción do tiro deportivo na comarca da Mari-

o deporte na zona e ofrecer unha experiencia completa aos tiradores”.

Ao longo do ano, o club organiza numerosas competicións oficiais da Federación Galega, como os campionatos galegos ou probas da Copa Galicia. Ademais, celebrou durante décadas a Gran Tirada Concello de Viveiro, que se celebra cada 15 de agosto e que no 2026 chegará á súa 48ª edición. Casabella recalca que esta proba é probablemente a máis antiga de Galicia e, posiblemente, tamén de España: “É un

COLABORACIÓN

Pesca de baixura: a necesidade dunha norma proporcional

PESCA



Máximo Díaz,
Confraría de
Pescadores de Celeiro

Recentemente, a pesca costeira e de baixura foi protagonista en todos os medios nacionais de comunicación, e non resulta sorprendente. España, con máis de 7.500 km de costa e arredor de 12.000 embarcacións artesanais, conta cun sector de suficiente relevancia social, económica e ambiental como para esixir atención. O seu potencial pesqueiro, de carácter primario, representa un recurso estratéxico, ao tempo que afronta importantes desafíos regulatorios que ameazan a súa sustentabilidade e viabilidade.

A flexibilización anunciada polo Goberno español (SGP_MAPA) na aplicación do Regulamento de Control da Unión Europea supuxo un alivio temporal para a pesca de baixura, tras un período de incerteza e mobilización do sector. Porén, esta medida non debe interpretarse como unha solución definitiva. Máis ben, constitúe unha vitoria conxuntural, parcial e transitoria: “gañouse unha batalla, pero non a guerra”. O problema de fondo permanece, e a súa resolución dependerá das decisións que se adopten en Bruxelas. O risco, polo tanto, segue presente. A normativa actual, tal e como está deseñada, constitúe un perigo latente e tanxible para a pesca costeira, e a inacción podería ter consecuencias graves. A urxencia reside en loitar por modificar o Regulamento de Control, adaptándoo e flexibilizándoo sen renunciar ao control, garantindo así a supervivencia do sector.

O Regulamento persegue obxectivos lexítimos e compartidos pola pesca costeira: a trazabilidade, a loita contra a pesca ilegal e a sustentabilidade dos recursos. O conflito xorde pola súa aplicación ríxida e homoxénea, pensada para frota industriais e grandes buques, pero imposta sen adaptación á realidade da frota artesanal. As embarcacións de baixura son pequenas, con limitacións técnicas, tripulacións reducidas e unha alta dependencia dun medio mariño imprevisible. A norma, na súa forma actual, non distingue entre a pesca industrial e a artesanal, xerando un desaxuste que ameaza a viabilidade económica e social de milleiros de familias. A pesca de baixura é esencial desde o punto de vista social, económico e territorial. Xera emprego estable,

fixa poboación en áreas costeiras e contribúe a manter vivo un tecido social e económico. A súa actividade baséase en artes selectivas e de baixo impacto ambiental, contribuíndo á conservación dos ecosistemas mariños. Porén, a imposición de cargas burocráticas desproporcionadas non fortalece o control, senón que incrementa a inseguridade xurídica, eleva o risco laboral e favo-

“Adaptar a norma non significa renunciar á sustentabilidade, senón facela viable”

rece o abandono da actividade. En consecuencia, os efectos negativos non só afectan aos pescadores, senón tamén ás comunidades que dependen desta actividade e á propia sustentabilidade do recurso. A desproporción do Regulamento evidénciase en múltiples ámbitos. Por exemplo, a obriga de informes exhaustivos e diarios sobre capturas, a obrigatoriedade de manter rexistros complexos, a instalación de sistemas de seguimento tecnolóxico e o cumprimento de controis



e sancións deseñados para grandes frota xeran unha carga administrativa desmesurada para embarcacións con tripulacións de dúas ou tres persoas. A norma, sen axustes, resulta impracticable e xera un estrés regulatorio que ameaza a continuidade do sector. Adaptar a norma á realidade da pesca costeira non significa renunciar ao control nin á sustentabili-

de. Significa aplicar o principio de proporcionalidade: axustar as esixencias ás capacidades da frota artesanal, sen comprometer os obxec-



tivos de trazabilidade, loita contra a pesca ilegal e sustentabilidade dos recursos. A proporcionalidade permitiría simplificar os procesos administrativos, reducir os custos operativos, manter a seguridade xurídica e fomentar a continuidade da acti-

á identidade cultural do territorio. A súa importancia ambiental é notable: ao empregar artes de baixo impacto, protexe os ecosistemas

mariños e a biodiversidade. A perda desta actividade tería efectos negativos inmediatos sobre comunidades enteiras, comprometendo o emprego, a cohesión social e a sustentabilidade ambiental. O equilibrio entre control e flexibilidade é clave. A normativa europea debe contemplar a heteroxeneidade das frota, recoñecendo que unha esixencia uniforme non é viable para todos. A frota artesanal precisa regras adaptadas ao seu

“A normativa actual constitúe un perigo latente e tanxible para a pesca costeira”

tamaño, ás súas capacidades técnicas e ao seu contexto operativo. A flexibilidade regulatoria permitiría que os pescadores cumpran cos obxectivos do Regulamento sen que a carga administrativa ameace a súa subsistencia. En conclusión, a recente flexibilización anunciada polo Goberno español é un alivio temporal, pero non resolve o problema estrutural. A pesca de baixura enfróntase a un regulamento desproporcionado que ameaza a súa supervivencia. A clave para o sector reside nunha reforma do Regulamento de Control baseada na proporcionalidade, mantendo os obxectivos de trazabilidade e sus-

tentabilidade, pero adaptando a súa aplicación á realidade da frota artesanal. A urxencia é evidente e real: sen unha acción decidida, o risco de abandono do sector e a desaparición da frota van da man. A mensaxe do sector é clara: non se trata de eludir o control, senón de garantir que sexa xusto, práctico e adaptado á realidade de quen dependen do mar para vivir. A pesca costeira de baixura debe ser protexida mediante normas que sexan efectivas e sostibles, pero tamén proporcionais e coherentes coa capacidade operativa dos pescadores artesanais. Só así se pode asegurar a supervivencia dun sector esencial para España, preservando emprego, cultura e biodiversidade mariña. A regulación europea ten un obxectivo lexítimo: garantir a sustentabilidade e a transparencia do sector pesqueiro. Pero a ferramenta que hoxe se aplica ameaza a quen traballa en condicións máis vulnerables. A adaptación normativa non é un capricho, senón unha necesidade estratéxica para a pesca costeira de baixura. É un chamamento a actuar con urxencia, responsabilidade e proporcionalidade para que a normativa sirva ao sector e non ao revés. España conta con argumentos sólidos para liderar esta reivindicación ante Bruxelas. Cunha frota artesanal numerosa e un litoral extenso, ten a responsabilidade e a capacidade de defender un regulamento que recoñeza as diferenzas entre a pesca industrial e a artesanal, que respecte a proporcionalidade e que garanta a sustentabilidade dos recursos sen comprometer a supervivencia do sector. A acción coordinada do sector, xunto cun respaldo institucional firme, pode marcar a diferenza e asegurar que a pesca costeira continúe sendo un motor social, económico e ambiental para as comunidades costeiras. En síntese, a pesca de baixura afronta un momento crítico: a flexibilización temporal deu un respiro, pero o verdadeiro desafío é reformar o Regulamento de Control con proporcionalidade. Adaptar a normativa á frota artesanal non é unha concesión, é unha estratexia para garantir a sustentabilidade, a seguridade xurídica, a preservación do emprego e o mantemento da vida costeira. Ignorar esta necesidade suporía poñer en risco todo o que fai que a pesca costeira sexa esencial para España: un sector vivo, sostible e capaz de xerar riqueza e benestar nas comunidades que dependen do mar.

MAR

Expomar e a Xunta reforzan a súa alianza para dinamizar a economía azul

A Consellería do Mar e a Fundación Expomar avanza no fortalecemento da súa colaboración de cara ao ano 2026, cunha folia de ruta centrada na promoción do sector marítimo-pesqueiro, a formación especializada e a difusión do coñecemento vinculado ao mar. Así se puxo de manifesto na reunión mantida pola conselleira do Mar, Marta Villaverde, con representantes da entidade con sede en Burela.

Durante o encontro analizáronse as principais actividades que Expomar ten previstas para o vindeiro exercicio, facendo fincapé no seu papel como plataforma de transferencia de innovación, intercambio de experiencias e reforzo da competitividade dun sector clave para a economía galega. A conselleira destacou a traxectoria da fundación como espazo de referencia para o diálogo entre profesionais, empresas, administracións públicas e axentes sociais ligados ao ámbito marítimo.

Villaverde subliñou a relevancia de iniciativas xa consolidadas no ca-

lendario anual de Expomar, como as Xornadas Técnicas, o Encontro Empresarial, a feira Produart ou o Día do Orgullo Mariñeiro, que contribúen a promover o consumo de produtos do mar, a poñer en valor o traballo do sector e a visibilizar o seu peso estratéxico no desenvolvemento económico e social de Galicia.

Na xuntanza tamén se abordou a incorporación de novas propostas orientadas á divulgación cultural e á valorización do patrimonio mariñeiro, así como a continuidade da colaboración institucional que a Consellería do Mar mantén coa fundación desde hai máis dunha década.

A Fundación Expomar desenvolve desde 1998 unha intensa actividade centrada na dinamización do sector náutico-pesqueiro galego, organizando ao longo do ano eventos de carácter técnico, empresarial, divulgativo e cultural. Este traballo consolidouna como un dos principais puntos de encontro e reflexión arredor do mar en Galicia.

O pincho de Burela proxéctase como estrela gastronómica

A Merluza do pincho de Burela foi a protagonista da presenza galega no Congreso Internacional de Gastronomía Madrid Fusión, onde a Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela e distintos chefs amosaron a calidade e versatilidade deste produto. No posto de Galicia, a chef estrela Michelin Lucía Freitas realizou un showcooking-degustación con dúas creacións: “Merluza do pincho de Burela con salsa meniere afumada” e “Merluza do pincho de Burela con fabas de Lourenzá e caldeirada”, ambas maridadas con viños DO Rías Baixas. Estas preparacións demostraron o sabor único e a textura excepcional da merluza, así como a súa capacidade de combinarse con distintos ingredientes galegos.

Ademais, no IV Campionato Oficial Tapas e Petiscos, a tapa “Ostras, ¡Qué Merluza D& Burela!”, elaborada polo cociñeiro José Luis Pardo, destacou



como trampantojo creativo: pescada cociñada a baixa temperatura, galleta de tinta de lura, gazpacho de gilda e aire de carabineiro, chegando á final entre as seis mellores tapas do país.

Estas accións en Madrid permitiron poñer en valor a excelencia da merluza de Burela, consolidando a súa reputación no ámbito gastronómico nacional e reforzando a importancia do produto local no mercado *gourmet*.

O PSOE alerta da falta de delegado de Mar e Pesca

O PSOE de Viveiro e da Mariña manifestou a súa preocupación pola situación que vive a provincia de Lugo, que leva xa dez meses sen delegado ou delegada de Mar e Pesca. Este cargo, clave para o funcionamento do sector e para garantir unha interlocución directa coas confrarías e profesionais do mar, continúa baleiro, o que provoca graves prexuízos para o servizo público nun territorio con gran relevancia pesqueira.

O PSOE lembra que a anterior responsable deste posto é hoxe alcaldesa de Viveiro e que durante a súa etapa á fronte da Delegación, sendo concelleira na oposición, o cargo chegou a empregarse como trampolín político, trasladando reunións institucionais fóra do Concello para garantir visibilidade política. A actual situación evidencia, segundo os socialistas, o risco de que o cargo siga a tratarse como unha ferramenta partidista, en lugar de atender ás necesidades reais da frota mariñeira e da comarca.

O PSOE esixe o nomeamento inmediato dun delegado cualificado, con compromiso institucional, que poña fin ao uso partidista.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 80 01
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97
BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05
BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policia Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53
CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policia Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policia Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12
LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29
MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policia Local:	982 50 70 40
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62
PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00
RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policia Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43
RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00
VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12
VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51
VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policia Local:	982 56 29 22
Policia Nacional	982 56 17 11
Policia Nacional cita DNI	060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01
XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062



www.amariñaxa.com

DE RUTA EN RUTA

Natureza e fauna no corazón da Serra de Meira

Un percorrido que conecta o nacemento do río Miño co río Eo, destacando fervenzas, bosques autóctonos e diversidade de especies

A ruta Miño-Eo comeza no Pedregal de Irimia, considerado o quilómetro cero, onde nace o río Miño. Trátase dunha senda que percorre unha paisaxe de gran diversidade natural, con variacións de altitude que van desde os 875 metros no alto da Serra de Meira ata os 175 metros na zona da Treita, xunto ao río Eo. Esta diferenza de alturas permite contemplar panorámicas únicas, onde se distingue a diferenza entre as dúas ladeiras da serra e se aprecia a riqueza da flora e fauna locais. Ao longo do percorrido é frecuente atopar animais salvaxes e domésticos que habitan estes espazos, como cabalos e vacas do monte, raposos, corzos, lebres e xabarís. Ademais, a variedade de aves é notable, incluíndo perdices, corvos, pegas e outras especies que fan da ruta unha experiencia atractiva para afeccionados á natureza, á observación da fauna e á fotografía de paisaxes. A combinación de alturas, vales e bosques ofre-

ce tamén unha gran diversidade de sons e cores, desde o murmurio do vento entre as árbores ata o canto dos paxaros, creando unha sensación de contacto directo co medio natural. Un dos puntos máis destacados é A Mexadoira, unha fervenza de aproximadamente 15 metros de altura situada no Rego de Murias. A baixada ata este recuncho require especial atención debido á dificultade do terreo, pero o esforzo compénsase coa bele-

za e tranquilidade do lugar. Nas proximidades, xunto ao río Eo, coñecido polos seus bancos de troitas e pola abundancia de salmóns, atópase a antiga central eléctrica da Treita, que engade un atractivo histórico á visita. No tramo final, no Estreito, obsérvase unha gran variedade de especies arbóreas e arbustivas, como carballos, castiñeiros, bideiros, nogueiras, cerdeiras, piñeiros e acevos, que ofrecen un mosaico de verdes caracte-

rístico da xeografía galega. Estes bosques permiten gozar dun percorrido sombreado e enriquecen a experiencia natural. A ruta está ben sinalizada mediante frechas, sinais e paneis informativos. Existe a posibilidade de acurtala mediante dous percorridos circulares máis curtos e un atallo sinalizado despois da fervenza. Trátase dunha ruta lineal, con opción de facela circular engadindo catro quilómetros, accesible a pé, en bici-

cleta de montaña ou a cabalo. Desde Meira, pola CP-3003 xunto á igrexa, ata o Pedregal de Irimia hai aproximadamente 2,5 quilómetros con aparcadoiro para vehículos, facilitando o acceso ao inicio da ruta. Esta senda combina natureza, biodiversidade e patrimonio, converténdose nunha proposta ideal para explorar o medio rural galego e gozar dunha xornada completa de sendeirismo nunha contorna privilexiada.



DATOS



5 horas



17,2 quilómetros



Dificultade media

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA





GRUPO FORMAT

formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605